



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 30

Sesión plenaria
20 de novembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-g3UHZ6Vw-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 2233 (12/PNP-000261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e oito deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe ás unidades de reprodución asistida do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

4.2 9051 (12/PNP-000788)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que constitúa a Comisión Mixta de Transferencias e materialice o traspaso dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar o litoral da comunidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

4.3 11047 (12/PNP-000915)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e sete deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da política contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 19.09.2024

4.4 13499 (12/PNP-001117)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe promover co obxectivo de mellorar a situación e a atención das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 106f1, do 23.10.2024

4.5 13849 (12/PNP-001156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións e medidas que o Goberno galego debe impulsar co obxecto de establecer un marco global de loita no ámbito da violencia contra as mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f1, do 05.11.2024

4.6 13960 (12/PNP-001173)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a demanda ao Goberno galego das modificacións oportunas das bases reguladoras das prestacións que reciben as vítimas de violencia de xénero co fin de adaptalas en 2025 á suba media do IPC nos últimos dous anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 120, do 22.11.2024



Punto 5. Interpelacións

5.1 3691 (12/INT-000248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón e dous deputados/as máis

Sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 28f1, do 22.05.2024

5.2 12942 (12/INT-000567)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e dous deputados/as máis

Sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 102f2, do 17.10.2024

5.3 13806 (12/INT-000607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e catro deputados/as máis

Sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 14376 (12/POPX-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o nivel de eficacia das políticas do Goberno galego na loita contra a violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

6.2 14377 (12/POPX-000024)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a calidade da democracia en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 7811 (12/POP-001075)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre o cumprimento das obrigas contidas na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024



7.2 14348 (12/PUP-000054)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis**

Sobre o continxente de emerxencias mobilizado pola Xunta de Galicia para apoiar as persoas afectadas polas inundacións en Valencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

7.3 14353 (12/PUP-000055)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre o grao de transparencia que ofrece o Goberno galego para a fiscalización da súa xestión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024

7.4 13897 (12/POP-002062)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a repercusión que terá para a cidadanía a aplicación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

7.5 8380 (12/POP-001374)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que se refire á construción en 2025 de centros de día para maiores na Costa da Morte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f3, do 22.08.2024

7.6 13883 (12/POP-002060)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante as queixas que se veñen producindo respecto da xestión do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f2, do 05.11.2024

7.7 13977 (12/POP-002076)**Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre o tratamento orzamentario da Xunta de Galicia á provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº115f3, do 13.11.2024

7.8 11035 (12/POP-001738)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Deza Martínez, María e oito deputados/as máis**

Sobre as medidas postas en marcha para o fomento do alugueiro accesible incluídas no Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88f1, do 20.09.2024



7.9 14371 (12/PUP-000056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina

Sobre a coordinación entre a Consellería de Educación e o Sergas para que sexa efectiva a atención educativa das pacientes e dos pacientes ingresados na Unidade de Saúde Mental Infantoxuvenil do Hospital Álvaro Cunqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Alteración da orde do día

Pregunta de D. Óscar Insua Lema e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que se refire á construción en 2025 de centros de día para maiores na Costa da Morte. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Insua Lema (BNG). (Páx. 12.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Insua Lema (BNG). (Páx. 14.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 15.)

Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante as queixas que se veñen producindo respecto da xestión do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 16.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 17.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 18.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e sete deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da política contra a violencia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 20.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 21.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Castro Rey (S) (Páx. 23.) e Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 26.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Ojea Bouzo (M). (Páx. 28.)

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 31.)

O señor presidente diríxese á señora Castro Rey (S) para lle solicitar que retire un xesto que pode atentar contra a dignidade dunha persoa. A señora Castro Rey (S) aclara o significado do xesto, acepta retiralo e, pola súa vez, pide a palabra con base no artigo 76 para facer unha aclaración por alusións. (Páx. 32.) *A señora Arias Rodríguez (P) tamén intervén para aclarar esta cuestión.* (Páx. 33.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as actuacións e medidas que o Goberno galego debe impulsar co obxecto de establecer un marco global de loita no ámbito da violencia contra as mulleres. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 33.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 33.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 39.) e *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 41.).

A señora Castro Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a demanda ao Goberno galego das modificacións oportunas das bases reguladoras das prestacións que reciben as vítimas de violencia de xénero co fin de adaptalas en 2025 á suba media do IPC nos últimos dous anos. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 46.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 47.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 49.) e *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 52.).

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 55.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as actuacións que o Goberno galego debe promover co obxectivo de mellorar a situación e a atención das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA). (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 59.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 60.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 65.) e *Sra. Carreira Pazos (BNG)* (Páx. 66.).

A señora Longueira Castro (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 68.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe ás unidades de reprodución asistida do Sergas: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que constituía a Comisión Mixta de Transferencias e materialice o traspaso dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar o litoral da comunidade: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e sete deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da política contra a violencia de xénero: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

A señora Amigo Díaz (P) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por puntos da proposición non de lei presentada pola señora Longueira Castro e a señora Espinosa Mangana (S). (Páx. 72.) *A señora Longueira Castro (S) non acepta esta solicitude.* (Páx. 72.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as actuacións que o Goberno galego debe promover co obxectivo de mellorar a situación e a atención das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA): *rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

O señor presidente dálle a palabra á señora Castro Rey (S) para que explique o acordo ao que se chegou na proposición non de lei presentada por ela. (Páx. 72.)

A señora Pérez López (P) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Castro Rey (S), que é aceptada. (Páx. 73.)

Votación dos puntos 1, 2, 3, 5, 6, 10 e 11 do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as actuacións e medidas que o Goberno galego debe impulsar co obxecto de establecer un marco global de loita no ámbito da violencia contra as mulleres: *aprobados por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación dos puntos 4, 7, 8 e 9 do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as actuacións e medidas que o Goberno galego debe impulsar co obxecto de



establecer un marco global de loita no ámbito da violencia contra as mulleres: *rexeitados por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) pide a palabra e intervén para indicar que acepta a emenda presentada polo G.P. dos Socialistas de Galicia á proposición non de lei presentada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Presas Bergantiños (BNG) e a Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 75.).

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a demanda ao Goberno galego das modificacións oportunas das bases reguladoras das prestacións que reciben as vítimas de violencia de xénero co fin de adaptalas en 2025 á suba media do IPC nos últimos dous anos: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Declaración institucional

O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación co día de hoxe, 20 de novembro, no que se celebra o Día Mundial da Infancia, que se aproba por asentimento. (Páx. 75.)

Interpelación de D. José Ramón Gómez Besteiro e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 77.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 84.)

Interpelación de D^a Iria Taibo Corsanego e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 94.)

Interpelación de D^a Monserrat Valcárcel Armesto e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG).* (Páx. 96.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez).* (Páx. 99.)

Réplica da autora: *Sra. Valcárcel Armesto (BNG).* (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez).* (Páx. 103.)



Suspéndese a sesión ás tres horas e once minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento das obrigas contidas na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. .)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 106.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 108.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o continxente de emerxencias mobilizado pola Xunta de Galicia para apoiar as persoas afectadas polas inundacións en Valencia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 110.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 112.)

Pregunta de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de transparencia que ofrece o Goberno galego para a fiscalización da súa xestión. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 113.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Sra. Iglesias Rey (S).* (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 116.)

Pregunta de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre o tratamento orzamentario da Xunta de Galicia á provincia de Ourense. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 117.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 118.)

Réplica do autor: *Sr. Ojea Bouzo (M).* (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 120.)

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a repercusión que terá para a cidadanía a aplicación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 1223.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 123.)

Réplica do autor: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 124.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto).* (Páx. 125)



Pregunta de D^a María Deza Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas postas en marcha para o fomento do alugueiro accesible incluídas no Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 126.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 127.)

Réplica da autora: *Sra. Deza Martínez (P)*. (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Alle-gue)*. (Páx. 129.)

Remata a sesión ás cinco e catorce minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, e facémolo coas alteracións que se comentaron no día de onte. Entón, comezamos coa pregunta.

Pregunta de D. Óscar Insua Lema e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que se refire á construción en 2025 de centros de día para maiores na Costa da Morte

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor INSUA LEMA: Grazas, presidente.

Bos días, conselleira.

A Orde do 18 de abril do 1996 define os centros de día como «equipamentos destinados á atención diúrna de persoas maiores con perda da súa autonomía, física ou psíquica, que, residindo nos seus propios fogares, precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social». E a Orde do 13 de febreiro de 2024, pola que se regulan as axudas ás casas dos maiores, define estas como fórmulas destinadas «a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida das persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada, grao 1,» —así está—, «así como persoas maiores sen dependencia como recurso de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal».

Quería lembrarlle estas definicións do que é un centro de día e do que é unha casa do maior, para que quede claro, por se ten que reflexionar e modificar a contestación que debe ter feita xa hai días. Dígoo porque eu voulle falar de centros de día; non de casas dos maiores, senón de centros de día públicos. Non hai centros de día públicos nin en Fisterra, nin en Cee, nin en Dumbría, nin en Camariñas, nin en Muxía, nin en Carnota —bueno, en Carnota había un e pechárono vostedes hai anos—, nin en Vimianzo, nin en Zas, nin en Corcubión. Bueno, en Corcubión si que temos un edificio rehabilitado hai dez anos con fondos do Concello e da Deputación, sen un duro da Xunta de Galiza e que está esperando a que a Consellería de Política Social ou o consorcio o poñan en funcionamento; porque se nega sistematicamente dende hai dez anos a poñelo, coa complicidade dos políticos da Costa da Morte, que calan como Judas.

Ben, na nosa comarca de Fisterra, Soneira e Carnota perdemos nos últimos anos 10.000 habitantes. ¡Dez mil habitantes! Agora mesmo somos 41.472 persoas, das cales 13.406 son maiores de 65 anos; o 32 por cento da poboación ten máis de 65 anos. E a porcentaxe de prazas residenciais establecida a nivel internacional sitúase no cinco por cento, co cal nós tiñamos que ter 670 prazas residenciais.



E, se sabe algo de xeografía... Xa digo: non me veña falar aquí de datos doutras comarcas coma Bergantiños ou coma Muros. Fáleme do que pregunto: comarcas de Fisterra, Soneira e Carnota. As preguntas son claras. E repito: non me fale das casas do maior, porque aquí non poden ir os dependentes de grao severo e de grandes dependentes, 2 e 3.

¿Cantos centros de día públicos vai construír a Xunta na Costa da Morte no 2025 para solucionar definitivamente este problema? ¿Vai aproveitar a Xunta o edificio de Corcubión —xa construído— para abrir un centro de día e poñer 22 prazas xa dispoñibles no 2025? ¿Considera o Partido Popular que as persoas dependentes de grao 2 e 3 teñen que quedarse nas súas casas e teñen que ser coidados polos seus familiares? ¿É esa a condena do Partido Popular para as familias da Costa da Morte, que non teñen centros de día para levar os seus maiores?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidente. Deputadas e deputados, moi bos días.

Señor Insua, o Goberno galego leva moitos anos poñendo o foco na atención e no coidado de todas as persoas maiores de Galicia. Estamos dándolles os coidados que necesitan para que poidan desfrutar desta nova etapa das súas vidas onde desexen e como desexen, pero tamén cada vez achegando máis recursos e máis servizos a todos os recunchos de Galicia.

Precisamente este obxectivo enmárcase dentro dese plan de investimentos. Un plan de investimentos que a Xunta de Galicia está a desenvolver da man dos concellos, para poñer á disposición de todas as familias de Galicia 650 novas prazas públicas de atención residencial e de atención diúrna. Un impulso histórico que lle estamos dando á, xa de por si, ampla rede de centros residenciais e de centros de atención diúrna que temos para todas as persoas maiores na nosa comunidade. Pero mire, un plan de investimentos que non é exclusivo da Xunta de Galicia, senón que é un plan de investimentos que elaboramos xunto cos concellos, e elaborámolo da man da Fegamp. Unha Fegamp coa que acordamos os criterios de valoración e tamén seleccionamos todos os proxectos que resultaron deste plan de investimentos.

Polo tanto, estoulle falando, señor Insua, dun plan compartido entre a Administración autonómica e entre todos os concellos de Galicia dende a súa orixe. Un procedemento que foi totalmente transparente e que se publicou no *Diario Oficial de Galicia*. Polo tanto, non hai ningún tipo de discriminación dende a Xunta de Galicia a esa comarca. Pero, ademais, non é certo que a Costa da Morte careza de servizos.

E mire, eu, por suposto, voulle falar das casas do maior. E voulle falar das casas do maior porque son recursos que a Xunta de Galicia, con fondos propios, está poñendo á disposición de todas as familias e de todas as persoas maiores nesa comarca. (*Aplausos.*) A vostede, señor



deputado, non lle gustarán este tipo de recursos, pero ás familias e ás persoas maiores si. Mire, onde antes non había nada, agora hai dezasete casas do maior; como vostede ben sabe, pequenos espazos de atención diúrna integramente financiados pola Xunta de Galicia, que lle custan cero euros ao concello e que lle custan cero euros a todas as persoas usuarias. Mire, casas do maior na comarca: concellos de Camariñas, de Carnota, de Laxe, de Muxía —teñen dúas casas do maior cada un deles—, en Cee hai outra casa do maior, en Ponteceso outra casa do maior, catro casas máis están en Mazaricos e tres máis están en Coristanco.

En canto ao centro de día de Corcubión, construído polo Concello, estaría exactamente na mesma situación que outros centros de día que dependen da corporación municipal. Voulle pór algún exemplo: o Concello de Lousame ten o seu propio centro de día que xestiona; o concello de Porto do Son, o seu propio centro de día que xestiona; ou tamén o Concello de Malpica, que vai xestionar ese centro de día. Soamente por citar tres centros nesta provincia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Insua.

O señor INSUA LEMA: Bueno, vexo que vostede non me fixo caso; é dicir, non me respondeu. ¿Que facemos coas persoas de grao 2 e de grao 3 na Costa da Morte que non poden ir a esas grandes casas do maior que di vostede?

Bueno, como xa imos coñecendo aquí neste Parlamento, vostede debe ter outra resposta na réplica cargada de contrargumentos de politicallada inútil que non vai interesar a ninguén. Xa o veremos despois.

Mire, a miña avoa faleceu este agosto con 88 anos, con demencia e sen poder ir a un centro de día. A miña outra avoa de Fisterra, que aínda vive, ten 89 e non pode ir a un centro de día; tamén con demencia. E a miña sogra vive en Dumbría e non pode ir a un centro de día, tampouco, e está con grao 3 de dependencia. E así centos de persoas da Costa da Morte, que non teñen como levar eses dependentes de grao 2 e grao 3 a un centro de día, porque non existen. (*Aplausos.*) ¡Porque non existen!

Mire, a xente non quere excusas; está cansa de que vostedes se dediquen a culpabilizar a todo o mundo: aos de Madrid etcétera etcétera. A xente a vostedes deulles unha maioría para gobernar; pero tamén para gobernar na Costa da Morte, para dar solución e non para sentarse aí no sillón inventando argumentos para escusarse. Porque levan anos gobernando con moita labia, pero sen feitos.

Voulle dicir unha cousa, moi acaída estes días: negar os centros de día é unha forma de violencia; é unha forma de maltrato ás persoas dependentes de grao 2 e 3 que non teñen onde ir; e é unha forma de maltrato ás familias, que sofren porque están desesperadas porque non teñen solucións para poder levar os seus tíos, os seus avós e os seus pais sen ter que deixar o seu traballo.



Nótase que vostede parece que nunca sufriu ningunha destas situacións, porque parece que mostra bastante pouca sensibilidade; polo menos cos dependentes de grao 2 e 3 da miña comarca. E ten vostede unha oportunidade de reverter esta situación facendo unha emenda parcial, unha autoemenda, nos orzamentos deste ano 2025: abrir o centro de día de Corcubiión e tamén crear outro centro de día.

Mire, está nas súas mans acabar co maltrato aos dependentes da miña comarca. Asuma que goberna e busque os cartos onde sexa, porque para iso os votaron, para dar solucións; non para mirar os problemas.

E xa remato... *(O señor Insua Lema pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Insua, terminou o seu tempo. *(O señor Insua Lema pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas. Xa non se escoita. Grazas.

Turno de peche desta pregunta, conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Mire, señor Insua, teno moi fácil para poñer o centro de día de Corcubiión en marcha, un centro de día de titularidade municipal: fale vostede co alcalde e dígalle que poña en marcha ese centro de día, como fan outros concellos da provincia. *(Aplausos.)* Fale vostede co alcalde. Se o concello... *(O señor Insua Lema pronuncia palabras que non se perciben.)* Non me berre, que estou no turno, señor deputado.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Silencio, señor Insua, ¡Señor Insua, silencio, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Non fai falta que me berre, que aquí todos podemos falar con educación. *(Aplausos.)*

Se o Concello de Corcubiión pon en marcha o seu centro de día, asegúrolle que despois estará a Xunta de Galicia dándolle esas axudas e esas prestacións a todas as persoas maiores para que poidan acudir a ese centro de día no seu concello.

Mire, señor deputado, vostede non pode falar aquí de maltrato, porque se alguén maltrata Galicia ese é Goberno central que vostedes apoian. *(Protestas.)* *(Aplausos.)* Un Goberno central que non cumpre coa lei. Un Goberno central que nos debe moitos millóns de euros cada ano; e con eses millóns de euros que nos debe nós poderíamos continuar abrindo cada vez máis centros de atención diúrna e máis centros de atención residencial. Ese Goberno, precisamente, que vostedes apoian é ao que lle teñen que continuar insistindo que cumpra ese fantástico pacto para apoiar co cincuenta por cento e cumprir a Lei de dependencia que tanto nos debe.

Pero mire, dende a Xunta de Galicia imos continuar, vostedes queiran ou non, co noso camiño; continuar creando cada vez máis servizos e dándolles máis oportunidades a todas as persoas.



Mire, coñezo moi ben a xeografía galega, porque a pateo e a recorro todos os días; creando cada vez máis centros, máis casas do maior, máis casas niño, máis residencias por toda Galicia e dándolle máis prestacións a todas as persoas maiores para que poidan ser coidadas onde eles desexen — nun centro residencial, nun centro de atención diúrna ou, por suposto, tamén nas súas casas, se ese é o desexo de cada persoa maior— con ese bono coidado no fogar de 5.000 euros ao ano. Porque nós cremos na liberdade de cada persoa maior de elixir como e onde quere facerse maior.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Ramón Tomás Fernández Alfonzo e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a postura da Xunta de Galicia ante as queixas que se veñen producindo respecto da xestión do Centro de Atención á Discapacidade Souto de Leixa, de Ferrol

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Bon día a todos e a todas.

E bon día, señora conselleira.

Xa ve que non temos problema en adaptarnos ás necesidades da súa axenda. Voulle pedir algo de reciprocidade; mais non para o BNG, senón para un grupo de familiares de persoas residentes no Souto de Leixa que teñen solicitada unha reunión coa directora xeral de Discapacidade desde hai un mes e a única resposta que reciben é que hai problemas de axenda. Voulle pedir algo fácil: comprométase agora a recibir esas persoas antes de que remate este mes. Déanos, por favor, ese compromiso.

En todo caso, hai unha serie de cuestións que nos gustaría que nos contestase. A primeira é que pasa coas inspeccións. Explícome. En varias das respostas que recibimos da Xunta ás nosas preguntas dinnos que nos anos 2019, 2020, 2021 e 2022 non se tramitou ningún procedemento sancionador nin existe proposta de inspección neste sentido. Noutras respostas dinnos que o centro recibe inspeccións periódicas; a última realizada no mes de marzo deste ano, na que non se observaron irregularidades no seu funcionamento. Repito —e cito literal—: «non se observaron irregularidades no seu funcionamento». Cando as persoas que coñecen o centro saben disto, non poden acreditar que sexa certo; ninguén, absolutamente ninguén que coñeza o funcionamento do centro Souto de Leixa pode crer que as inspeccións de servizos sociais da Xunta de Galiza non atopen irregularidades neste centro. A lista sería interminábel, pero voulle poñer algún exemplo.

Sobre as infraestruturas, as obras que veñen de rematar no centro quedaron mal, quedaron mal portas e xanelas, quedaron mal os baños, sempre hai varios fóra de servizo e hai zonas nas que xa hai pingueiras de novo. Vostede nos dirá se isto é unha irregularidade ou non.



Sobre a atención médica, o psiquiatra vai cada seis meses, a última vez fixo sesenta consultas en dúas horas, dous minutos por consulta. A día de hoxe non hai persoal de enfermería, que antes había en cada quenda, con múltiples e importantes funcións, entre outras a de levar e asinar un rexistro das persoas que non toman a medicación. Agora, por falta de profesionais, eliminaron o rexistro, para non deixar constancia de quen está a realizar estas funcións, e o certo é que é un problema grave neste centro, porque non son poucas as persoas residentes que non toman a súa medicación.

O número de coidadoras é insuficiente. Non temos tempo agora para discutir se a empresa cumpre o *ratio* coidadoras/residentes que establecen os pregos de contratación; nós entendemos que non se cumpren. Mais, se despois de catorce anos non hai expedientes abertos contra a empresa, temos que dar por suposto que algunha interpretación estraña fan vostedes en sentido contrario. Mais, aínda aceptando que cumpren o *ratio* de coidadoras, despois de catorce anos de incidentes moi graves por falta de persoal, un goberno responsábel aumentaría esas exixencias de persoal.

Preguntámonos, señora conselleira: ¿que opina a Inspección da Xunta das deficiencias nas infraestruturas? ¿Que opina da deficiente atención médica? Ou ¿que opina das continuas agresións que sofren tanto o persoal do centro como as persoas residentes?; agresións moi graves, ás veces de carácter sexual, que a dirección do centro normaliza dun xeito absolutamente intolerábel.

Resumindo, señora conselleira: as persoas residentes no centro Souto de Leixa viven nunhas condicións moi lonxe...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...pero que moi lonxe de ser minimamente dignas. ¿Pode explicarnos como é que a Xunta non ve nada irregular? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Señor deputado, bos días de novo.

Mire, fala vostede da falta de persoal, fala vostede do mal servizo que se presta no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Souto de Leixa. Mire, o Servizo de Inspección dos Servizos Sociais de Galicia, que depende da Consellería de Política Social e Igualdade, supervisa diariamente a calidade asistencial que se presta en todos os centros de servizos sociais da nosa comunidade, entre outros, por suposto, o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa. Supoño, espero e desexo que vostede hoxe non estea cuestio-



nando a profesionalidade de todos os funcionarios públicos que dependen deste centro e estes servizos de inspección por parte do Goberno galego.

Porque, mire, nestes servizos de inspección, nestas visitas de inspección inspecciónase o servizo prestado, inspecciónase as *ratios* de persoal e tamén se constata cada día, cando se fai unha visita, o benestar de todas as persoas usuarias. (*Murmurios.*) Señor deputado, es-toulle dicindo que non cuestione a profesionalidade de todos os servizos de inspección da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Mire, a última visita de inspección que realizaron a este centro foi o pasado 2 de setembro. Nesa visita de inspección non se constatou ningún incumprimento na prestación deste servizo. Eu pódolle asegurar hoxe, e sempre, que, se se constata calquera tipo de problema cando se fai unha visita de inspección, por suposto que os servizos de inspección actúan, como o veñen facendo sempre.

Pero, mire, para continuar mellorando o benestar de todas as persoas usuarias que forman parte dese Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Souto de Leixa, dende o mes de setembro ata agora pois vimos realizando distintas obras de mellora, e imos continuar facéndoas, por un importe de 1,1 millóns de euros. Puxemos tamén en funcionamento ese vaso terapéutico, para que todas as persoas usuarias poidan realizar actividades de lecer, pero tamén fisioterapia que necesitan dentro da auga.

E, dende logo, nunca lles imos dar as costas a todas as persoas con discapacidades, senón que mantemos firme o compromiso con todas as persoas con discapacidade, firme ese compromiso coas súas familias, e imos continuar traballando neste ano 2025 co maior orzamento da historia destinado a persoas con discapacidade, con máis de 180,6 millóns de euros, para continuar mellorando sempre a súa calidade de vida.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Verá, por descontado que non cuestionamos a profesionalidade dos servizos de inspección, o que cuestionamos son as directrices que reciben da consellería, (*Aplausos.*) porque, se non, é imposible o que está pasando alí, ¡imposible!

Esta dramática situación dos servizos e a inacción da Xunta de Galiza deron lugar á constitución dunha plataforma cidadá en defensa dos dereitos das persoas residentes no Souto de Leixa, chamada agora Souto, que foi presentada en público o pasado 12 de xullo deste 2024. Desta plataforma fan parte algunhas familias das persoas residentes no centro, fai parte o comité de empresa, diferentes entidades sociais de Ferrol do ámbito da discapacidade e o propio BNG. E non imos deixar de denunciar publicamente o que alí acontece até que a Xunta de Galiza tome medidas para garantir os dereitos básicos e a dignidade de todas as persoas que, por falta de mellores alternativas, teñen que vivir alí, persoas con dereitos, coma vos-



tede e coma min, que teñen que vivir alí porque non teñen outra opción, porque non teñen familia ou porque as súas familias non poden facerse cargo deles e delas.

Por certo, queríamos facerlle outra pregunta: ¿que pasa coa Funga, señora conselleira? ¿Como pode ser posible que tampouco a Funga denuncie esta situación? Nin a empresa Clece nin a Funga nin a Xunta están cumprindo coa súa obriga de garantir unha vida digna a estas persoas. Todo o contrario, parece existir un acordo tácito para mirar para outro lado e cubrirse mutuamente, como se a vida destas persoas non importase o máis mínimo. E non o imos consentir, non imos parar até involucrar toda a sociedade da comarca de Ferrol na defensa dos dereitos básicos das persoas residentes no Souto de Leixa.

Este centro presta un servizo público esencial e non descansaremos até conseguir que se preste nas debidas condicións. Comece por recibir as familias e por darlles as debidas explicacións de en que situación está ese proceso de licitación que está en marcha ou paralizado —non sabemos—. Queremos dignidade para as persoas residentes no Souto de Leixa, nin máis nin menos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Política Social e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Mire, señor deputado, eu pídlle un pouco de seriedade. E tamén lle pido, unha vez máis, ese respecto que merecen todos os funcionarios que forman parte dos servizos de inspección da Xunta de Galicia, porque nunca recibiron nin reciben instrucións nin ordes por parte de ninguén, nunca. *(Aplausos.)*

E mire, dende a Consellería de Política Social e Igualdade reunímonos en distintas ocasións con todos os familiares de moitas persoas usuarias dese Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Souto de Leixa. E nesas reunións tivemos a ocasión de coñecer de primeira man e de trasladarlles de primeira man que o vindeiro ano este centro de Souto de Leixa será xestionado por unha entidade social, é dicir, por unha entidade sen ánimo de lucro, que vai continuar velando pola calidade asistencial e pola prestación da mellor forma deste servizo que merecen e que reciben todas as persoas con discapacidade.

Pero, ademais de garantir a continuidade deste servizo, imos continuar mellorando a calidade asistencial, imos continuar mellorando todas as instalacións que forman parte deste centro de Souto de Leixa, porque —como lle dicía— o compromiso da Xunta de Galicia e do Goberno coas persoas con discapacidade é firme e demóstrase ano tras ano con máis orzamento, con máis servizos, con máis prestacións e, por suposto tamén, con máis centros en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos. Retomamos a orde do día. Continuamos coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e sete deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da política contra a violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España a necesidade de:

- 1. Renovar o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, co fin de ampliar o seu campo de acción e afrontar outras formas de violencia (dixital, vicaria, económica, pornografía...)*
- 2. Seguir incorporando ao sistema VIOGEN novos items que melloren a seguridade das vítimas.*
- 3. Continuar coa tramitación parlamentaria do Anteproyecto de Ley Orgánica Integral contra a trata e a explotación de seres humanos aprobado polo Consello de Ministros o pasado 8 de marzo 2024. Incluindo na definición de trata de seres humanos a adopción ilegal, a explotación da xestación subrogada (en coherencia coa reforma da nova Directiva de loita contra a Trata de Seres Humanos aprobada polo Parlamento Europeo o 23 de abril de 2024), a explotación da prostitución allea, a pornografía e outras formas de explotación sexual (...).»*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno de España e trasladarlle a necesidade de:

- 1. Acelerar o cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero naqueles aspectos aínda non desenvolvidos, singularmente aqueles que teñen que ver coas reformas do Código Penal ou da*



Lei de Enxuízamento Criminal e as referidas á introdución real de criterios non pechados nas ordes de afastamento, renovar o pacto para ampliar as súas medidas e incorporar medidas específicas contra a violencia vicaria ou dixital así como impulsar un novo marco plurianual de financiamento.

2. *Revisar os erros do sistema Viogén e a insuficiencia de medidas de protección a partir das seguintes medidas:*

a) *fomentar a elaboración de informes forenses de valoración de risco complementarios aos policiais*

b) *estender mecanismos de geolocalización do agresor a partir daqueles casos con valoración de risco medio.*

3. *Aprobar unha lei orgánica contra a trata e a explotación de seres humanos e acordar coas comunidades autónomas un marco conxunto de traballo e financiamento e se mellore o Protocolo Marco de Protección das Vítimas de Trata de Seres Humanos coa experiencia acumulada.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, comezabamos o pleno onte co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, dando conta das medidas do Goberno galego a favor da igualdade e contra a violencia de xénero, co anuncio ademais de que Galicia elaborará o vindeiro ano unha lei contra a violencia dixital; será a primeira lei galega contra a violencia dixital e tamén a primeira lei do Estado. E continuabamos onte pola tarde tamén falando de igualdade e volverémolo facer hoxe nunha boa parte da mañá, todo iso aproveitando a semana próxima ao 25-N, unha conmemoración que aproveitamos para darlles máis visibilidade aos efectos dramáticos da violencia de xénero e absolutamente intolerables, así como ás medidas para combatela.

E somos moi conscientes de que a loita contra a violencia de xénero non é cousa nin dun día nin dunha semana, nin dun mes, é un traballo continuo e constante que require unidade. E, por certo, paréceme tremendamente grave que nunha semana como esta dende esta Cámara se fagan acusacións de violencia de xénero sen presentar ningún papel. Esas acusacións non se fan no Parlamento; se alguén ten constancia delas, a súa obrigaición é levalas ao xulgado. Máis seriedade se require, por favor, aos señores deputados e ás señoras deputadas. *(Aplausos.)*

En Galicia somos referentes en igualdade e contra a violencia de xénero, somos referentes en materia lexislativa coas leis contra a violencia de xénero e de igualdade máis avanzadas e progresistas do Estado, e agora damos un paso máis —como dicía— coa primeira lei de violencia dixital, e somos tamén pioneiros en prevención e en asistencia ás vítimas.

Pero empezaba a miña intervención dicindo —e diciámolo onte, dicímolo sempre— que ningunha institución illada pode loitar contra esta lacra. A nivel estatal, a pedra angular contra a violencia de xénero é o Pacto de Estado, que marca as liñas xerais para todas as institucións e, dende aí, para as distintas entidades, asociacións e mesmo sociedade en xeral.



O Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobouse no ano 2017 e inclúe medidas en todos os ámbitos. Foi o resultado de intensas negociacións parlamentarias nos diferentes grupos de traballo. Galicia, ao igual que as demais comunidades autónomas, foi convocada a expoñer as súas propostas no Senado e trasladamos unha posición consensuada de todos os grupos do Parlamento. Tras un ano de comparecencias e negociacións entre os diferentes grupos, aprobouse en decembro de 2017 nas Cortes Xerais, iso si, sen o apoio de Podemos e a súa órbita, a quen Sánchez logo lles deu as políticas de igualdade. O valor deste acordo do Pacto de Estado reside na propia idea que o sustenta: a violencia machista é un asunto de Estado e, polo tanto, loitar contra ela debe implicar a todas as forzas políticas, a todas as administracións públicas e a toda a sociedade. *(Aplausos.)*

O Pacto de Estado inclúe dez eixos, que se concretan en duascentas noventa medidas, para mellorar a resposta do Estado contra a violencia de xénero, das que cen lles corresponden ás comunidades autónomas, e cun período de vixencia de cinco anos, que rematou hai xa dous. É dicir, dous anos despois non se ten producido ningún movemento por parte do Estado para renovallo, e ademais cun balance de cumprimento que consideramos que é moi pobre, moi triste, xa que, segundo os datos de seguimento do propio Pacto de Estado, só se ten cumprido o 60 por cento das medidas que lle corresponderían ao Estado. Non ocorre así coa parte autonómica, onde a Xunta executou un total de noventa e seis medidas, o que supón un grao de cumprimento do 96 por cento, e puxo en marcha douscentos proxectos.

Galicia non só cumpre co acordado, senón que vai máis alá e implementamos dúas medidas que non estaban asignadas ás comunidades autónomas e que están relacionadas coa cooperación internacional, financiando proxectos para previr a violencia de xénero e a trata de persoas nos campos de refuxiados no Congo e en Uganda.

Pero botamos en falta unha autocrítica por parte do Goberno do Estado e unha maior implicación real. Por iso pedimos o apoio unánime da Cámara para acordar que o Goberno do Estado renove o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que leva conxelado dende o ano 2022, e que se incorporen medidas específicas contra a violencia vicaria e tamén contra a violencia dixital; algo sobre o que en Galicia xa temos lexislado, sendo unha das primeiras comunidades en facelo.

Galicia inclúe a violencia dixital como violencia de xénero dende o ano 2021, pero ten que ser o Goberno do Estado quen poña en marcha os mecanismos que permitan modificar o Código penal co fin de perseguir axeitadamente estes delitos.

Isto é o que reclamamos dende Galicia, pero tamén é o que vén reclamando insistentemente a presidenta do Observatorio contra a Violencia de Xénero, Ángeles Carmona.

Xunto a esta renovación, dende Galicia, a Xunta e tamén o Grupo Popular levan tempo pedindo que se revisen de forma urxente os erros do sistema Viogén, para mellorar o sistema de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos, ao tempo que pedimos máis transparencia.



Pedimos ademais nesta iniciativa que se promulgue dunha vez por todas unha lei orgánica contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual; unha lei que non só reclamamos nós, unha lei que reclaman todas as organizacións non-gobernamentais expertas na materia, incluída a Rede galega contra a trata. Unha vez máis, Galicia vai un paso por diante e aprobou xa no ano 2022 o primeiro Plan galego contra a trata, e en colaboración coa Rede galega, con medidas de prevención, sensibilización e prestacións. Dende un ano antes coa modificación da lei galega do 2021 inclúese na mesma aos casos de trata.

Ademais, en Galicia, as vítimas de violencia sexual, con independencia de que o agresor sexa ou non parella da vítima, considérase violencia de xénero, seguindo así de forma escrupulosa o Convenio de Istambul. Por este motivo, as prexudicadas teñen garantidas aquí asistencia xurídica gratuíta durante todo o proceso xudicial, mentres no Estado non son capaces de poñerse de acordo nin sequera entre vostedes mesmos, entre os que gobernan.

Eu hoxe veño aquí co afán e co interese de que as medidas as tomemos por unanimidade. Traemos a xenerosidade do Partido Popular, e estamos seguros e confiamos en ter tamén a xenerosidade de todos os grupos políticos para que as medidas que hoxe tratamos a favor da igualdade e na loita contra as vítimas de xénero sexan aprobadas por unanimidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Señora Arias, non o sei moi ben, pero aclarará vostede na réplica a quen se refería con estas acusacións da violencia de xénero. Nós unicamente acusamos de violencia de xénero ese concelleiro de Vilanova de Arousa, que foi condenado por pegarlle á súa moza na rúa e que vostedes volveron readmitir no seu grupo municipal por entender que tiña unha conduta exemplar. (*Aplausos.*) Foi a única acusación que fixemos.

A verdade é que a min me sorprendeu moitísimo esta iniciativa cando a lin por primeira vez, e pensei: cantos son e que pouca capacidade de traballo teñen; porque é o dito ese de que «canto menos traballo tes, menos fas». (*Murmurios.*) E non ría, señor Trenor, porque vostede igual non leu esta iniciativa, pero é que á redacción desta iniciativa non lle dedicou a persoa que a redactou nin cinco minutos, e creo que exaxero. Mesturan cousas, unha mensaxe coloquial; ben, coloquial non, usan unha mensaxe totalmente simplona, cunha falla de respecto total. Pero é que incluso para abreviar palabras falan vostedes dun «plan anti-trata», un *plan antitrata* para referirse ao Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, que pretende ser un plan para a detección e protección das vítimas de trata, e que vostedes resumen nun «plan antitrata». ¿Pero que é iso? ¿Que é esa lixeireza e banalidade para falar dunha das formas máis cruentas de explotación sexual?



Logo, dan falsos datos, menten, terxiversan as cifras, a realidade das afirmacións que realizan. A verdade, a min o que me pide o corpo é pedirilles que retiren esta proposición, que a redacten ben, de forma seria, adaptada ao cargo que asumimos cada unha e á responsabilidade que temos, cun asesoramento previo, e logo nós seguramente votaremos a favor.

Pero como seguramente non o vaian facer, nós propoñémoslles nunha emenda unha redacción alternativa, unha redacción feita con respecto á seriedade e á responsabilidade que merecen as políticas de loita contra a violencia de xénero. E así onde vostedes din «renovar o Pacto do Estado, que está conxelado», pois nós propoñemos unha renovación máis seria, como é «renovar o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, co fin de ampliar o seu campo de acción e afrontar outras formas de violencia: a vicaria, a dixital, a económica ou a pornografía». Porque, ademais, señora Arias, como creo que vostede non está informada polas manifestacións que fixo, ese pacto xa está en trámites de ser reformado. Se non me escoita pois tampouco estará actualizada coas informacións. Está en trámites de ser reformado, xa existen reunións nas mesas do Congreso e do Senado para tramitalo, e a idea é que ao final do ano estea xa renovado.

Menten tamén cos datos. Non está conxelado, está cumpríndose dende o ano que se aprobou, dende o ano 2017, con moitas medidas, o Pacto do Estado. Polo pronto, o Goberno do Estado xa cumpriu duascenas oitenta e oito das duascenas noventa medidas, o 96,8 por cento das medidas, señora Arias. ¿Pódeme escoitar para ter ben os datos? O 96,8 por cento das medidas do Pacto de Estado xa están cumpridas ou en proceso; apunte ben a cifra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Non é certo. No 2023 incrementouse en 140 millóns de euros o diñeiro ás comunidades autónomas. A previsión é que no 2024 sexan 160 millóns de euros.

E onde vostedes din «revisar os erros do sistema Viogén á hora de valorar os riscos», nós temos unha redacción moito máis responsable, que é «seguir incorporando ao sistema Viogén novos ítems que melloren a seguridade das vítimas».

Miren: o que fixo onte a conselleira foi unha total irresponsabilidade. Unha persoa que ostenta un cargo de xestión, como é a conselleira de Igualdade, que diga que esas 5.668 mulleres galegas que están dentro do sistema Viogén non están protexidas, é unha mensaxe perigosísima, perigosísima para esas mulleres, e tamén é unha falla de respecto total, e merecen unha desculpa todos eses membros das forzas e corpos de seguridade do Estado, que traballan os trescentos sesenta e cinco días do ano, as vinte e catro horas do día, para protexer esas mulleres. *(Aplausos.)* Así que merecen unha desculpa, tanto as mulleres como elas, como o sistema xudicial e o sistema policial que as defenden e que as protexen.

E ben é certo que ese sistema pode ser mellorado. ¿Como non? Claro que si, nós tamén asumimos que ten que contemplar novos ítems e que ten que mellorar e ten que mellorar os recursos económicos e os recursos persoais para que non haxa nin unha soa vítima. Pero vostede, señora Arias, creo que non coñece ben o que é o sistema Viogén; igual debería pasar vostede polas comisaría ou por algún xulgado de vez en cando para saber como funciona isto.

Vostede, e a conselleira creo que tamén, ¿por que fala dunha ferramenta artificial? ¿Que cre?, ¿que debe ser un can, un gato, unha persoa? Claro que é unha ferramenta artificial. É un



sistema de valoración dun risco, que son formularios de valoración policial onde se van mettendo datos que responden a unhas preguntas e valórase o risco en: non apreciado, baixo, medio, alto ou extremo, e segundo iso ponse un tipo de medida. E despois vostede di que non é transparente. ¿Pode aclararme a que se refire con iso tamén? Non, non o entendo.

Dende o 2019 mellorouse o Viogén, establecéronse novos ítems como o risco de reincidencia, a potencial letalidade, incluso comezou a contemplarse a posibilidade dos menores que tamén se atopan en risco, polo tema da violencia vicaria, e foi mellorado o protocolo. Aprobáronse por primeira vez os comités de crise, que se producen cando hai máis de cinco asasinatos, e analízanse polo miúdo cada un deles. E agora, dende o día 22 de outubro, está a funcionar o novo sistema Viogén II, que introduce esa coordinación interinstitucional da que falabamos, porque a coordinación institucional aquí é clave. Non podemos deixar só ao sistema policial ou xudicial a detección dos casos de violencia de xénero, porque é moi importante introducir outros ollos.

Falaba onte do exemplo do sistema de saúde, cos fillos que, por exemplo, acoden ao pediatra, ou as mulleres ao médico; o sistema escolar tamén, ou os servizos sociais. Todos eles son portas de entrada para a detección. Hai moitas alertas; polo tanto, necesitamos moitos ollos. Pero para iso ¿que fai falla? Uns servizos públicos fortes e con persoal formado, cousa pola que o Partido Popular non aposta.

E en relación co terceiro punto, o terceiro punto, que xa non hai por onde collelo, falaba vostede do anteproxecto de lei orgánica contra a trata de explotación sexual e de impulsar o mesmo. ¡Vostedes!, que en dous anos non fixeron nin unha medida, señora Arias. ¿Pódeme dicir unha medida que aplicaron do Plan de trata de Galicia do ano 2022? ¿Que medida? ¿A cantas mulleres conseguiron sacar da trata da prostitución nestes dous anos? ¿Pode darme ese dato? Porque as oenegués que traballan no terreo din que non fixeron nada, que o plan quedou no papel, que non hai ningunha medida implementada polo Goberno do Partido Popular.

E nós propoñemos continuar coa tramitación orzamentaria. Para que vostede saiba, porque creo que igual tampouco o sabe, o pasado 8 de marzo do 2024 saíu do Consello de Ministros aprobado este anteproxecto de lei. Xa pasou á fase de alegacións públicas e agora vai iniciar a súa tramitación parlamentaria. Nós cremos que hai que darlle un pulo urxente, cremos que é urxente esa tramitación para loitar contra a explotación sexual, penalizar os consumidores de prostitución, as prestacións das vítimas, o delito de terzarías locativas, distribución ou difusión pública a través da Internet, e condenar tamén os contidos que inciten á comisión destes delitos, á publicidade refírome.

Porque en España hai 114.576 mulleres detectadas como vítimas en situación de explotación sexual e prostitución; moitas máis, seguro. ¿En Galicia? En Galicia non o sabemos. Non o sabemos por que o Partido Popular aprobou o primeiro Plan *antitrata* sen ter nin sequera un balance de a que situación nos enfrentamos. Esta é a seriedade coa que vostedes ían tomar este asunto.

Nós, o Partido Socialista e o PSdeG, entendemos un compromiso total coa loita contra a trata e a prostitución. Como dicía onte, para nós son dúas formas, dúas caras da mesma moeda.



Vostedes por lástima afastáronse dese camiño, e apartan agora a prostitución da trata, abandonando todas esas mulleres que están a ser explotadas sexualmente, ás que non podemos ter contabilizadas en Galicia, porque nin se dignaron a facer un informe.

Polo tanto, nós o que lles pedimos dende aquí é unanimidade, pero unanimidade para loitar contra a violencia de xénero que sofren todas as mulleres, a violencia sexual das mulleres prostituídas tamén, e unanimidade para aprobar todas esas iniciativas, non só a do Partido Popular senón tamén a do Bloque Nacionalista Galego, que pide incremento das prestacións económicas, e a nosa, que pide deberes tamén á Xunta no que ten que ver coas súas competencias, e aprobar as tres iniciativas por unanimidade, xa que todos debemos estar unidos en fronte da violencia de xénero e para loitar contra a ela plenamente.

Moitas grazas. Xa vexo que van votar todas por unanimidade. (*Aplausos.*)

(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Empeza a mañá con forza, e imos ver, señora Arias, en que queda iso da xenerosidade do Partido Popular. Eu tómolle a palabra, e tamén lle digo que desde o Bloque Nacionalista Galego vimos debater esta iniciativa e todas as do resto do día con espírito de xenerosidade, pero habitualmente os que somos os do «si» e votamos maiormente todas as proposicións non de lei afirmativamente tendemos a estar máis neste outro lado da bancada, (A señora Presas Bergantiños *sinala coa man esquerda cara á bancada esquerda do hemiciclo.*) pero nunca é tarde para rectificar e para vir aos consensos, señora Arias.

Ben, vaia por diante que nós desde o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta iniciativa, pero vaia por diante tamén unha cuestión que eu xa avanzaba no debate de onte. Eu teño que lamentar que o Partido Popular habitualmente en todos os temas, pero singularmente neste, se parapete na política estatal, que se parapete no Goberno do Estado e nas cuestións de ámbito estatal, cando están gobernando un país e teñen unha serie de competencias exclusivas que permiten, en concreto nesta cuestión da violencia machista, actuar. A min gustaríame que se hai tanta vontade de xenerosidade do Partido Popular, dese Partido Popular que nos pediu confianza na nova estrutura da Xunta, que hoxe puidésemos debater propostas concretas que pode mellorar o Goberno galego e sobre as que podemos achegar melloras.

En todo caso, iso podería amosar unha certa vontade de intentar consensuar medidas coa oposición. E onte falábase de realismo, pero eu creo que o problema do realismo, e que esta iniciativa demostra, non é o realismo que teñamos desde a oposición á hora de facer as propostas, senón o conformismo que ten o Partido Popular á hora de non elevar o nivel de de-



bate, non traer propostas ambiciosas, nin no que atinxe as súas competencias nin tampouco no ámbito do Estado. E, lamentablemente, esta iniciativa eu creo que tamén peca un pouco de falta de ambición, vouno deixar aí, que xa se fixo aquí o comentario de texto detallado.

Pois ben, nós non queremos caer niso. Desde logo, entendemos que o que nos corresponde é sermos exixentes, sermos exixentes co marco galego e sermos exixentes tamén co ámbito estatal. E gustaríame tamén aproveitar esta iniciativa, xa que noutras ocasións aproveitan vostedes as réplicas e xa non temos ocasión, para insistir en que nos gustaría que desde logo no que queda de lexislatura fixeran un esforzo, tamén cara ao ámbito do Estado, para que poidamos consensuar medidas desde Galiza, como sempre fixemos, como sempre fixo este Parlamento. E para iso deberían fuxir vostedes un pouco desa matraca de acusarnos non se sabe ben de que respecto da violencia sexual.

Eu volvo dicir nesta cámara: o BNG está onde sempre estivo, do lado das mulleres, do lado das vítimas e do lado dos avances. E non imos pasar porque se nos acuse e se nos atribúa a responsabilidade dunha minoría da xudicatura que aplicou unha lei de forma perversa para xerar un dano enorme. Nós, desde logo, poden seguir vostedes con esa matraca. Nós estamos moi orgullosos de termos colaborado en corrixir o Código penal da Manada, que dicía que unha violación múltiple era un mero abuso porque a vítima non se resistira, e de ter impulsado avances nese sentido. (*Aplausos.*)

E xa lles digo que nos produce a súa demagogia carroñera a mesma reacción que cando nos acusan de terroristas. Pois dános bastante pena, por como se degrada o debate no Parlamento galego, prodúcenos bastante noxo en xeral, pero non nos aparta nin un milímetro do que defendemos e das nosas prioridades, que é traer propostas en positivo e construtivas para mellorar. E iso é o que facemos coa nosa proposta de emenda. Entendemos que aquí se tocan cuestións que son importantes da competencia estatal. Entendemos que tamén en materia de violencia machista é importante a defensa do autogoberno, que hai moitas cuestións que hoxe son de dependencia estatal, en parte porque non quixeron vostedes desenvolver aspectos do noso Estatuto nin tampouco leis que xa se promulgaron neste Parlamento, como, por exemplo, a constitución dunha policía propia neste país. Iso que o Partido Popular no seu día defendía, iso que recolle o noso propio Estatuto, que tampouco é a declaración unilateral de ningún tipo, pero que o Partido Popular xa pasou de defendelo a directamente facer demagogia con iso.

Eu recordo a última campaña electoral: «*Ana Pontón quiere expulsar a la Guardia Civil de Galicia*» e outros titulares semellantes, ou: «*El Bloque quiere una Ertzaintza*». Miren: é que no Estado español incluso Canarias ten unha policía de seu, e non se rompeu España. (*Aplausos.*) E permitiría, por exemplo, poder ter un corpo máis unificado, unha formación máis apegada ao territorio etcétera. E iso mesmo aplicado a outros ámbitos da xustiza nos que poderíamos avanzar tamén en materia de autogoberno.

En todo caso, nós estamos dispostos a chegar a acordos nesta cuestión. Presentamos unha emenda de substitución para mellorar a redacción e o texto. No primeiro punto o que propoñemos é acelerar efectivamente a renovación do pacto, pero tamén o cumprimento —falabámolo onte— do pacto de 2022 e todos aqueles aspectos que están pendentes desde o



ámbito do Estado, e para moitos, especialmente aqueles que requiren de reforma do Código penal ou da Lei de axuízamento criminal, pois aí realmente o Partido Popular ten unha responsabilidade tamén numérica e de peso no ámbito do Estado. Polo tanto, póñanse as pilas aí nese sentido. Nós estaremos aí, estaremos tamén do lado da demanda dun marco plurianual de financiamento que continúe o vixente, que aínda remata afortunadamente no 2027, e que cando menos ata ese ano teremos vixente.

En segundo lugar, concretamos a necesidade de revisión de Viogén, e insistimos: hai que fomentar a elaboración de informes forenses, de valoración de risco complementarios aos policiais. Un programa informático pode axudar, pero non pode nin debe decidir todo. É necesario que se complementen eses mecanismos, tamén hai que apostar por estender os mecanismos de xeolocalización do agresor a partir daqueles casos que teñen xa valoración de risco medio, para facer todo o posible e que non aconteza o que leva pasando moitos anos, que é que moitas mulleres que están dentro do sistema de protección igualmente acaban coa súa vida.

En terceiro lugar, concordamos coa necesidade de aprobar unha lei orgánica contra a trata e a explotación de seres humanos. A nós gustaríanos —e xa o temos defendido e falado neste Parlamento— que houbese tamén unha lei específica en Galiza dentro do ámbito das nosas competencias, pero é certo que hai moitos aspectos que son de competencia estatal e que hai incluso unha dinámica de trata que, evidentemente, extralimita os nosos límites. Pero tamén dicimos que aí no ámbito da trata é fundamental avanzar nese marco lexislativo, porque incluso o propio informe Grevio, que avalía o cumprimento de Istambul por parte do Estado español, sinala que un dos problemas dos plans de loita contra a trata é que non se lles dá rango de lei e que, polo tanto, non é obrigatorio o seu impulso en moitos aspectos.

E isto que valla como reflexión sobre que, en xeral, cremos que hai que seguir insistindo en que o Estado español, e Galicia que contribúa, avance no cumprimento do convenio de Istambul, que sinala aínda moitas deficiencias na atención ás vítimas de violencia sexual, moitas deficiencias tamén na atención a colectivos especialmente revitimizados e vulnerabilizados, como a poboación migrante e a poboación que está no rural, ou cuestións tamén como a propia prostitución, tendo en conta que o Estado español é un dos terceiros países da nosa contorna que máis prostitución consome.

Polo tanto, os retos son maiúsculos. Nós imos estar no consenso desta iniciativa, como non podería ser doutra maneira, pero pedímoslle a quen goberna que eleve un pouco o nivel, que eleve a exixencia e que faga o que teña que facer que considere que é xusto para as vítimas de violencia machista, e que exixa, non que espere a ver canto lle deixan exixir desde a súa dirección de Génova.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.



O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

A min, sen ningunha intención de sentar cátedra neste asunto, para nada, o que si me gustaría sería compartir con vostedes algunhas reflexións a teor do que escoitamos onte e o que se fala sempre sobre este tema, e máis que solucións vou tratar de compartir con vostedes unhas reflexións. Todos vostedes pertencen a partidos que teñen representación no ámbito estatal, e este é un problema ao que incluso o ámbito estatal lle queda curto, porque o problema do machismo ten un substrato cultural, antropolóxico, histórico etcétera, e efectivamente é unha cuestión maiúscula, como se acaba de dicir.

A primeira reflexión que me vén á cabeza. Vou ter pouco tempo, pero como imos seguir falando deste tema máis veces, pois seguramente poderei compartilas todas. Vostedes, ¿non sei se recordan a historia da pena de morte? A pena de morte noutros séculos executábase de forma pública. Facíase así porque se pensaba que cando a xente vira que se condenaba alguén á forca, á guillotina ou a outras formas de execución pública ían escarmentar. Pensaban e dicían: que vexan o que lles pode pasar se cometen asasinatos, ou se rouban, ou se tal..., e entón imos facer a execución pública na praza pública, e así van escarmentar. Pois a experiencia histórica foi que o que conseguían era o efecto contrario: a xente acudía a aquelas execucións por morbo, chegaba a ser mesmo unha atracción turística, aparecían por alí vendedores ata de xeados. E o que fixo foi á sociedade peor, porque incrementaba o grao de irracionalidade, de morbosidade etcétera, ata que as autoridades se deron conta de que aquela non era a maneira de combater a criminalidade, e a partir daquel momento as execucións de pena de morte foron —digamos— non públicas, senón en mazmorras e en sitios onde a xente non podía acudir, ata que finalmente pouco a pouco, como todos vostedes coñecen, se aboliu, ou polo menos neste país, noutros aínda segue en vigor. Esa é a miña primeira reflexión: que as intencións non son suficientes, e coñecer o mecanismo da mente da xente é complicado. Non vou aportar nada máis ca iso de momento, unha reflexión.

A segunda reflexión, abundando na dimensión enorme do problema que temos que abordar, é unha reflexión que fago moitas veces cando leo na prensa as noticias das mortes de mulleres. Moita xente deste país lemos ou o len a prensa nos bares, e de paso o que le a prensa pois sempre está alguén ao lado que comenta as noticias. Ben, eu non sei se a vostedes lles leva pasado o mesmo, pero eu en moitísimas circunstancias nos bares que leo ou se comenta unha noticia deste tipo, que loxicamente o periodista ou o editor a redactou de xeito de intentar concienciar etcétera, os comentarios que escoito, normalmente de homes, é: «bueno, bueno, carallo bueno, igual lle facía falta, igual merecía máis». Xa me entenden. Quero dicir que ese é un feito real, é un feito real. Entón, non se consegue nada. Quero dicir: parece que eses tres, catro ou cinco cabaleiros que comentaron iso saen do bar aínda máis convencidos dos valores machistas. Non sei se transmito a idea.

¿Que quero dicir con isto? Que os medios, ao mellor, non sei como, o Estado ou as normativas ao mellor... Pasa tamén co tema dos suicidios, pois saben vostedes que os suicidios teñen un tratamento particular nos medios de comunicación segundo teño entendido, porque ás veces pois hai que facelo así por motivos que todos vostedes entenden. Entón, o tratamento dos



medios destas cuestións, ao mellor pois habería que legislar, ou ao mellor habería que facer un estudo, ou ao mellor habería que controlar a maneira en que se tratan estes temas e como se redactan as noticias. Polo que digo, polo efecto, polo dato empírico que eu teño, e seguro que todos vostedes tamén teñen, de que cando se len esas noticias, se fan este tipo de comentarios, e polo tanto eu párome a pensar e digo: non se consegue nada.

Moitas destas campañas —volvendo aos temas e ás campañas de concienciación— a min recórdanme as campañas antidroga, que convencen os convencidos, porque o que se trata—e xa digo que non dou solucións, estou sinxelamente compartindo reflexións porque o tema é complicado— é de convencer os que non están xa convencidos, porque os que estamos convencidos desde hai moitos anos, esas campañas parécenos moi ben, aplaudímolas, dicimos que boas, pero, claro, non sabemos o efecto que teñen nos que non están convencidos, ao mellor conseguen o efecto contrario, como dicía antes da pena de morte. E, desde logo, o que temos que ter na cabeza é que se deben de conseguir resultados. Moitas veces pénsase que sinxelamente incrementando os orzamentos nesta clase de campañas, que se van conseguir máis resultados, o que temos que buscar é a eficiencia. O outro día lía un artigo, que seguramente tamén o leron vostedes, do señor Barreiro Rivas, que escribe en *La Voz de Galicia*, e falaba tamén un pouco isto, da eficiencia no gasto dos cartos públicos, e non soamente na evolución do montante global que se dedica.

E temos unha batalla cultural importante, e teño aquí outra cuestión para plantexarlles, e estou seguro de que todos vostedes coñecen a canción de Tom Jones *Delilah*, estou seguro que todos coñecen, pero non sei cantos de vostedes se pararon a ler a letra, a letra orixinal en inglés. Se vostedes non a leron, léana porque é un caso de morte machista; lean a letra desa canción. ¿Que quero dicir con iso? Non soamente esa canción *Delilah* de Tom Jones, tamén *El preso número 9*, e se nos metemos nas cancións mexicanas, xa non digamos. E se nos metemos nas películas de Humphrey Bogart etcétera, pois podemos encontrar infinidade de machismos ou micromachismos ou como lles queiran chamar. Ladrillos nesa construción cultural sobre o machismo, que é o que imos ter que combater, e que ademais agora cos medios dixitais —como se acaba de dicir— son verdadeiros faros de difusión dos valores machistas.

E unha última reflexión, que aínda teño máis, pero como imos falar máis veces. A violencia machista, aínda que se centra fundamentalmente na violencia contra as mulleres, é un tipo de violencia que abarca máis ca iso. E dígoo porque non se falou. Cando un home ataca outro, xa non digo de matalo, que ás veces tamén, porque sae coa súa ex ou tal, ese home tamén está sufrindo violencia machista. ¿Por que? Está sufrindo unha violencia porque parte da concepción do agresor de que a muller é del, ou sexa, que é un obxecto da súa posesión; entón, ataca a quen quere posuílo.

Entón, á parte tamén de que son vítimas de violencia machista os rapaces, a violencia vicaria, quero dicir que nos atinxe a todos. Non porque sexamos potencialmente vítimas de agresión machista todos teñamos que loitar contra ela. Temos que loitar contra ela por unha cuestión xa puramente moral, intelectual, etc. Pero é que temos que concienciarnos de que a violencia machista afecta a sociedade no seu conxunto.



Ben, teño aquí máis cousiñas que dicir, pero efectivamente vai tratarse o mesmo tema desde diferentes ópticas. As leis normalmente o que son é reactivas, van a deshora, castigalo e tal, pero, como dicía cando falaba da pena de morte, é difícil asegurarse de que iso sexa realmente disuasorio nos actos futuros.

Tamén xa adianto que votarei a favor das diferentes mocións que se instarán hoxe sobre ese tema. Oxalá valera de algo, espero que si.

De momento, nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora Castro, está claro que hoxe vostede non ten unha boa mañá, as vítimas non se merecen intervencións como a que hoxe vostede fixo aquí, (*Aplausos.*) precisamente para falar deste tema, precisamente neste día. Vostede hoxe parapetouse nese refrán que di que non hai mellor defensa que un bo ataque. E mire, dígolle unha cousa: en canto aos insultos persoais, nada lle vou contestar, creo que non merece a pena (*Aplausos.*) Pero, no que ten que ver coa defensa ás vítimas, si o vou facer, e o sistema Viogén non está funcionando, e recoñéceo ata o Partido Socialista en Madrid, pero vostede agora apúntase á nova moda de Sánchez, que vai negociar con Vox en Europa, e vostedes xa agora é igual que Vox, o único que non aprobou a reforma do sistema Viogén. (*Aplausos.*)

Mire, teñan coidado, porque o PSOE xa está indo cada vez a máis e corre serio risco de converterse no Vox de Galicia, cero representantes na Cámara galega como vostedes sigan así, cero representantes. (*Murmurios.*) E, se o sistema Viogén é tan bo, pode vostede preguntar por que Lugo non se sumou a ese sistema, nin antes nin agora; pode vostede preguntar.

Señora Castro, nós o que queremos é un plan integral contra a trata, non o que vostedes presentan, un plan que deixa as mulleres soas, sen alternativas; iso é o que nós non queremos.

Señora Presas, mire, nós somos o Partido Popular, somos o partido da palabra, non somos como vostedes, que xa de tanto pactar con Sánchez parece que se acaban sumando tamén a esa idea de que hai que cambiar de opinión continuamente.

Porque, mire, lendo o programa do Bloque, que lin atentamente, aquí di: facer efectiva a creación dun corpo galego de Policía e que progresivamente asuma as funcións que actualmente teñen atribuídas as forzas e corpos de seguridade do Estado. Non somos nós os que din que queren sacar a Garda Civil, son vostedes. O que pasa é que era unha proposta electoral da que parece que xa se olvidaron. (*Murmurios.*)

En fin, nós estamos dispostos a chegar a acordos coas propostas que vostedes presentaron. Mire, tan os do non non somos, porque xa tivemos unanimidade no 48 por cento das pro-



postas que PSOE e BNG presentaron en pleno e no 68 por cento en comisión. Eu vou facer o posible para que hoxe cheguemos tamén a esa unanimidade. E agradecer ao señor Ojea que teña xa dito que nos ía apoiar.

O que está claro é que todas as políticas contra a violencia de xénero e a favor da igualdade de Sánchez foron un verdadeiro fiasco, todas, e esperemos que rectifique, porque mire, a lei máis gravosa para as mulleres foi a Lei do só si é si, aprobouna Sánchez co apoio do BNG, que nin sequera a quixo rectificar.

Todas as outras leis, como a Lei trans, a Lei de paridade, todas acabaron facendo dano ás mulleres. Pretendíase protexelas e o que se lles fixo foi maior dano. Nós en Galicia seguiremos loitando contra a violencia machista, que implica deseñar e poñer en marcha medidas eficaces, que é o que estamos a facer cuns orzamentos que multiplican por tres os que tiña o Bipartito nesta materia e que subiron un 10 por cento respecto dos do ano pasado; nesa liña seguiremos.

E agora falamos desas posibles transaccións para chegar a unha unanimidade, que nós estamos dispostos a acadar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Eu ía falar diso agora, porque eu non o vin, comentáronme un xesto, comenteillo á vicepresidenta, e díxome que houbo un xesto feito por parte de vostede que dalgunha maneira atenta á dignidade dunha persoa. Entón, eu pídlle se pode desculparse, ou, se non, tería que facelo eu, polo feito de que ese é un asunto que me corrobora que foi certo.

Doulle a palabra.

A señora CASTRO REY: Señor presidente, eu retíroo, pero despois, cando se resposta ás preguntas, dígalle tamén á señora conselleira, á señora Lorenzana, que tamén o retire, porque fixo o mesmo xesto onte. Eu o que quería dicir era que era delirante dicir o Partido Popular que agora Vox era o noso aliado.

Pero eu o que quería pedirlle era tamén con base no artigo 76.1, en relación cunha alusión totalmente inexacta que dixo a señora Arias, que dixo que eu tivera unha descualificación persoal en relación con ela. Eu non fixen ningún tipo de descualificación persoal. Polo tanto, quería que me aclarara cal, porque iso non é certo, é unha inexactitude.

O señor PRESIDENTE: Eu tampouco a percibín, pero ao mellor haina. Non o sei. ¿Cal é? (*Murmurios.*) ¿Cal é? Si, hai que consultar, se non eu non sei. Ao mellor o que eu non percibo non quere dicir que non o perciba así unha deputada ou un deputado. ¿Cal é o insulto persoal?

Déanlle voz ao escano da señora Arias.



A señora ARIAS RODRÍGUEZ: A señora Castro, entre outras cousas, dixo que o Grupo Popular, e eu concretamente, que presentaba esta iniciativa, somos uns vagos, que non miramos as propostas e que non facemos o noso traballo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Iso, crúzanse ás veces... *(Murmurios.)* Iso téñeno que coidar vostedes, porque eu tamén escoito moitas veces: lean ben. ¡Home!, suponse que os deputados teñen que ler ben. Ou: concéntrense. Ben, iso xa depende do que diga cada un. Teñan coidado todos coa linguaxe que utilizan, é o mellor que poden facer.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as actuacións e medidas que o Goberno galego debe impulsar co obxecto de establecer un marco global de loita no ámbito da violencia contra as mulleres

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Substituír o texto do punto 8 polo seguinte:

<<8. Apertura inmediata dos cinco centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual previstos en Galiza, e inicio das actuacións pertinentes para garantir que no 2025 se integrará este recurso no sistema público de prevención e atención de violencia machista mediante a xestión directa.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

A verdade é que eu non emitín ningún tipo de insulto persoal, simplemente dixen que teñen que coidar máis a redacción das súas iniciativas. Pero ben, é un consello, é unha suxestión, se cadra pode tomala ou non, ou polo menos desa iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Non entremos niso.

A señora CASTRO REY: Eu ía empezar e vou empezar a miña intervención nomeando a Humberto González Rodríguez. Humberto González Rodríguez é o último asasino machista galego. A pasada semana presuntamente asasinou —o último presunto asasino machista, mellor dito—, o último presunto asasinou machista a semana pasada asasinou a súa exparella, constituíndo esta a cuarta muller asasinada en Galicia este ano.



Porque quero comezar así porque estou farta, estou farta de que nos medios de comunicación aparezan sempre os nomes das vítimas asasinadas, e aínda por riba expostas, cando a quen hai que sinalar co dedo é ao asasino e poñerlle rostro e nome, e por iso quería comezar así a miña intervención.

E, despois, vou continuar facendo unha aclaración, porque tamén estou farta e moi aburrida de que o Partido Popular aproveite sempre as réplicas para que nós non poidamos falar das mentiras e de como terxiversan unha lei como é a Lei de garantía contra a integridade sexual, unha lei que o único que fai é cumprir o que se acordou no Convenio de Istambul, a protección das vítimas de violencia sexual, poñer o foco no consentimento, que ata agora non estaba e a carga da proba recaía na vítima dunha violación ou dunha agresión sexual; e sobre todo unha lei grazas á cal temos esa prestación en Galicia, derivada do Goberno do Estado, para as vítimas da agresión sexual e grazas á cal temos moitas cousas, entre outras eses centros de crise 24 horas que se van implantar nas diferentes cidades galegas.

E si que é verdade, e non vou ser eu a que dea a cara por un erro terrible, un erro terrible nunha horquilla penal que se ampliou, ata o punto de que permitiu revisar algunhas condenas á baixa, as máis altas, porque a irretroactividade das disposicións sancionadoras favorables non permitiu incrementar as altas pero si ao mellor reducir as máis baixas, pero que non é certo que puxo os violadores na rúa. Un erro que lle vou dicir que cometeu unha ministra ao mellor por soberbia; iso teríamos que falalo aquí e dá para moito falar iso. ¿E cal foi a consecuencia de non admitir ese erro? Que foron as urnas a que a puxeron no sitio onde está agora mesmo.

Hai outras persoas que cometeron uns erros terribles, unha falta de dilixencia que causou 200 mortos e segue presidindo a Generalitat valenciana, (*Murmurios.*) e non teñen ningún tipo de remordemento por iso e ningún tipo de asunción da culpa, e seguramente, como eles non o van admitir, (*Aplausos.*) serán as urnas as que os poñan no seu sitio cando sexa preciso.

Porque xa estou farta de mentiras, e todos os políticos somos persoas e podemos equivocarnos, e máis cando xestionamos, pero o importante é admitir os nosos erros e actuar en consonancia.

E, polo tanto, imos seguir falando da violencia de xénero, e falamos do asasinato desta muller, da última muller en Galicia, e o asasinato ao final é a última posesión, o último termo desa violencia, desa disposición e dese control sobre a vida das mulleres. E pode ser algo espontáneo, pero o habitual é que sexa consecuencia de moito tempo exercendo o maltrato e sufrindo o maltrato psicolóxico ou físico.

En Galicia hai unha media de 19 denuncias ao día, unha cifra terrible, inasumible, e neste primeiro semestre pedíronse 448 ordes de protección nos xulgados galegos. Ditáronse 588 sentenzas, das cales case o 84 por cento foron condenatorias.

Cada vez son máis os recursos —iso creo que o compartimos todos— e cada vez se intenta loitar máis contra a violencia de xénero, concienciando a cidadanía, pero é verdade que cada vez a violencia de xénero segue presente na nosa vida, na nosa sociedade, e cada vez as mu-



lles seguimos a ser potencialmente vítimas de ser asasinadas ou de ser agredidas por homes machistas. Soa forte, pero a realidade é así. A violencia machista ao final é un dos principais obstáculos para que poidamos ser unha sociedade plenamente democrática. Os gobernos, a diferentes niveis, teñen que poñer todos o seu foco de preocupación nun lugar prioritario: a loita contra a mesma.

En Galicia é verdade que temos leis pioneiras, esa lei do ano 2007, de prevención e tratamento integral contra a violencia de xénero, que foi mellorada posteriormente e na que se introduciron aspectos como a violencia vicaria, a violencia dixital ou a explotación sexual.

Pero, señorías do Partido Popular, de nada vale ter leis pioneiras se despois non as acompañan de políticas públicas que fagan efectivas as mesmas e que vaian dirixidas a cumprir os obxectivos que aparecen nelas. E por iso nós planteamos esta iniciativa hoxe, dirixida fundamentalmente a tres fronteas.

A primeira é a prevención. Falabamos onte coa conselleira de Igualdade e dicíamos que é fundamental dar aos nosos nenos ferramentas, ferramentas para que poidan asumir determinadas mensaxes negacionista ou mensaxes distorsionadas que reciben ao longo da súa vida dende que son moi pequenos, e ferramentas para educar os mesmos en negar eses estereotipos sexistas, ou no respecto mutuo, na solución non violenta de conflitos nas relacións interpersoais, ou no dereito á integridade persoal ou en asumir ou ter ferramentas para loitar contra esas mensaxes derivadas da pornografía, da violencia sexual, e adaptadas a todas as fases do alumnado.

Creemos que é necesario, imprescindible e urxente introducir a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares dos centros de ensinanza a partir do vindeiro curso, e creemos que teñen que ser introducidos dende primaria, porque na ESO xa chegamos tarde.

Pero para iso fai falta unha planificación, unha programación específica de formación, tamén ao profesorado. Non se pode depender da vontade de cada equipo educativo, implementar unicamente charlas ou dicir cantas horas ten libres o profesorado e desinalos para dirixir ou dar a charla sobre violencia de xénero. Ese profesorado ten que estar formado tamén para ter ferramentas para transmitir pero tamén para enfrontarse a situacións que se poden dar no seu centro educativo.

Creemos que tamén é importante a sensibilización e a información, tratando necesidades específicas das persoas que sexan potencialmente vulnerables. Hai moitos colectivos que teñen unha dobre vulnerabilidade e temos que implicar a todos na loita contra a violencia de xénero.

Os últimos datos do CIS son terribles. Din que o 23 por cento dos mozos e o 13 por cento das mozas cren que a violencia de xénero é un invento ideolóxico, e isto augura un futuro nada halagüeño.

E creemos tamén que os diferentes sectores da poboación temos que dirixir as mensaxes adaptadas aos mesmos e temos que combater ese negacionismo que enche as redes e conncienciar sobre as diferentes manifestacións de violencia que existen contra as mulleres.



O terceiro eixo é a protección e apoio asistencial ás vítimas de violencia machista, cunha coordinación axeitada que permita responder ás necesidades das mulleres, e para iso hai que incrementar os programas de formación ás persoas, e dicíao antes na miña intervención: cantos máis ollos, máis formas de detectar a violencia machista, e pasa polos profesionais sanitarios, a educación, a Xustiza. Dentro das competencias da Xunta é necesario impoñer esta obrigatoriedade, os cursos de formación.

Por exemplo, falo eu agora dos servizos de asistencia de coidados, que a Xunta de Galicia ten practicamente todos externalizados. Pois debería ser necesario incluír nesas pregos que as traballadoras do eido social, familiar ou xurídico teñan unha formación suficiente en materia de igualdade.

E falamos tamén de chegar a todo o mundo, e sabemos todos que o CIM é a porta de entrada e a porta de axuda á que acoden moitas mulleres. Polo tanto, hai que modificar ese decreto 130/2016, dende o CIM, para introducir a figura do axente de igualdade, para regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas dos profesionais e incrementar os mesmos, e tamén incrementar a formación en igualdade dos mesmos, para que sexa un persoal máis cualificado, e tamén ampliar esa rede de CIM en todo o territorio, para que non haxa máis poboacións que estean a máis de quince quilómetros de ningún dos CIM.

Podo seguir, pero non me vai dar tempo na primeira quenda a establecer todos os puntos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora CASTRO REY: ...pero na segunda quenda seguirei.

Agora, dicir que tamén é necesario que actualicemos, dicía eu na miña iniciativa no actual período de sesións, creo que é moi optimista, polo menos inicialo no actual período de sesións, para que cara ao ano 2025 estea aprobado ese protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero, porque creo que aquí é importante ter a colaboración das entidades locais, das comunidades autónomas, das forzas e corpos de seguridade, e que exista unha colaboración total e todos traballemos xuntos e coordinados — sobre todo a coordinación é fundamental e xa sabemos que as consecuencias da non coordinación son terribles — contra a violencia de xénero.

Despois, na segunda quenda, seguirei relatando as seguintes proposicións. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Ben, antes de entrar nas cuestións concretas que propón o Grupo Socialista, nunha iniciativa que é completa e que xa avanzo que vai contar co noso apoio, eu quería recordar que hoxe,



20 de novembro, é o Día da Memoria Trans. Hoxe homenaxeamos todas aquelas persoas do colectivo trans que foron asasinadas pola súa identidade e que foron perseguidas por unha transfobia que hoxe segue viva e que segue matando, e que hoxe se diga neste Parlamento que a Lei trans fixo dano ás mulleres a min paréceme gravísimo e dun retroceso ideolóxico do Partido Popular de Galiza inaudito. O Partido Popular de Galiza, que promulgou unha lei que nós criticamos porque non se cumpre, non se desenvolve, pero que xa implicaba e xa inclúe o colectivo trans antes de que o fixeran outras lexislacións no Estado.

Polo tanto, eu apelo un pouco á responsabilidade e a non ter fisuras nesta cuestión. (*Aplausos.*) As mulleres trans son mulleres e teñen que ser tamén protexidas da violencia machista. O inimigo do feminismo, o inimigo das mulleres, non é o colectivo trans, non é o colectivo trans en absoluto, é a extrema dereita e o seu discurso, que xa se ve que cala moito. En fin...

Indo á cuestión da iniciativa que presenta o Partido Socialista, como digo, compartimos moitas das cuestións que incorporan, e, fóra dalgunha cuestión de matiz, insistimos en que hai tres ámbitos estratéxicos que aí se recollen que son fundamentais, que son a sensibilización, o reforzo de todos os recursos aos que unha muller pode acudir en primeira instancia, e singularmente os centros de información á muller, e tamén cuestións como a atención psicolóxica.

No ámbito da sensibilización —insistimos moito nestes días—, queda moito por avanzar. Un exemplo é o ámbito do ensino. Nós somos críticas coa eliminación da materia de igualdade, por exemplo, e con que os programas vixentes apenas cheguen á comunidade educativa. Un exemplo é que hai máis de 31.000 docentes en activo e que entre o programa Iguálate e o Plan Proxecta non chega nin a 10.000 implicados e implicadas, nin un terzo do persoal. ¡Que dicir dos plans que se fan especificamente dirixidos ao alumnado e que non se dotan de orzamentos e que non hai un seguimento e non hai un acompañamento!

Tamén podemos falar doutras campañas que se promoveron puntualmente e que se están deixando de lado. Eu puxen nalgún debate o exemplo da de Agresión OFF, que no 2023 reduciu os eventos á metade e distribuíu só o 7 por cento do material anterior e que chegou a menos de 2.000 persoas. Se ese é o esforzo sensibilizador dun goberno como o da Xunta, pois desde logo hai moita marxe de mellora.

Outra cuestión que nos parece moi importante é todo o que ten que ver cos CIM. Insistimos en que hai que mellorar a súa dotación orzamentaria, en que hai que revisar a estrutura de persoal e favorecer que todo aquel que é imprescindible para ter a catalogación de CIM poida ter xornada completa, que por esa vía hai que consolidar persoal e reforzar o persoal que está atendendo nese ámbito, e non só apostar polos investimentos reais, aínda que tamén sexan necesarios.

E tamén insistimos pois en cuestións como a atención psicolóxica e outros ámbitos, que se recollen na iniciativa do Grupo Socialista e que imos apoiar sen ningún tipo de fisuras.

Eu simplemente quería explicar a emenda que presentamos por parte do BNG. O Grupo Socialista insiste na súa iniciativa na apertura inmediata de dous dos centros que están previstos para a atención a vítimas de violencia sexual 24 horas. Nós simplemente pedimos que



se acelere a posta en marcha dos cinco comprometidos pola Xunta e que se aborde a súa futura xestión dentro do sistema público. E insistimos aquí cun debate que nos parece absolutamente fundamental e que entendemos que debería ter unanimidade neste Parlamento.

Eu facía unha extrapolación aproximada. Tendo en conta as vítimas de violencia sexual que houbo rexistradas —rexistradas xudicialmente, enténdase— no ano 2023, se foron 924 e os estudos do propio Consello do Poder Xudicial e doutras entidades estiman sempre que só un 20 por cento aproximadamente das agresións sexuais chegan aos xulgados, pois facendo esa extrapolación, estaríamos a falar de 4.620 agresións. Imaxinemos que esa pode ser a realidade oculta da violencia sexual, que haxa no noso país en realidade arredor de 5.000 agresións sexuais todos os anos. É absolutamente demoledor e o que demostra é que a violencia sexual é un dos instrumentos máis potentes que ten o patriarcado como dominación das mulleres.

Eu creo que a estas alturas ninguén se atrevería a cuestionar a dimensión do problema, pero tampouco estamos tan lonxe de que iso teña pasado. Quero recordar que, aínda que en Istambul se incorporaba e se pedía aos estados que lexislasen a violencia sexual como violencia machista, aínda que o noso marco legal galego así o recolle desde o ano 2007, o Estado español tardou moito tempo en incorporar iso, e aínda queda moito por mellorar nesa incorporación.

Entón, nós o que temos que ver é que facemos desde Galiza para atender a esta realidade. Porque si, temos unha lei vangardista que aplicou esa cuestión tan fundamental no ano 2007, pero que na práctica, na realidade, o certo é que moitas vítimas de violencia sexual acaban quedando fóra dos recursos, e, polo tanto, temos que ver como invertemos esa cuestión.

Na estimación que nós facemos dos recursos que ten a Xunta á disposición de atención psicolóxica específicos e demais, cobren aproximadamente un 17 por cento —imos dicir un 20 por cento, por facer unha estimación alta— das vítimas de violencia sexual que foron agredidas en Galiza.

Polo tanto, entendemos que non podemos conformarnos con esa cifra, que hai que mellorar os recursos, e, polo tanto, a aplicación desa lei tan demonizada de ámbito estatal habilita a creación dos centros de crise. Nós entendiamos que a decisión de 1 por circunscrición —provincia— non é reflexo das necesidades que temos noutros territorios. E, en todo caso, cando a Xunta fixo a proposta de transposición e decidiu vincularlos ás áreas sanitarias, parabenizamos o Goberno galego por esa decisión, porque nos parece algo intelixente, algo útil, que se adapta ao territorio e que ademais conecta co sistema sanitario, que é a porta de entrada de moitas das mulleres que poden ser agredidas, e conecta ademais con traballos importantes que se están facendo e que nós temos recoñecido, como os protocolos para a submisión química e outros casos similares.

Pero, claro, —insistimos— hai que poñer un límite moral dentro da drenaxe e do desmantelamento dos sistemas públicos, hai que poñer un límite moral. Entón, eu asumo que a ideoloxía neoliberal do Partido Popular é así, capitalismo de amiguetes e entón usamos os recursos públicos para facer concesións privadas, que só o 20 e pico por cento das residencias



de maiores sexan públicas neste país, só o 8 por cento dos centros de discapacidade, e moitas cuestións que son sensibles, e eu defendo, e nós defendemos dende o BNG, outro modelo. Pero, en todo caso, algún límite haberá, algo poderán deixar dentro do sistema público.

Entón, ¿por que desaproveitar esta oportunidade de reforzar o sistema de protección sanitaria e social e ter os centros de crise directamente asociados ao sistema público? É inaudito, e desde logo o cadro de persoal que se propón vai ter unha atención privatizada, precaria, maiormente telemática, que non vai poder facer un seguimento para a recuperación psicolóxica.

Estamos absolutamente seguras de que é un erro de dimensións terribles, e sería bo que houbera un consenso arredor desta cuestión. E iso é o que explica esta emenda coa que complementamos a iniciativa do Partido Socialista, e que —xa digo— en todo caso votaremos a favor, porque entendemos que no groso de propostas que fan, que son todas elas realizables e positivas, pois estamos todos e todas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Moitas grazas, presidenta.

Ben, a portavoz do PSOE abundou nun tema que eu plantexei, que foi o dos medios de comunicación e o tratamento que lles dan ás noticias sobre agresións machistas. Ela falou de por que sae o nome da vítima e non o do agresor. Non sei se esa é —digamos— a tónica habitual, pero efectivamente iso ten unhas consecuencias. A ninguén lle gusta ver o seu nome nos periódicos, a ninguén lle gusta que o común dos mortais coñeza a vida privada de ninguén, moito menos cando a vida privada ten eses tintes tan macabros.

Eu penso que non é o único aspecto no que nos medios de comunicación teñen que tratar o tema, porque xa poñía o exemplo dos suicidios, e tamén digo que non vou dar ningunha solución, porque tampouco a teño; sinxelamente, poñer o tema na mesa. Os partidos que están aquí teñen representación nacional e, polo tanto, teñen unhas capacidades de legislar ou de facer campañas, ou de códigos deontolóxicos dos medios de comunicación, etc., etc., pois para que ao mellor o tema dos medios cambie, sinxelamente para que moitas veces e por diferentes razóns —que tamén habería que analizar— consigan o efecto contrario ao que se busca.

Hai unha reflexión que lin hai anos nalgún libro de socioloxía —creo que era de antropoloxía, é igual— de como se construíu un dos aspectos deste armazón cultural do machismo. A maioría, non todas, pero a maioría das sociedades do mundo son moi machistas. Falaba alguén de loitar contra os estereotipos. É moi difícil, porque os estereotipos están inscritos na propia armazón cultural, cada vez máis debilitada, pero que é unha herdanza cultural que herdamos de séculos, e polo tanto o tratamento dos síntomas, que en realidade a aplicación



das leis non é máis que a aplicación dun tratamento sintomático a posteriori de que suceden os feitos, pero o tratamento da orixe da etioloxía —creo que lle chaman os médicos— é complicado; efectivamente, pasa por traballar a infancia, loxicamente.

Non sei quen foi, non sei se foi Piaget ou un destes, que estudaba moito os rapaces pequenos e dicía que os valores fundamentais quedaban instalados no cerebro entre os 7 e os 8 anos. Ou sexa, que, como non se arreglara o tema antes dos 8 anos, logo xa era moito máis complicado. O refraneiro común popular galego tamén o di: «a árbore hai que endereitala cando é pequena». É dicir, hai que traballar no ámbito da primeira infancia mesmo, pero, ¡claro!, hai que ter en conta que a infancia recibe estímulos, non só da súa familia, da gardaría e da escola, senón que a infancia hoxe está sometida a todo tipo de estímulos dos medios de comunicación ou das pantallas orientadas cara á rúa. A min faime moita graza que ninguén se preocupe de que as pantallas emitan contidos cara á rúa, moitos cunha compoñente dunha cosmovisión moi concreta. Hai unha lei que di que os pais teñen o dereito a controlar os contidos audiovisuais que consumen os fillos —esa é a teoría—, pero, despois, os menores de idade andan pola rúa onde hai pantallas estimulando a súa vista e os seus cerebros, con publicidade etcétera, etcétera, que, moitas veces, se nota —por parte de alguén que entenda do tema—, polos cambios de plano ou polos cambios de luminosidade etcétera, etcétera, que están buscando unha determinada maneira de influír nos cerebros.

Os médicos saben que hai unha técnica —non me acordo como se chama—, EMDR, ou algo así, coa cal, mediante a estimulación de movementos reflexos dos ollos, esta produce cambios neurolóxicos no cerebro. E, ¡bueno!, estamos aí —digamos— minimizando a influencia que teñen, nos menores de idade, os estímulos dos medios audiovisuais ubicuos, e despois ¡claro!, como dicía —non sei quen—, creo que era Tocqueville: «primeiro, temos unhas cadeas tan finas que non as notamos, e, despois, cando son demasiado fortes, xa non podemos rompelas», ¿non? Aquí pasa algo parecido: minimizamos a influencia que poidan ter esas cousas nos rapaces pequenos e nos nenos, e, despois, cando xa nos damos conta de que, efectivamente, instaláron na mente infantil uns determinados estereotipos e valores, logo xa non hai forma de quitarlos.

Dicía que, unha das maneiras en que se construíu esa armazón, que algúns chaman patriarcalo —¡bueno!, non sei se é o nome axeitado—. Falábase de que Galicia era precisamente un matriarcado, unha das sociedades que, ao mellor, non eran tan machistas, e que se construíu sobre a separación do traballo. Ás mulleres reservábenselles sempre traballos cuxos efectos non fosen acumulativos; por exemplo, a muller lavaba os pratos, mañá tiña que volverlos lavar, pasadomañá tiña que volverlos lavar, e, se un día non os lavaba, parecía que non facía nada. E así pois, varrer, cociñar... é dicir, os traballos que, dalgunha maneira, non se vía que, ao final, se fixeran, porque hoxe cociñas e mañá hai que volver cociñar. E, para os homes, fóronse reservando os traballos acumulativos, ou sexa, aqueles cos cales os efectos que se conseguían acumulábanse, e, ao final, daban a idea de que o home facía cousas, de que era un artista, de que era un heroe, de que facía casas: hoxe facía un piso, mañá facía outro, e, ao cabo dun tempo, había unha casa feita por homes. E, desa maneira, íase instalando no subconsciente colectivo a idea de que a muller non valía para nada; a muller non valía para nada porque os efectos dos seus traballos, como coidar as infancias etcétera, etcétera, non valían.



Por iso eu tamén penso que un dos aspectos que teñen que tomar as campañas estatais é a equiparación do traballo nas mulleres e nos homes —que xa se está vendo, efectivamente, que iso está cambiando e que determinados traballos empezan a non estar vinculados a determinados sexos, sexa home ou muller, pero é un dos estereotipos que aínda existen en moitísimos traballos que están masculinizados e que están feminizados—. E se se fixan sempre vai suceder —ou case sempre— isto que di ese sociólogo: as mulleres sempre teñen un traballo cuxos efectos acumulativos non se perciben. Iso, pois tamén teríamos que...

¡Bueno!, dixo a portavoz do BNG que non estamos tan lonxe. Efectivamente, os que os que xa imos tendo unha idade — mal que nos pese— recordamos cousas, e non tan lonxe, parece que foron onte. Eu lémbrome de que a miña xeración —eu mesmo e moitos compañeiros da miña xeración— tiña que discutir cos pais para que a súa irmá non estivese obrigada a facerlle a cama. Esa é unha cuestión que é difícil de explicar para quen non a viviu, porque a loita feminista nos anos setenta levouse ao seo das vivendas, é dicir, ao domicilio interior. Empezou a loita entre os xoves máis concienciados contra uns pais que viñan dos códigos anteriores. Entón, foi unha loita titánica. E eu comparo hoxe a loita de tal grao de magnitude, de importancia e de valentía que hai que ter, que é a loita contra a prostitución, porque —eu xa dixen aquí unha vez— da prostitución faise como se tivésemos un punto cego, cando hai unha publicidade dela permanente, luminosa e todas as noites.

E —digo—, ¡bueno!, estase traballando moito noutros aspectos, pero este tema parece que é demasiado delicado e parece que fai falta demasiada valentía —e, efectivamente, fai falta demasiada valentía— porque imos enfrontarnos a intereses potentes creados, pero eu dou a esa loita contra a prostitución o grao de valentía que se precisaba nos anos setenta para loitar contra cousas como que, dentro do matrimonio non había violación —eu recordo esa clase de debates nas propias aulas—, ¿non? E a inmensa maioría...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: ...dos alumnos e dos profesores dicía que que tontería dicir que había violación no matrimonio. Pois, mire, hoxe xa parece algo asumido, ¿non?

Son cousas que temos que ir tratando.

Nada máis e grazas, presidenta.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Noelia Pérez.

(Pausa.)

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Grazas, presidenta.



Señora Presas, a señora Arias non dixo o que vostede quixo dar a entender aquí neste estrado; non dixo que a lei fose mala, ¡non o dixo! (*Murmurios.*) Falou dalgunhas medidas (*Murmurios.*) —¡escóiteme, faga o favor de escoitarme porque agora estou falando eu!—. Non dixo que a lei fose mala, falou dalgunhas medidas, pero hai moitas feministas progresistas de esquerda que opinan exactamente o mesmo que a señora Arias. (*Aplausos.*) ¡Mire, a señora Carmen Calvo! Pódelle preguntar a ela. Polo tanto —que quede claro—, non dixo o que vostede intentou dicir nesta tribuna.

E, señora Castro, mire, está ben que sigan as instrucións do señor Sánchez «*todos a una, a repetir sus mensajes*», pero di moito do Partido Socialista de Galicia mesturar as vítimas da violencia machista coa dina e co que aconteceu en Valencia. É lamentable empezar así unha intervención. (*Aplausos.*)

E o Partido Popular non terxiversa absolutamente nada. ¡¿Como que a Lei do só si é si non puxo violadores na rúa?! Puxo máis dun cento, señora Castro. ¡¿Como que non houbo rebaixas de condena?! Máis de mil catrocentas rebaixas de condena. ¡¿Como pode dicir que iso foi un erro dunha ministra —¡soberbia!— a que as eleccións puxeron no seu sitio?! (A señora Pérez López *diríxese á señora Castro Rey.*) Non, non lle dea así á cabeza. Mire, iso foi unha chapuza do Partido Socialista, un golpe ás mulleres, deixando moitas moito máis vulnerables fronte aos seus agresores, aos cales lles reduciron as penas. Foi unha chapuza do Partido Socialista. (*Aplausos.*)

Mire —eu creo—, todos concordamos en que cada caso de violencia de xénero é un ataque, non só á dignidade das mulleres, señorías, senón que é un ataque aos valores fundamentais da nosa democracia e da nosa convivencia. E tamén concordamos con esas tres fronteas, nas cales hai que incidir para loitar contra ese tipo de violencia: a prevención, a sensibilización e a protección ás vítimas. E é exactamente no que está a traballar o Goberno galego, e é exactamente o que se está a facer en Galicia.

E todo se pode falar, e todo se pode chegar a entender, e todo se pode chegar a negociar para acadar ese entendemento entre todos, que é o que nos reclama a sociedade. Agora ben, o que non imos permitir no Partido Popular é o xogo irresponsable do Partido Socialista nun tema tan serio coma este. Mire, onte o señor Besteiro, ademais de perder unha oportunidade valiosísima para enterarse de todas as políticas —porque as descoñecen— que se están a levar a cabo en materia de igualdade en Galicia, utilizou a loita contra a violencia de xénero como unha arma política para atacar o Partido Popular e para atacar o presidente Rueda, e non o imos aceptar; non imos aceptar que, no seu intento por desprestixiar o Partido Popular e por desprestixiar o traballo desta bancada —porque é o que lles queda: desprestixiar—, se poña en dúbida o compromiso do Goberno galego, o compromiso do presidente da Xunta de Galicia coas mulleres e coa loita contra a violencia de xénero. (*Aplausos.*) Non o imos consentir. (*Aplausos.*)

Mire, é certo que temos que seguir traballando, señora Castro. Dixeron onte claro, tanto a conselleira como o presidente, que as medidas nunca van ser suficientes mentres sigan existindo vítimas, pero mentres vostedes están instalados na política do espectáculo, mentres vostedes están traendo propostas para xerar titulares e quedar ben de cara á galería, nós



imos facelo con seriedade; con seriedade e para dar respostas que realmente melloren a vida das persoas e que realmente melloren a vida das mulleres.

Mire, din que non está incluída a educación afectivo-sexual nos proxectos curriculares. ¡É falso!, si que está e está en cumprimento dunha lei socialista. A Xunta imparte educación afectivo-sexual en toda a etapa escolar e está presente transversalmente no currículo. (A señora Pérez López *diríxese á señora Castro Rey.*) Mire, por exemplo, vaia á Educación Física de quinto, á Educación Física de sexto ou vaia a Ciencias Sociais. Saben perfectamente que está introducida no currículo. O problema non está no currículo, señorías; o problema non está en que non estea introducida no currículo; o problema está en que nesa materia non está nin a ideoloxía nacionalista nin a ideoloxía socialista. Ese é o seu problema e non que non se imparta a educación afectivo-sexual. Mire, a loita pola igualdade non pode ser unha asignatura optativa, como pretenden vostedes. É unha obriga de carácter transversal que temos como sociedade. Por iso o profesorado ten formación específica que vostedes veñen pedir hoxe e tamén hai formación especializada e actualizada no ámbito sanitario, na xustiza etcétera. ¡¿Como que non apostamos por profesionais formados?!

Mire, a respecto dos CIM, ¿que lle vou dicir dun servizo que creou o Partido Popular e que consideramos esencial? E como lle dixo a conselleira onte: imos seguir apostando e imos seguir incrementando os orzamentos para os CIM, no ano 2025. Somos a segunda comunidade que máis CIM ten en España. Pero os centros de información á muller —e vostedes o saben ben— son recursos municipais. A súa creación é unha decisión municipal e de cada concello, e se así o decide o concello, é dicir, crear un CIM, por suposto que vai contar co apoio da Xunta de Galicia. Mire, e se non é certo o que lle estou a dicir, cando volva subir aquí, ao estrado, explíqueme por que o alcalde socialista de Ponte Caldelas —(A señora Pérez López *diríxese á señora Castro Rey.*) ¡é que lle dá á cabeza, pero é que lle estou dando un dato certo!— decidiu el soño —¡bueno!, co apoio do Bloque Nacionalista Galego— pechar o CIM de Ponte Caldelas sen consultar coa Xunta de Galicia porque é unha competencia municipal. Reitérolle, se calquera concello quere abrir un CIM, contará co apoio da Xunta de Galicia. Mire, cando nós trouxemos unha iniciativa naquel momento para evitar o peche, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego miraron para outro lado e pediron respecto á autonomía local. Vostedes son municipalistas cando lles convén, e, cando non lles convén, olvídanse diso.

Teño pouco tempo e quería determe, señorías, na petición que trae hoxe o Partido Socialista para poñer en marcha actuacións para perseguir proxenetas e tratantes de seres humanos, con fins de explotación sexual. Mire, señora Castro, primeiro, para perseguir algo, ese algo ten que estar prohibido; e segundo, no día de hoxe, non está prohibido. E terceiro, ¿sabe de quen son as competencias para legislar a súa prohibición? ¡Súas, señoría, son do Partido Socialista. Por iso lle dicimos que se centren e que deixen de traer aquí propostas demagóxicas.

Mire, nese afán de buscar titulares, tíranse ás piscinas e non miran, nin sequera, se teñen auga. Presumen de ser abolicionistas, pero a realidade, ao final, desmente as súas palabras porque mentres en Galicia avanzamos co Goberno da Xunta de Galicia e con esta bancada Popular nesa loita co primeiro Plan galego de trata de seres humanos, en Madrid, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego están a frear a creación dun marco legislativo es-



tatal que permita previr e loitar contra esa forma de violencia. O señor Sánchez e o Partido Socialista, co apoio do Bloque, están a

Eu creo que hoxe era un bo día para traer aquí un punto para reclamar ao señor Sánchez que saque do caixón o Pacto de Estado aprobado no último mandato do Partido Popular, para que dea cumprimento, seis anos despois, á medida 257 e aprobe dunha vez esa lei contra a trata, que priorice os dereitos das vítimas e lles garanta a protección, a asistencia xurídica e os recursos para a súa reinserción.

Levan seis anos falando de prohibir a prostitución cada vez que teñen que tapar un escándalo, como o de Tito Bernie, os ERE de Andalucía, ou en períodos electorais, pero a realidade é que seis anos despois seguen vostedes sen aprobar a súa Lei de trata.

Remato xa, presidenta, pero eu quería lamentar tamén hoxe que os socialistas esqueceran nunha data tan sinalada traer na súa iniciativa a tan demandada creación dos novos xulgados de violencia de xénero en Galicia. Mire, (A señora Pérez López *mostra unha fotografía.*) ía dicir: ¿acórdase, señor Besteiro, desta foto? Pero non está o señor Besteiro, así que lles pido que lle manden o recado cando o vexan. Miren, ¿acórdanse os deputados do Partido Socialista, aquí, na campaña do señor Besteiro á presidencia da Xunta, que prometía crear un xulgado de violencia de xénero na miña cidade, en Ourense? É moi necesario, dicía o señor Besteiro, representante do Partido Socialista; representante do mesmo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora PÉREZ LÓPEZ: ...—remato xa, señora presidenta— ...Partido Socialista que a semana pasada por escrito dicía que non se ía crear ningún novo xulgado de violencia de xénero en Galicia.

Señora Presas, cada vez que o Partido Socialista fala ou escribe, dinamita outro punto do pacto co que vostedes venderon Galicia para sentar o señor Sánchez no sillón. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Señora presidenta, grazas.

Quero dicirlles que cando deixen a un lado a ideoloxía, cando deixen a un lado os intereses partidistas e de verdade queiran defender as mulleres, aquí terán sempre o Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche, a señora Castro.

Recorde pronunciarse sobre a emenda, se o ten a ben. Grazas.



A señora CASTRO REY: Señor Ojea, a verdade é que me resulta moi difícil darlle a vostede unha réplica, moi difícil, se quero cinguirme ao decoro parlamentario. Sería moito máis fácil darlle unha réplica nunha barra dun bar; así si que podería darlle unha réplica e quedaría seguramente a gusto, pero aquí, dentro do decoro parlamentario, cústame, a verdade. E a verdade non entendo o que vostede quixo dicir con iso de que o respecto á vida privada do agresor pasa por non dar o seu nome nos medios de comunicación; paréceme terrible iso que dixó vostede.

Tamén, se teño que comezar a explicarlle eu que é o patriarcado, a verdade, pois mal imos, e demostra que... Vostede foi o claro exemplo de que falta moito, moito camiño por percorrer, e moita sensibilización e moita formación. Na súa intervención está vostede ao mesmo nivel que o alcalde de Madrid onte no *Hormiguero*, cando vendeu como acto romántico que un día decidiu —*motu proprio*— axudar e recollerlle a roupa do tendal á súa muller, sen avisar. Iso foi o que dixó onte no *Hormiguero*. Búsqueo en internet, señora..., se quere velo, porque está en todas as redes; ese acto, ese acto romántico do alcalde de Madrid.

Mire, señor Ojea, vostedes, bueno, xa se ve o feministas que son coas súas actuacións dentro do Concello de Ourense. O alcalde de Ourense parece que ten unha inquina persoal cos servizos da atención ás mulleres, desmantelando, por exemplo, a Concellería de Igualdade, co apoio do Partido Popular, co seu voto —a señora Noelia Pérez López é concelleira en Ourense—, e trasladando o CIM ás Lagoas, que non tiña as condicións necesarias e as mesmas condicións que o lugar onde estaban. Polo tanto, ese é o compromiso que ten o seu partido coa igualdade.

Señora López, mire, eu non mezclo unhas vítimas con outras —¡só faltaría!—, é unha falta de respecto total. Do único que falaba é de responsabilidades políticas, as mesmas responsabilidades que o señor Mazón non está a asumir. A iso é ao que eu me refería.

E, señorías, vexo que concordan na teoría cos meus tres eixes prioritarios: esa prevención, esa sensibilización, esa protección e esa coordinación ás vítimas, pero a verdade é que non están aplicando desde o Goberno galego ningún tipo de políticas; moito concordan, pero non están a aplicar ningún tipo de políticas.

Paréceme increíble que a vostedes os sorprenda que o secretario xeral do meu partido, o meu portavoz parlamentario, pregunte, na sesión de control ao presidente da Xunta, cales son as medidas que está a implementar no eido da violencia machista, cando, ademais, a semana pasada tivemos a cuarta muller asasinada en Galicia. Non sei que ven vostedes tan difícil. Nós temos o deber de fiscalizar o Goberno; teremos que preguntar tamén por isto, porque é unha das nosas prioridades.

En relación á educación afectivo-sexual, a ver, que vostede me diga que está implementada nas escolas, en Educación Física en 5º, en Bioloxía en 6º, que se introducen contidos... ¿Pero que formación teñen eses mestres? ¿Que recursos e ferramentas para darlles aos alumnos? O que nós queremos é unha implementación real e non isto que se está a facer. Consultamos en moitos centros educativos e en moitos dinnos que ás veces o profesor que ten horas libres pode dar esa asignatura...,



A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora CASTRO REY: ...que poden acollerse a charlas ou discursos... A verdade é que non é serio, e nós non é o que pretendemos.

Aínda que nin vostede nin a señora Arias mo aclararon, gustárame que, a pesar de que temos outra iniciativa que fala deste tema, nos dixeran que fixeron, que fixo o Goberno do Partido Popular, en relación á prevención da trata e á persecución da trata en Galicia durante estes dous anos de vixencia do plan, porque aínda non sabemos que fixeron vostedes durante estes anos.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Remate, por favor.

A señora CASTRO REY: E remato. Intentaremos chegar a unha transacción sobre as emendas, porque creo que, en materia de igualdade, aínda que teñamos puntos de vista diferentes, en determinados aspectos é imprescindible ter unanimidade. Nós asumimos as competencias que ten que desenvolver o Goberno de España en relación á loita coa igualdade, por iso imos votar a favor de determinadas propostas de instar o Goberno de España. Espero que o Grupo Popular tamén sexa consecuente e vote a favor das de instar o Goberno galego. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Xa nos pasan o texto, se definitivamente chegan a unha transacción.

Continuamos agora coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a demanda ao Goberno galego das modificacións oportunas das bases reguladoras das prestacións que reciben as vítimas de violencia de xénero co fin de adaptalas en 2025 á suba media do IPC nos últimos dous anos

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición presentáronse dúas emendas: a 14645, de corrección de erros do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a 14674, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Noelia Pérez.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir, logo de «...prevista no artigo 39...», o seguinte: «...e o fondo de indemnizacións previsto no artigo 43 da ...».

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido:



«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno do central para iniciar un proceso de modificación lexislativa que protexa as mulleres da violencia económica a través dunha modificación do Código Civil que permita establecer medidas de garantía para o pago de pensións de alimentos e do Código Penal tipificando, en determinados supostos, como violencia económica o impago de pensións.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Noelia Pérez López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a tomar medidas conducentes a incrementar as prestacións económicas destinadas ás vítimas de violencia de xénero co fin da favorecer a súa autonomía económica.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para facer a presentación e formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Neste Parlamento, como non podería ser doutra maneira, debatemos moito sobre lexislación e sobre como aplicamos as leis, e iso lévame a outra reflexión. Se hai unha parte da sociedade que somos conscientes do difícil que é facer pasar os dereitos das leis á realidade, somos, precisamente, as mulleres: a fenda salarial, por exemplo, ilegal na nosa lexislación desde hai décadas, e que no noso país é aínda de case cinco mil euros; ou o dereito ao aborto, por exemplo, que non está aínda garantido o cen por cento na sanidade pública, pese a que leva moitos anos lexislado. Por certo, un dereito que se lexislou e que tardou na lexislación trece anos en consolidarse, esperando polo aval do Tribunal Constitucional, e aínda así con catro votos particulares en contra, para que logo aquí nos rasguemos as vestiduras cando se critica que certos sectores da sociedade da xudicatura cuestionan e boicotean o avance dos dereitos das mulleres. Outro exemplo no que custa avanzar é que no Estado español as mulleres temos dereito a voto desde hai apenas noventa e un anos; un dereito, ademais, interrompido —todas e todos somos conscientes— por un golpe de Estado e unha ditadura, e aínda así todas as que estamos aquí, que temos dereito a sufraxio e a ser elixidas, somos conscientes aínda dos teitos de cristal que nos quedan por romper na representación democrática.

Fago esta reflexión porque se dereitos como os salariais, os reprodutivos ou os de representación democrática son tan difíciles de conceder, de recoñecer, de consolidar, de blindar e de avanzar, pois o dereito a unha vida libre de violencia machista, que é un dereito aínda máis elemental, é aínda máis complexo porque implica furar no patriarcado e implica desmontar unha violencia que é tremendamente transversal e profunda.



Levamos dous días debatendo como mellorar o marco de atención á violencia machista, e a verdade é que temos que estar orgullosas porque a Lei galega do ano 2007 é un marco que nos colocou á vangarda do Estado e á vangarda de Europa —desde logo, desde o BNG está-molo—, pero tamén dicimos con toda claridade que o marco de por si non é eterno, como toda a arquitectura, como unha casa, como calquera construción, senón que require de facer axustes, de facer melloras, de actualizalo conforme pasa o tempo para que funcione mellor aquilo que funciona ben, para que funcione aquilo que non está funcionando e para que empece a funcionar todo aquilo que non se puxo en marcha. E diso vai esta iniciativa, de actualizar os recursos que funcionan, de posibilitar e exercer eses dereitos que dan eses recursos.

Por iso propoñemos que se actualice a contía das axudas de violencia machista, das axudas periódicas, porque despois dunha pandemia e despois dunha concatenación de anos cunha crise de prezos inasumible que incrementou a carestía da vida, igual que se actualizaron outras axudas, igual que se actualizaron —aínda que nos poida parecer insuficiente— algúns salarios e pensións, pois é absolutamente necesario actualizar e dar o debate sobre o incremento destas axudas. O Partido Popular presume moito deste tipo de axudas que temos en Galiza, de que somos o único punto do Estado que as temos, e fai ben, nós unímonos dende o BNG a esa fachenda e, de feito, como forza solidaria que somos, convidamos a que as forzas estatais convenzan os seus homólogos noutras partes do Estado español a que impulsen iniciativas así.

No Pacto do Estado copiáronse moitas das medidas que levamos anos poñendo en Galicia, e a nós iso parécenos ben, temos unha experiencia acumulada que pode servir a outros. Agora ben, que siga funcionando, que non queden conxeladas no tempo en termos económicos pero tamén en funcionalidade, é unha responsabilidade colectiva, unha responsabilidade á que queremos contribuír con esta iniciativa; unha iniciativa absolutamente en positivo, absolutamente realista, como se pedía onte, e que recolle algo elemental, que é que a violencia económica é tamén unha forma de violencia machista; é tremendamente importante nun contexto económico e social como o que vivimos, e reforzar eses recursos é clave. É clave, porque a experiencia, os estudos, os colectivos sociais e a literatura científica —hai unanimidade absoluta— din que un dos elementos fundamentais da espiral de violencia é o económico. Son moitísimas as vítimas de violencia machista, sobre todo en contextos nos que hai nenos e nenas que non son quen de romper ese vínculo, de romper esa relación, en moitos casos pola dependencia económica, polo sometemento económico nese ámbito.

Por iso naceron este tipo de axudas, que naceron en Galiza xa no ano 2006, aínda que tamén teño que dicir que lamentablemente hoxe teñen aínda menos tramos —e algún tramo menos contía económica— que no ano 2009, porque unha das primeiras decisións do señor Feijóo no cambio de goberno foi recortar esas axudas.

En todo caso, aínda así, ao longo destes anos, mellorouse ese marco de aprendizaxe colectiva. Aprendemos que había que fornecer un mecanismo para que se puidesen solicitar durante todo o ano, e non un número determinado de meses; ese foi un gran avance. Houbo que traelo varias veces a este Parlamento ata que se modificou a lei no ano 2016 da man da nosa compañeira Carme Adán, pero conseguímolos entre todos e todas.



Máis tarde, no ano 2018 —tiven eu, ademais, o privilexio de poder defendelo—, houbo un consenso neste Parlamento para incrementar un tramo máis, para así ter un tramo máis de renda e incluír a máis mulleres, e tamén para apostar por esa vía de ampliación, tamén con suxestións do Grupo Parlamentario Popular para incorporar as vítimas de violencia vicaria, e recentemente tamén se incorporaron as vítimas de trata; medidas en positivo, medidas que todos e todas respaldamos.

E, sobre todo, o máis importante deste recurso é que funciona, é que é un recurso útil e que o investimento da Xunta foi medrando. Desde o ano 2006 —e son datos da propia Xunta— van máis de 60 millóns de euros dedicados a esta cuestión fundamental, e o máis importante é que axudou a 7.415 mulleres, cos datos pechados do 2023.

Creo que ninguén cuestiona que cada un deses euros foi adecuadamente dedicado, e hoxe o que propoñemos é claro, e é unha iniciativa de consenso. Pasamos unha pandemia que todas e todos somos conscientes que afectou, de forma intensa, no económico —tamén no social, pero no económico—, as mulleres. Estamos nunha crise de prezos que aínda non acabou de resolverse e que afectou máis tamén as mulleres; de feito, hai literatura económica que fala de «*she-flation*», precisamente porque ten unha afección singular a situación das mulleres, polo que todos xa sabemos. E para mostra tamén, aterrando a situación na nosa realidade concreta, hai poucas semanas coñecemos o informe da Rede galega contra a pobreza, que nos alertaba de que empeora a taxa de pobreza feminina e crece a fenda de xénero, e de que se agudiza tamén a feminización da pobreza.

Polo tanto, hoxe é evidente que todo é máis caro —alimentarse é máis caro, desprazarse é máis caro, pagar os recibos é máis caro—, e que isto afecta, evidentemente, a quen peor está. Polo tanto, o que propoñemos é simplemente que estas axudas non queden atrás. Propoñemos aumentar, na convocatoria que se vai sacar nos primeiros días de xaneiro, a contía de cada un destes tramos para que se compense minimamente o IPC medio dos dous últimos anos.

Se temos en conta a variación entre o primeiro mes do ano 2023 e o mes pasado, vemos que a medición máis conservadora sería a de ter que aplicar un 5,6 por cento. Se collemos os dous últimos anos económicos enteiros, o 2022 e o 2023, falaríamos dun 10,2 por cento. Nótese que nin sequera concretamos a cantidade para buscar un consenso, pero debe haber un compromiso que recolla un aumento dalgunha maneira. Por poñer un exemplo, a axuda base de 600 euros, a máis baixa, tería unha ampliación de entre 35 e 60 euros, algo pequeno para o orzamento público, pero algo importantísimo para as mulleres que a vaian usar.

En definitiva, e con isto remato, é unha proposta que é realista, que é razoada, que é razoable, que é necesaria, que é necesario incrementar esas axudas para mellorar o recurso, e quero insistir, unha vez máis, en que neste 25 de novembro imos ver moitas declaracións institucionais. Nós celebrámolas, reivindicámolas e facémolas nosas, pero, para avanzar nunha vida sen violencias, necesitamos fortalecer os recursos e recordar sempre, como di o feminismo, aquilo de: «Menos discursos e máis recursos».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Partido Socialista.

Ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

A verdade é que importante, se estamos a falar de violencia de xénero, falar tamén de violencia económica porque, ao final, a violencia económica é a terceira manifestación máis frecuente da violencia de xénero, detrás da violencia emocional e da psicolóxica, segundo un estudo que recentemente publicou o Ministerio de Igualdade.

Tamén temos unha macroenquisa que valora que este tipo de violencia pode afectar máis de dous millóns de mulleres, e a verdade é que a violencia económica, xunto coa psicolóxica e a coa sexual, segundo outro estudo, son as máis silenciadas. E por desgraza, está intimamente vinculada coa desigualdade que sufrimos historicamente as mulleres, con esas disparidades salariais, con maiores taxas de desemprego, con traballo máis precarizado e con ese estigma dos coidados. Non, as mulleres non nacemos cun xene coidador; iso impónnolo unha sociedade patriarcal, un rol que nos impón a sociedade xa dende moi pequenas. E isto fai, entre outras cousas, que o 86 por cento dos permisos para coidados sexa solicitado polas mulleres, o que xera unha gran fenda nas posibilidades, por exemplo, de crecemento laboral. Todos estes factores colócanos nunha clara situación de vulnerabilidade fronte a calquera abuso de control económico, e aumenta a nosa exposición tamén, tanto física como psicolóxica, que impide ou obstaculiza, ás veces, as mulleres para escapar de situacións abusivas.

Esta submisión económica está aínda moi presente, queda moito por avanzar, e moitas condutas que están normalizadas realmente son outras manifestacións desta violencia. E refírome a condutas como: «se te vas de aquí, quedas sen nada», «ti non poderías vivir sen min porque eu son quen te mantén». Todas estas ferramentas de culpabilización ou de chantaxe teñen que ser combatidas con políticas públicas que promovan a igualdade salarial e a corresponsabilidade, garantindo a igualdade entre homes e mulleres.

E unha das formas para poder saír desta violencia económica é ter autonomía económica. Entendemos que esa é a pedra angular para a posibilidade de emancipación, e por iso vemos que son fundamentais as axudas que prevé a Lei do ano 2007, pero tamén entendemos e compartimos a petición de que esas axudas teñen que ser incrementadas; teñen que ser incrementadas as axudas do artigo 39, xa que, dende o ano 2020, practicamente non subiron e, dende o ano 2023, seguen sendo as mesmas. E tamén é necesario que esta suba a condición a suba das condicións de vida, é dicir, o aumento do custo da vida, para que poida ser unha axuda real.

Nós propoñemos, como emenda, que tamén se incrementen as indemnizacións do artigo 43, que son as que perciben as mulleres por sentenza cando o agresor, o condenado, é insolvente e non pode facer fronte ás mesmas. E pedimos tamén e aplaudimos a nova axuda contemplada nestes orzamentos de 2025, un fondo que se transfere dende o Goberno de



España, de 1.200.000 euros destinados ás vítimas de violencia sexual, grazas a esa Lei orgánica de garantía contra a liberdade sexual.

Falamos de violencia económica e, na nosa iniciativa, entendemos que é imposible afastar, se falamos da violencia económica, o impago das pensións de alimentos, que afecta principalmente, ademais, as mulleres, e que se produce cando un home incumpre a obriga de pagar a prestación alimentaria, froito dunha separación, dun divorcio ou dunha ruptura, incumprindo, non só un deber legal, senón tamén convertido isto nunha ferramenta de coacción e control sobre a muller. O impago da pensión é outra forma de violencia, e, ademais, é unha forma que provoca unha situación de estrés constante á vítima e tamén de precariedade para ela e para os seus fillos.

É difícil, pero —creo— é importante explicar brevemente as situacións. Todos os que estamos neste mundo ou que traballamos neste mundo sabemos que é unha situación moi habitual e que perdura no tempo. O procedemento xudicial de impago de alimentos está plagado de obstáculos. En primeiro lugar, porque a carga da proba recae sobre a nai, que debe demostrar que o pai está incumprindo as responsabilidades económicas: as ordinarias —que igual sería o máis sinxelo—, pero tamén as extraordinarias, que o complica aínda máis. Entón, isto converte estes procesos en longos, custosos e esgotadores.

As mulleres, ademais disto, enfróntanse ao colapso xudicial que existe e que fai que non se executen con celeridade estas demandas ou estas sentenzas, e tamén se enfróntan á lasitude xudicial, porque aínda que é verdade que existe o artigo 222 do Código Penal que tipifica isto como abandono de familia, os que coñecemos a realidade sabemos que, salvo en casos extremos, non se abren dilixencias penais contra os procesos, senón que se segue un proceso de demanda civil; un proceso civil que, ao final —como dicía—, é interminable, esgotador e custoso —aínda por riba custoso— economicamente para a nai.

Isto afecta 2,3 millóns de mulleres en España e hai máis de 500.000 persoas debedoras do pagamento. Hai homes que son realmente profesionais nisto e que fan que estes procedementos estean abocados ao fracaso. E digo «profesionais» porque xa saben como ocultar a nómina, como cobrar por un lado, como cobrar polo outro, como pagar dous meses e despois deixar de pagar para que non sexa delito. Polo tanto, falo disto. Isto produce un estrangulamento económico total á vítima e tamén aos seus fillos, e consolida unha situación de violencia de xénero.

Creemos que ten que modificarse o Código Civil para que se establezan unhas medidas coas sentenzas, é dicir, unhas medidas de garantías para que o pagamento se faga efectivo. E por outra parte, tamén creo e defendemos, no Grupo Socialista, que temos que tipificar estes impagos como violencia económica e como un tipo de violencia de xénero, porque —cremos— consolidan os efectos nocivos da violencia de xénero, tanto como consolidan as agresións físicas ou as agresións psicolóxicas, porque producen un empobrecemento destas mulleres e teñen un impacto real sobre a súa saúde e, ao mesmo tempo, xeran unha gran vulnerabilidade tanto nelas como nos seus fillos.



Nós, no Grupo Socialista, imos apoiar esta iniciativa; entendemos que é necesario —como dicía—. Temos unhas prestacións que foron pioneiras no seu día nesta Lei do ano 2007 e que serven de axuda a esas vítimas de violencia de xénero para saír do terror e para dar o paso de poñer a súa vida en liberdade e para emanciparse, e, para iso, o primeiro é poder ter un mínimo de solvencia económica.

Cremos que unha prestación de entre douscentos e oitocentos euros, dada a situación en que se atopa o custo da vida, non responde á realidade e non serve de axuda, e, polo tanto, debe ser incrementada neste ano e tamén deben ser incrementadas as prestacións ou as indemnizacións para o caso de que unha muller, que reciba ao seu favor unha condena por violencia de xénero, non poida percibir as cantidades que vaian consignadas na sentenza.

Sen máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas, presidente.

Eu quería volver reiterar: prevención, sensibilización e protección, tamén económica.

Señorías, dende o primeiro momento eu quero que quede claro nesta Cámara que garantir un apoio integral ás vítimas de violencia de xénero é unha prioridade para o Goberno galego, para o Partido Popular e para esta bancada, e eu espero que sexa unha prioridade para todos os deputados que conformamos esta Cámara. *(Aplausos.)*

Mire, somos plenamente conscientes de que só a través dunha rede sólida de axudas e de recursos se pode facilitar a recuperación das vítimas e a súa reintegración plena na sociedade. Ese é o compromiso do Goberno galego e vai moito máis alá dun tipo concreto de prestación. Ese compromiso abarca todas as medidas necesarias para cubrir as distintas necesidades que poidan ter as mulleres, dende o apoio económico, señorías, ata a asistencia psicolóxica —que, por certo, en Galicia está garantida e non noutros sitios—, ou tamén, por exemplo, o asesoramento xurídico.

O enfoque integral que defende a Xunta de Galicia e o Grupo Popular é a única forma de ofrecerlles unha saída real e unha saída efectiva a súa situación. E esa é a base do traballo que se está a facer no Goberno galego, é dicir, actuar con dilixencia para ofrecer unha abordaxe integral e unha abordaxe personalizada en cada caso. Por exemplo, con esa nova Lei de igualdade de Galicia.

Señora Presas, é curioso, para non dicir contradictorio, que o Bloque Nacionalista Galego rexeitase apoiala. Olvidou mencionar iso cando fixo un percorrido por todas os avances que se produciron en Galicia. É curioso que rexeitase apoiala, cando esa lei é unha ferramenta clave para protexer os dereitos das mulleres e cando esa lei é unha lei en que se recollen medidas para axudar á inserción laboral desas mulleres para que logren un emprego —si, señora



Presas — e para que logren así a plena independencia do seu agresor, é dicir, a independencia económica —vostede hoxe que tanto falou aquí de pobreza feminina—.

En contraste con non apoiar a Lei de igualdade de Galicia, non tiveron ningún problema en apoiar —e téño que volver dicir— a lei do só si é si, que, lamentablemente —e repito—, cos últimos datos que coñecemos —porque a cifra aínda está sen actualizar—, no día de hoxe, non sabemos as consecuencias reais porque dende que se renovou o Consello Xeral do Poder Xudicial non volveron actualizar ningún dato. É curioso tamén que quen lles están a pedir transparencia aos demais sexan os menos transparentes nas institucións que dependen deles. E —como lle dicía— é curioso que non apoiasen a Lei de igualdade de Galicia e, sen embargo, non tivesen problema en apoiar esa lei que rebaixou a condena a máis de 1.400 agresores sexuais e que excarcerou máis de 130; máis de 130 están nas rúas.

Esas son as políticas de protección das vítimas de violencia de xénero do nacionalismo galego, señorías: apoiar que os agresores saian do cárcere e, despois, permitir que se oculten os datos. Miren, ese é o seu fracaso político. Eu sei que non lles gusta escoitalo; é o seu fracaso en materia de igualdade e vai acompañalos sempre, vaian a onde vaian señorías.

Mire, señora Presas, está falando vostede polo baixo, pero ten agora aquí un turno de réplica e —eu creo— é un bo momento... (A señora Presas Bergantiños e outros señores deputados pronuncian palabras que non se perciben.) —non, non; pode falar o que queira— Ten agora un turno de réplica e —creo— é un bo momento —porque non o fixeron aínda: amosar arrepentimento por esa chapuza— para subir a este estrado e pedir perdón ás vítimas e ás súas familias.

Onte a señora Pontón non respondeu cun «si» ou cun «non» ao presidente Rueda. Eu preguntolle: ¿vai vostede subir a este estrado a pedir perdón ás vítimas por esa nefasta lei, que vostedes apoiaron e que quedaron sós defendéndoas? ¿Si ou non? É tan fácil coma iso.

Mire, a reforma da Lei —despois veremos se é capaz de subir aquí e pedir perdón ás vítimas: ¿si ou non?— de Igualdade, que non apoiaron e que si aprobou a bancada do Partido Popular, señorías, permite adoptar medidas —porque falou vostede do estudo da Rede contra a pobreza, pero parece que só len dese estudo as partes que lles interesa— para mellorar a situación económica de moitas mulleres.

Omiten datos dese estudo, señora Presas. ¿Sabe por que? Porque eses datos que omiten non lles encaixa no discurso que traen xa preparado da casa. Miren, omiten, por exemplo, que ese estudo —porque ás veces tamén hai que dicirlles aos cidadáns cara a onde camiñamos— di que ter un emprego é unha condición necesaria para non estar en risco de pobreza e de exclusión. En Galicia, señora Presas, a taxa de desemprego feminina é mellor que a media do Estado. Omiten dese estudo, señora Presas, que Galicia é unha das comunidades onde máis diminuíu a taxa de desigualdade. Omiten dese estudo que a diminución se debe ao efecto das políticas públicas. A diminución da taxa de desigualdade en Galicia débese ao efecto das políticas públicas, é dicir, ao que está a facer nestes momentos o Goberno galego. No que vostedes din omiten que ese estudo menciona que, de non existir as medidas e os recursos que neste momento está a poñer en marcha o Goberno galego, a pobreza chegaría



a un 46,6 por cento en Galicia fronte ao 19 por cento actual. Iso o omiten porque non lles ten cabida no seu discurso. E con omitir, omitir e omitir, o que fan é demostrar, unha vez máis, que prefiren manipular a realidade en vez de afrontala con honestidade.

Mire, vostedes consideran necesario reforzar os recursos, o Partido Popular tamén, e esta bancada da dereita tamén considera que é necesario reforzar os recursos, e o Goberno galego tamén considera necesario reforzalos. Por iso —e como escoitaron onte—, señorías —tanto ao presidente como á conselleira—, dedicáranse 56 millóns de euros para reforzar as políticas de igualdade e para manter e ampliar os recursos, os servizos e as prestacións no ano 2025.

E por iso, dende o Partido Popular, con esa honestidade que non teñen vostedes, pedímoslles hoxe que acepten a emenda que presentamos a esta iniciativa para que a Xunta incremente as prestacións económicas. Estamos de acordo —totalmente de acordo— con que teñen que ser incrementadas as prestacións económicas destinadas ás vítimas de violencia de xénero, co fin de favorecer a súa autonomía económica. Cremos que teñen que incrementarse, pero defendemos que o Goberno galego, que é quen mellor coñece a realidade e as necesidades das vítimas, é o que mellor pode tomar decisións fundamentadas e ten que ter a capacidade de decidir como implementar e onde implementar eses incrementos, co fin último, señorías, de garantir que as axudas sexan eficientes e teñan o maior impacto posible nas vítimas e nas mulleres.

Miren, con subir o IPC das axudas periódicas vostedes cren que xa cumpriron, pois teñen mañá un titular, e con iso está todo resolto. Non é unha estratexia moi innovadora, ¿non?, para abordar un problema tan complexo. E hai moitas formas de protexer as vítimas, e, dende logo, actuando con hipocrisía, non é unha delas. Recordáballelo onte a miña compañeira, a señora Prado, e eu recórdollelo hoxe tamén. Hoxe veñen aquí pedir a subida do IPC das axudas periódicas, pero acaban de solicitar un recorte de crédito de 46 millóns de euros na renda de inserción social de Galicia, na Risga, que, nestes momentos, tamén está a beneficiar moitas desas mulleres, porque, en Galicia, a Risga e as prestacións periódicas de axuda ás vítimas son compatibles. Polo tanto, como é o refrán ese de «con el mazo dando...». ¿Recordas?, ¿sabe o que di ese refrán? Estánlles vendendo ás mulleres que lles dan por un lado, e estánlles quitando o triplo polo outro lado. Ese é o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*) Vostedes non poden ser máis fariseos, señorías. (*Aplausos.*)

Miren, grazas ao traballo de todos conseguimos que Galicia sexa unha comunidade referente a nivel estatal. Vostede mesma recoñeceuno e eu agradézollo. Fomos os primeiros en ter un recurso económico propio para axudar as vítimas; fomos os primeiros en ter unha quenda de garda de apoio ás vítimas; fomos os primeiros en ofrecer vivendas tuteladas para as vítimas con enfermidades mentais; e fomos dos primeiros en recoñecer a violencia dixital. E isto só se consegue traballando xuntos; e, cando digo «traballando xuntos», tamén me estou a referir a non torpedear as medidas que está a poñer en marcha o Goberno galego.

Eu remato xa, señorías, pero quería mandar unha mensaxe de esperanza. A pesar de todo o que estamos a vivir, eu creo que hai cifras que permiten ser optimistas para combater a violencia de xénero. En Galicia, hoxe a taxa de violencia de xénero é a segunda máis baixa do



Estado. Non nos imos conformar ata que o número sexa de cero vítimas, pero iso implica traballar e deixar traballar o Goberno.

Reitero, valoren a nosa emenda porque garante que eses incrementos orzamentarios, señorías, vaian a onde teñen que ir, a onde de verdade axuden as vítimas e onde máis eficaces sexan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ola de novo a todos.

Señora portavoz do Partido Socialista, eu dixen precisamente que a ninguén lle gustaba saír co seu nome nos periódicos, falando da vítima e non do agresor. ¡Home!, non sei se, ao mellor, me equivoquei e dixen do agresor. Eu referíame, precisamente, á vítima, e dixen que a ninguén lle gustaba saír co seu nome nos periódicos facendo —digamos— de coñecemento público, aspectos da súa vida privada. ¡Ao mellor...! —vou mirar o vídeo, ¿eh?— Ao mellor dixen do agresor, pero eu referíame precisamente á vítima.

E, efectivamente, eu tamén penso que cando alguén di «eu axudo miña muller a lavar os pratos» é un micromachismo, ¡bueno!, ou un machismo, porque dá por suposto que ese traballo é da muller. Eu estou totalmente de acordo con que iso non debe ser así, pero eu puxen, precisamente, o exemplo estudado por un sociólogo sobre como se construíra o machismo e, entre outras cousas, con base a iso, precisamente para tratar de deconstruílo.

¡Home! —xa digo—, eu, ao mellor, non me expliquei ben ou, ao mellor, non falo a súa linguaxe porque —¡claro!— vostedes, os do Partido Socialista —digamos— estableceron unha xerga política particular; iso que se chama «a linguaxe politicamente correcta», que é, esencialmente, falar como os do PSOE. E eu voulle dicir unha cousa: eu non falo como a xente do PSOE porque eu non son do PSOE. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Entón eu falo como falo eu.

Vostedes estudaron moi ben ese libro de George Lakoff, *No pienses en un elefante*, que establece o marco lingüístico e di que cando consigues que o adversario fale nos teus termos xa o tes medio vencido. ¡Bueno!, pois a min non me gañan nese sentido. Eu prefiro falar como falo eu. E entón, ao mellor temos un déficit de capacidade comunicativa porque vostede fala nunha xerga e eu falo noutra. ¡Eu falo na miña! —digamos—; falo como falo eu. A min o tema do politicamente correcto, pois bueno..., eu trato de usalo na medida en que a min me parece axeitado.

Entón, volvo repetir, o máis seguro é que eu me equivocase ou que non me soubese explicar, pero cando falaba de que os medios de comunicación, entre outras cousas, teñen que valorar



se o nome da vítima sae nos periódicos —eu penso que non debe saír o nome da vítima—..., e, nese sentido, coincido con vostede. E non soamente ese aspecto é o que teñen que cambiar. Estou dicindo que, ao mellor, se consegue o efecto contrario no xeito en que se consegue.

E cando falabamos da separación do traballo, eu tamén quixen dicir —non sei se o expliquei ben— que esa era unha cousa que había que deconstruír porque está, precisamente, no ADN da estrutura cultural que vén desde hai séculos. E citaba o estudo en que se dicía que ás mulleres tradicionalmente os homes impuxéronlles traballos non acumulativos precisamente, ¿para que?, pois para poder dicir delas que non facían nada. Iso hai que deconstruílo e hai que loitar contra iso, e, por iso dicía que no Estado, onde vostedes teñen representación a nivel nacional, poden organizar campañas nas cales —que xa se están facendo, en gran medida— deixen de masculinizarse ou feminizarse determinados traballos.

Non sei, ao mellor vostede entendeu que eu quería dicir o mesmo que dicía ese señor alcalde acerca de que axudaba a tender a roupa a muller. Iso claro que é un machismo e un micro-machismo. Se eu digo que a axudo, quero dicir que estou dando por suposto que o traballo é dela. ¡Non!, eses traballos son de ambos, como calquera outro traballo; calquera outro traballo é potencialmente asumible por un home ou por unha muller.

Efectivamente, unha das causas polas cales ao mellor unha persoa non se atreve a denunciar —unha das moitas—, sexa, precisamente, para que o seu nome non saia nos periódicos. E é comprensible, a ninguén lle gusta. E volvo repetir que falaba da vítima e non do agresor. E, ao mellor, tamén outra das causas polas cales non se atreven a dar ese paso sexa, precisamente, pola pouca calidade das axudas ou porque non ve claro como vai sobrevivir despois dese trance. E nese sentido, efectivamente, a proposta do BNG paréceme axeitada, polo menos nas intencións.

Aquí se está culpando o Partido Socialista e o partido do BNG porque unha lei que promoveron conseguiu os efectos contrarios aos desexados. É que iso sucede moitas veces —xa o dicía antes—. Eu estou seguro de que non tiñan a intención, nin uns nin os outros, de soltar violadores á rúa. Entón, nese sentido tampouco vexo claro que teñan que entoar o «*mea culpa, mea culpa, mea grandísima culpa*». ¡Home!, non sei, a intención non era esa. ¿Que despois saíu iso? Vai saír moitas máis veces, ao mellor incluso con estas normativas que se propoñen.

E outra cousa que me chama moito a atención do PSOE é que cando as solucións que se propoñen non son as deles significa que non consideras o problema na súa importancia ou que non lle das a importancia que necesita. Mire, un problema pode ser considerado como tal e, ao mellor, en maior magnitude do que a considera o PSOE, e iso non significa que teña que entender que as solucións que propón o PSOE teñan que ser as axeitadas. Entón, moitas veces cando un partido «*equis*» vota en contra das solucións que propón o PSOE a un determinado problema, o feito de que vote en contra das solucións propostas non quere dicir que non recoñeza a existencia do problema, pois esa é unha falacia moi habitual no Partido Socialista. Nós plantexamos este problema e propoñemos esta solución; vótase a solución; se non estás de acordo coa solución proposta, ¿significa que es un negacionista do problema? ¡Non!, esa é unha falacia habitual.



Entón, claro —xa lle digo—, esa clase de cousas creo que as están levando... Ogallá que sigan así, porque, mire, se a miña presenza aquí se debe a algo, probablemente —tampouco estou seguro— se deba á baixada no apoio ao Partido Socialista na miña provincia. Entón, por min, sigan así, con esas dinámicas e con esas falacias, porque, se polo que parece, nós, na provincia de Ourense, somos a alternativa ao PSOE —polo que se ve analizando as cuestións electorais—, pois vostedes sigan así.

Pero —xa lle digo— eu non sei como interpretou vostede que a miña intervención era unha intervención de bar. Ao mellor si, porque —xa lle digo— é moi probable que sexa consecuencia de que eu non falo na súa xerga. (*Murmurios.*) Entón, claro, hai un problema de intercomunicación. Xa lle digo, non é obrigatorio falar como fala sempre o PSOE porque non somos do PSOE, muller.

Efectivamente, imos apoiar a proposta do BNG, polo menos é ben intencionada. As consecuencias nunca se poden coñecer de todo, pero efectivamente un dos maiores problemas que teñen as persoas vítimas destes tratos... E eu, como todos vostedes, levo coñecidos casos concretos, e máis de un, de dous e de tres. Unha cousa é falar en abstracto e outra cousa é coñecer a problemática de persoas que, ás veces, teñen que marchar vivir a outro país e cambiar de identidade en moitos casos. Coñezo algún caso en que algunha muller tivo que cambiar de carné de identidade, por recomendación da propia policía, para poder escapar do seu agresor. Entón, nunca saberemos se as solucións van ser as desexadas, pero, en principio, se alguén non plantexa outra que se demostre mellor, pois apoiáremolas.

E —xa digo— vou apoiar as propostas, tanto do Partido Socialista, como do Partido Popular e como do BNG, porque —eu penso— nas intencións estamos todos de acordo.

Tamén non sei se non estaremos tratando este tema desde un coñecemento parcial; non sei se os expertos que tratan disto son os que asesoran os respectivos partidos políticos nestas propostas de cambios lexislativos. Ogallá sexa así, porque os que están traballando a diario con eses casos son os que coñecen o que pode levar a un verdadeiro resultado positivo e non soamente a un queda ben ante os medios.

Nada máis e grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Pois si, dende o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista pedimos perdón; pedimos perdón ás vítimas de violencia machista polo baixo nivel deste Parlamento (*Aplausos.*) e o bochorno do que hai que escoitar aquí. (*Aplausos.*) E reafirmamos o noso compromiso por avanzar en dereitos, digan o que digan os sectores máis conservadores da sociedade ou da xudicatura e haxa os obstáculos que haxa.



Señora Noelia, vexo que non estivo atenta, se quere ampliar, —como non me dá tempo en tresminutos—, escoite a intervención sobre a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, pois alí explicámolo todo. Pode repetila en bucle, a ver se así podemos falar, por fin, de cousas serias neste Parlamento.

En todo caso, o contido da súa intervención, que para nada falou do tema, é de ton e de acusacións, en fin, que non vou nin cualificar, e dá idea da medición da xenerosidade do Partido Popular que nos anunciaron hoxe ás dez da mañá. ¡Pouco lles durou, ¿eh?! (A señora Presas Bergantiños *verifica a hora no seu reloxo de man.*) Non é nin a unha da tarde. Pouco lles durou a presunta xenerosidade. Ante unha iniciativa en que se recoñece a importancia dese instrumento colectivo —de todos e de todas, dos galegos e das galegas, non de quen estamos sentados aquí—...Recoñécese esa importancia, a importancia de coidar dese recurso, e propónse unha mellora á cal xa chegamos noutras ocasións. ¡Que forma de desprezar unha proposta seria, rigorosa e que podería axudar miles de mulleres o ano que vén! ¡Que lamentable! (Aplausos.)

Mire, nós non imos dar ao Partido Popular un pin lila simplemente por non recortar as axudas, como fixeron no ano 2009; non lle imos dar un pin lila por non recortar aquí servizos que están recortando noutras comunidades autónomas pola presión da extrema dereita; non lle imos dar un pin lila nin lavarlle a cara cando presentan proxectos lexislativos que non supoñen avances en dereitos. Esa é a nosa posición, e esa posición é a que fixo que este país avance a prol da igualdade e contra a violencia machista.

E, mire, aquí o que se di, nesta iniciativa, simplemente é que houbo evidentemente unha pandemia; houbo evidentemente unha crise de prezos sen precedentes; houbo actualizacións económicas en todo tipo de axudas, nas pensións e nos salarios —xa digo—, con debates sobre se son suficientes ou non suficientes nos distintos ámbitos de incremento, porén quedou conxelada no tempo esta prestación periódica, que é un instrumento potentísimo. Quedou tan conxelada no tempo, señora Pérez, (a señora Presas Bergantiños *mostra un documento.*) que isto é o *Diario Oficial de Galiza* do ano 2009 —¡2009, ¿eh?!—: o tramo do IPREM que está entre 1 e menos de 1,5 —¡2009, ¿eh?!— é de 400 euros; (a señora Presas Bergantiños *mostra outro documento.*) no ano 2024, de 300 euros. Aínda hoxe, a base destas axudas é, nalgún dos tramos, menor que a das do ano 2009. Eu creo que todos e todas pagamos máis por repostar, por tomar un café con leite, polo alugueiro ou por calquera cousa que no ano 2009. Mire, só a axuda base de 600 euros, se aplicásemos o IPC, tería que estar nos 802 euros, isto é, tería que ter un aumento do 33 por cento.

Hoxe o que pedimos é que, cando menos, se aplique o IPC medio dos dous últimos anos. Díxenllo antes, é unha suba entre trinta e sesenta euros —entre trinta e sesenta euros—. ¿Que supón iso para un orzamento da Xunta? ¡Nada, nada! ¿Que supón iso para unha muller vítima de violencia machista que necesite ese recurso para saír adiante? ¡Supón todo, señora Pérez! ¡Entón, polo menos, respecte as propostas da oposición! (Aplausos.)

En todo caso —remato xa—, sobre as emendas —como grazas a unha solicitude de cambio da orde do día da señora Longueira, aínda hai marxe porque vai haber outro debate a continuación—, eu fago unha proposta de transacción aos dous grupos: incorporamos a pro-



posta do Partido Socialista porque efectivamente parécenos interesante e matizamos a nosa proposta, recollendo parte do compromiso do Partido Popular; pero a emenda do Partido Popular di que se aumenten medidas económicas. Nós dicimos «si», pero comprometamos que se vai aumentar a axuda periódica para xaneiro de 2025. E retiramos a concreción do IPC medio dos dous últimos anos, por se ese é o problema. Se a Xunta considera que iso é excesivo e que hai que facer unha suba máis baixa, estamos dispostas a negociar; estamos dispostas, pero a cuestión de fondo é: ¿queremos que se incrementen as axudas periódicas que están conxeladas, nalgún caso, desde o ano 2009, e que, en todo caso, desde o ano 2018 non se amplían?; ¿si ou non? ¿Queremos que unha parte do orzamento da Xunta, habendo capacidade económica...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...aumente un recurso que xa axudou case oito mil persoas neste país?; ¿si ou non? Ese é o noso compromiso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as actuacións que o Goberno galego debe promover co obxectivo de mellorar a situación e a atención das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA)

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada María Encarna Amigo Díaz, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Manter nos orzamentos de 2025 unha partida orzamentaria que de resposta aos 350 afectados de ELA en Galicia.

Atender á demanda de formar e estruturar a atención socio sanitaria especializada para enfermos de ELA, toda vez que a casuística destes enfermos leva aparelada o manexo de técnicas e tecnoloxía específica.

Reducir a carga burocrática para atender aos doentes, implementando a consulta de acto único nas áreas sanitarias de Galicia, realizando, ademais, un rexistro de pacientes.

Garantirlle ós enfermos un seguimento e unha atención multidisciplinar dentro dos circuitos establecidos e seguindo ó marcado pola Lei 3/2024, do 30 de outubro, para mellorar a calidade de vida



de persoas con Esclerose Lateral Amiotrófica e outras enfermidades ou procesos de alta complexidade e curso irreversible, para o que contará coa transferencia de recursos necesaria por parte do Goberno Central para dar cumprimento ó recollido na lei estatal.

Incrementar o orzamento público sobre a investigación desta enfermidade e as súas consecuencias, tal e como o contempla na Lei ELA.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Hoxe traemos a este Parlamento unha proposta —entendemos desde o PSdeG— que non debería xerar divisións porque se trata dunha cuestión, primeiro, de humanidade, despois, de xustiza e, evidentemente, de compromiso cos dereitos das persoas máis vulnerables.

Falamos de materializar unha serie de peticións que atenden as necesidades básicas dos enfermos de ELA, amparados, como están, por unha normativa que pretende ofrecer un marco integral de apoio, de protección e de esperanza a quen padecen a esclerose lateral amiotrófica —a ELA— e, por suposto, ás súas familias.

Como sabemos, a esclerose lateral amiotrófica é unha enfermidade neurodexenerativa, de carácter progresivo, que afecta as neuronas motoras, levando á perda da mobilidade, da fala, da capacidade deglutir e, finalmente, de respirar. En Galicia estímase que ao redor de 350 persoas viven con esta enfermidade; un número que pode parecer pequeno, pero que agocha realidades devastadoras para quen a padecen e para as súas familias. En España diagnóstícanse aproximadamente 1.000 casos de ELA ao ano, mentres a esperanza de vida tras o diagnóstico oscila entre os tres e os cinco anos, dependendo do acceso a coidados especializados. Isto é moi importante. Este período reducido de vida basicamente depende dos coidados que poidan darse, ou darlles, aos enfermos de ELA.

Existen 4.000 persoas en España diagnosticadas con ELA e con outras enfermidades neurodexenerativas. O 55 por cento dos enfermos son varóns e o 45 por cento son mulleres, con idades que van entre os corenta e os setenta anos. Afecta as neuronas motoras do cerebro e a medula espinal, que elimina de xeito progresivo, producindo unha atrofia muscular ata que o paciente queda totalmente inmóbil, sen poder comer, falar ou respirar, pero coas facultades mentais e cognitivas intactas. A esperanza de vida é, como media —dicíamos antes—, de tres a cinco anos, aínda que poden existir variacións. Ao redor do cincuenta por cento dos pacientes viven tres ou máis anos despois da detección; ao redor do vinte por cento dos pacientes, cinco ou máis anos; e, excepcionalmente, un dez por cento sobrevive máis de dez anos. Galicia, coa súa dispersión xeográfica e co envellecemento po-boacional, enfronta retos adicionais, como a falta de recursos accesibles no ámbito rural e como a necesidade de servizos domiciliarios. Este contexto exíxenos actuar con urxencia e con compromiso.



Para que teñamos unha idea do que supón esta breve pero terrorífica enfermidade, os gastos iniciais anuais estímense en 37.000 euros para quen a padecen, entre os desprazamentos, a fisioterapia, as adaptacións da vivenda e o coche; a cifra vaise incrementando ata os 95.000 euros ao ano, na fase intermedia e en 114.000, na fase avanzada. Son cantidades que se precisan, sobre todo —e isto é o máis cruel—, para seguir vivos. É dicir, as persoas que non teñan esta dispoñibilidade morren dunha forma terrible, evidentemente, pero morren. Quero dicir, non hai posibilidade de seguir vivo se non existen estas axudas económicas, porque un enfermo de ELA non ten ningunha capacidade per se para sobrevivir, se non é coa axuda familiar ou coa axuda especializada de sanitarios.

A lei ELA, aprobada o pasado mes de outubro no Congreso dos Deputados, busca ser un pilar fundamental para as persoas afectadas e para as súas familias, abordando a enfermidade desde un enfoque integral e garantindo dereitos fundamentais que hoxe, desgraciadamente, non sempre están asegurados. Entre os seus obxectivos destacan: primeiro, garantir o acceso a unha atención sanitaria especializada, o que implica a creación de unidades de referencia que coordinen o diagnóstico temperán e tamén o tratamento e o seguimento do mesmo. Segundo, fortalecer o apoio sociosanitario: as familias son o principal sustento dos pacientes. A miúdo son persoas que deixan a súa actividade laboral —algunhas, con recursos, outras, con poucos recursos— porque o enfermo precisa dunha atención continuada, 24 horas. Iso leva unha cuestión económica, pero tamén unha cuestión emocional. A lei contempla axudas económicas, asesoramento psicolóxico e programas de respiro familiar. Terceiro, promover a investigación é fundamental —fundamental—. Non só estamos aquí para tratar de facer unha vida mellor a estes enfermos, senón para traballar para que, a través da investigación, isto poida deterse, mellorarse ou, polo menos, paliar da mellor forma posible o desenvolvemento da enfermidade e, sobre todo, o curso que ten que levar. E por último, visibilizar a enfermidade, posto que o descoñecemento social —como todos sabemos— xera barreiras adicionais. A lei prevén campañas de sensibilización que combaten os prexuízos e fomentan a solidariedade. Pero antes —como dicía— está tamén a investigación.

En canto aos beneficios para os enfermos e as familias, coa lei que temos hoxe na man, a través do Congreso dos Deputados e, despois, en Galicia, fíxose unha normativa, e —entendo— as comunidades irán desenvolver a lei parcialmente. En Galicia beneficiaranse, de maneira directa, cos seguintes aspectos: en primeiro lugar, con atención sanitaria especializada e accesible, mediante a creación desas unidades multidisciplinares que concentran especialistas en neuroloxía, en pneumoloxía, en nutrición, en fisioterapia, en psicoloxía..., reducindo os desprazamentos e optimizando os diagnósticos, porque cada vez que un enfermo de ELA —e sabémolo aquí no Parlamento, quen estivo con eles nunha reunión hai apenas uns meses— realiza, ou ten que realizar, un desprazamento, hai todo un dispositivo complexo e complicado ao seu redor para que poida mobilizarse. A incorporación de equipos móbiles para a atención domiciliaria, especialmente nas zonas rurais, garantindo que ningún quede atrás por vivir lonxe dos centros urbanos e a ampliación da carteira de servizos do Sergas para incluír as terapias respiratorias avanzadas e os dispositivos de comunicación aumentativa. En segundo lugar, con apoio económico e social para a familia, mediante o incremento das prestacións económicas vinculadas ao grao de dependencia, reducindo a espera para a súa valoración e tramitación; mediante subvencións para adaptar as vivendas e os



vehículos, que son fundamentais para manter a autonomía do paciente; e mediante a creación de programas de respiro familiar.

Mencionabamos, no primeiro apartado, a promoción da investigación a través da dotación de fondos específicos para proxectos en universidades e en hospitais galegos, fomentando a colaboración coas redes internacionais e o acceso prioritario a ensaios clínicos para pacientes galegos, posicionando, así, a Galicia como referente en innovación terapéutica.

Esta lei non é só un conxunto de medidas técnicas, senón unha declaración de principios. O PSOE defendeu historicamente os dereitos das persoas dependentes impulsando leis, como a Lei de dependencia no ano 2006, pero a ELA require respostas específicas e urxentes que esta normativa está a reforzar.

É responsabilidade deste Parlamento atender as peticións —por outro lado, xustificadísimas e que chegan tarde— de asociacións como a Asociación Galega de Afectados por ELA (AGAELA). Precisamente, das reunións que mantivemos con AGAELA xorde esta proposición. Non é unha cuestión baladí, o que reflectimos nesta proposición é exactamente o que foi transmitido por estes usuarios e por estes familiares que estiveron connosco aquí, en sede parlamentaria.

Nós trasladamos nesta petición —e eu sei que o Partido Popular ten a idea de facer só catro destas proposicións que nós pedimos— ...e nós estamos obrigados, porque así nos comprometemos con AGAELA, a traer aquí as seis peticións que facían, e —creo— nalgunha aínda quedamos cortas porque pedían tamén, basicamente, unha formación específica para aquelas persoas que atenden a domicilio, porque é difícil, é dicir, non é simplemente unha cuestión de postura, ou de colocar, ou de tratar de que o enfermo teña unha boa vida, senón que hai unha serie de dispositivos e de prácticas, cos cales, formando as persoas que traballen en atención a domicilio, poderemos facer que estes sexan un hábito que poida incorporarse á vivenda e á vida familiar.

Nesta proposición, pedimos incluír no orzamento do ano 2025 unha partida orzamentaria que dea resposta aos 350 afectados en Galicia; pedimos atender a demanda para formar e estruturar a atención sociosanitaria especializada para enfermos de ELA, toda vez que a casuística dos enfermos leva aparelada o manexo de técnicas e de tecnoloxía específica; pedimos reducir a carga burocrática para atender os doentes, implementando a consulta de acto único nas áreas sanitarias de Galicia; pedimos garantirlles aos enfermos un seguimento trimestral en atención psicolóxica e o acceso á rehabilitación. E aquí van as outras dúas peticións — coas cales sabemos que o PP non está de acordo ou non as pode apoiar nesta iniciativa—, que eran: primeira, axilizar ao máximo a tramitación do Plan de atención individualizada e proceder de oficio á revisión de grao coa maior brevidade, garantindo as condicións laborais dos coidadores e das coidadoras, o que é fundamental porque o tempo corre na súa contra e é limitado. E por último, incrementar o orzamento público sobre a investigación desta enfermidade e das súas consecuencias, tal e como contempla a lei ELA.

Eu espero que as acepten todas. É, basicamente, o que nos piden os enfermos e as súas familias. Non é un brinde ao sol do Partido Socialista; non é unha chamada ás expectativas,



senón que son as necesidades daqueles que non poden estar hoxe aquí arriba escoitando con nós —e posiblemente o estean escoitando nas súas casas, ou o estean escoitando as súas familias— porque non puideron desprazarse hoxe aquí simplemente para escoitar o que lles piden para que a súa vida mellore, por breve que sexa.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días a todos.

Moitas grazas, presidente.

Quero que as miñas primeiras palabras sexan de lembranza a Pancho Fernández, un lucense que faleceu este sábado por causa da ELA, e no seu nome, quero amosar a nosa solidariedade con todas as vítimas desta enfermidade e cos seus familiares. (*Aplausos.*) Desde Galicia, seguiremos traballando para apoiar estas persoas no seu difícil proceso.

E quero tamén dicir alto e claro que estou orgullosa de vivir nunha comunidade, Galicia, que foi consciente e sensible, señora Longueira —consciente e sensible—. En Galicia tivemos o primeiro Goberno autonómico que deu axudas directas inmediatas aos enfermos de ELA: 12.000 euros ao ano. E o Partido Popular, no cal teño a honra de militar, deu a batalla ata conseguir desbloquear a lei ELA, que Moncloa tiña paralizada e gardada nun caixón, e que hoxe é unha realidade grazas ao esforzo de moitos, empezando polas asociacións de enfermos, que fixeron, fan e seguen a facer un labor impagable.

Efectivamente, señora Longueira, tal e como vostedes afirmaron na súa exposición de motivos, o pasado 10 de outubro aprobouse por unanimidade no Congreso dos Deputados a lei ELA, co apoio de todos os grupos parlamentarios. Pero, mire, ¡sen tempo non foi! Iso que os enfermos pedían non foi sen tempo: dúas lexislaturas fixeron falta para convencerlos, pero o máis importante agora, fóra de reproches, é que esa lei xa está en vigor, e que os doentes de ELA van poder obter uns dereitos, que son de xustiza, e mellorar as súas condicións de vida.

Pero —volvo insistir— é fundamental recoñecer que a aprobación desta lei foi froito de moitos anos de traballo de moitas asociacións, de moitas familias e de persoas enfermas de ELA de toda España; asociacións e persoas que dedicaron todo o seu tempo e esforzo para que fose unha realidade. A todos eles, desde aquí, queremos transmitirles o noso compromiso de seguir, ao seu lado, no camiño que aínda queda por percorrer. Grazas por todo o empeño e a dedicación a todas estas persoas. E non foi un camiño sinxelo, señora Longueira.

O que vostede non menciona é que a tramitación desta lei estivo paralizada máis de tres anos. Non sei onde estaba, entón, esa sensibilidade de que vostede falaba no seu partido. E os principais prexudicados deste atraso non foron outros que os doentes de ELA e as súas



familias. A súa tramitación estivo tres anos bloqueada por parte do PSOE e de Sumar. O Goberno central chegou a bloquear a tramitación da lei ELA ata 37 veces nun ano, sen dar ningún tipo de explicación —je logo falan do rodillo!—; un bloqueo inexplicable, xa que o Congreso aprobou por unanimidade a súa toma en consideración, e isto xerou moita esperanza e moita expectativa, que se frustrou, de maneira inxustificada, meses despois. Unidas Podemos xustificaba este bloqueo porque quería que a lei se aplicase tamén a outras enfermidades neurodexenerativas e o PSOE nin se inmutou e evitou dar explicacións en todo momento, alegando que o Goberno creara un grupo de traballo.

E, señorías, aprobada a lei, evidentemente é un punto de partida, pero aínda queda moito camiño por percorrer. Unha vez publicada é necesario que o seu desenvolvemento regulamentario se leve a cabo canto antes e se adxudique a dotación orzamentaria. Regulamento e orzamento, condicións absolutamente necesarias para que esta lei chegue a ser de verdade unha realidade na vida dos afectados. É imprescindible acompañala dunha dotación orzamentaria, de medios económicos suficientes destinados ás comunidades autónomas, que son, en definitiva, as encargadas de poñer en marcha moitas destas medidas; por exemplo, eses coidados especializados nos domicilios, durante as 24 horas do día, para pacientes en fases avanzadas, e outras prestacións que contempla a lei. A mesma Asociación Española de Esclerose Lateral Amiotrófica está a reclamar isto mesmo ao Goberno central.

Vostedes obvian isto, pois na súa PNL celebran a aprobación da lei e poñen deberes á Xunta. «¡Hace falta valor!» ¿eh?, como di a canción de Radio Futura. Señores do PSOE, ¡leccións aquí ningunha! Miren, fronte aos atrancos de Sánchez está o compromiso do Goberno de Alfonso Rueda. Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención das persoas diagnosticadas con esclerose lateral amiotrófica; (*A señora Amigo Díaz mostra un recorte de prensa.*) Galicia é a única comunidade con axudas directas para ELA, e por terceiro ano consecutivo, sen esperar a lei, señorías.

O Goberno galego aprobou unhas axudas pioneiras, con apoio de 12.000 euros ao ano, dirixidas a todas as persoas diagnosticadas con esta enfermidade. Eu non sei se o sabe, pero habilitouse unha vía clínica directa en cada centro hospitalario para axilizar o diagnóstico e púxose en marcha unha vía preferente para as solicitudes de dependencia das persoas afectadas pola ELA, que se tramitan en menos de un mes. Ese foi sempre o obxectivo do Goberno galego, é dicir, reducir ao máximo os tempos de agarda nos procesos de valoración da dependencia e da discapacidade. Deste xeito, a partir de agora, unicamente haberá que presentar as solicitudes, sen necesidade de aportar outro documento. Ademais, nos casos en que se solicite tamén a discapacidade vanse resolver ambos os procesos conxuntamente.

Estas modificacións que forman parte, moitas delas, desa Lei de medidas que tanto critican cara á galería e que temos en tramitación, dan continuidade a outras reformas previas co mesmo obxectivo, é dicir, rebaixar os tempos de agarda pese a que o Goberno central continúa a incumprir as súas obrigas en materia de financiamento. A lei contempla que ten que financiar o cincuenta por cento do investimento en dependencia, e, vostedes saben que levan anos aportando soamente o trinta por cento, xerando unha débeda con todos os galegos que supera xa os 2.500 millóns de euros. Esta é a realidade.



Señorías, nós non temos que esperar a que o PSOE rexistre a súa iniciativa para actuar. Xa nos orzamentos do ano 2025, e por terceiro ano consecutivo, vólvense destinar 3 millóns de euros para axudar, con 12.000 euros anuais, todas as persoas diagnosticadas de ELA. (*Aplausos.*) ¡Leccións, ningunha!; ningunha lección, señora Longueira. (*Aplausos.*) Galicia é a única comunidade autónoma que ofrece este tipo de axuda directa. Ademais, e como novidade nesta edición, tamén poderán ser beneficiarios os afectados non só por esclerose lateral primaria, senón tamén os afectados por esclerose amiotrófica espinal progresiva. Ademais, estas axudas son compatibles con calquera outro servizo ou achega económica pública. Nós presentamos unha emenda, matizando esa iniciativa porque, ¿en que criterios se basean para impoñer un seguimento trimestral a estes doentes?; ¿por que non mensual?; ¿ou por que non bimensual? Cremos que este aspecto, recollido no apartado 4 da súa iniciativa, é, de todo punto, desacertado. Consideramos que deben ser os profesionais sanitarios os que teñan que fixar, con base en criterios clínicos, cando realizar estes seguimentos.

E conclúo xa. Hai feitos evidentes e incuestionables, pois a Xunta de Galicia leva anos traballando arreo na mellora da calidade asistencial dos pacientes diagnosticados con enfermidades neurodexenerativas e, desde logo, non dubiden de que a Xunta de Galicia actualizará o proceso asistencial integrado de ELA, aprobado no ano 2018, para adecualo á normativa estatal. Trátase dun proxecto implantado xa en todas as áreas sanitarias galegas.

E en relación co incremento do recurso público para a investigación desta enfermidade, o compromiso do Goberno galego coa investigación sanitaria queda acreditado con eses 23,3 millóns de euros que se reservan para este fin e que se complementan, ademais, cos 47,4 millóns de euros destinados a financiar as actividades das tres fundacións públicas galegas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Moitas grazas, presidente.

Ola de novo.

Efectivamente, como se dixo aquí, é unha enfermidade terrible. Eu penso que probablemente todos nós, por desgraza, seguramente coñecemos, de xeito máis ou menos directo, algún caso concreto, ou máis dun, e coñecemos o que é o inferno progresivo na vida das persoas afectadas por esta enfermidade.

É unha enfermidade curiosa, na miña opinión, porque as neuronas que controlan o corpo, as que controlan os músculos voluntarios defectúanse, pero non se ven afectadas, para nada, as que nos fan pensar, as que nos fan reflexionar e as que nos fan ver as cousas da vida; entón, é terrible ver como unha persoa un día perde a mobilidade dun brazo e, ao mellor, ao principio atribúeo a calquera outra cousa, como a unha postura ou como a durmir mal. Pero despois empeza a ver as orellas ao lobo e empézase a dar conta de que, ao outro día, perde



un pouco máis de mobilidade noutra parte do corpo. Despois diagnósticaselle e, logo, empezan os terribles momentos en que un día deixa de poder tragar ben, outro día hai que lle dar de comer ou de beber por unha palliña etcétera, etcétera. E todo iso sucede mentres a persoa mantén a súa total lucidez. Déronse moitos casos, incluso en persoas de alto valor intelectual; seguramente coñecen casos de científicos, historiadores, escritores..., que padeceron a enfermidade e que transmitiron a través dos seus libros ou das súas experiencias un pouco o que é esa agonía terrible, prolongada no tempo, sobre todo sabendo que, ao mellor, non había solución. Por iso a importancia da investigación, efectivamente, de que se falaba na moción. A única solución é a investigación científica e esperar, pois, a que nalgún momento exista unha terapia para curala ou para minimizar os seus efectos.

E, desde logo, esa enfermidade, á parte de afectar de xeito terrible o afectado directo, pois afecta tamén a súa familia directa, a súa esposa ou o seu esposo, ou os seus fillos, ou os seus familiares, que teñen que darlle atención para suplir a perda progresiva da autosuficiencia nas súas funcións vitais e no resto dos aspectos da vida.

Efectivamente, mentres non exista unha solución terapéutica e mentres non haxa unha cura para esta enfermidade, o único que se pode facer é axudar o afectado e axudar as súas familias a sobrelevalo o mellor posible, cos tratamentos que vaia habendo, sobre todo asistindo tamén a parte psicolóxica. Moitas desas persoas habitualmente incluso queren seguir realizando o seu labor intelectual. Estou pensando nun caso concreto da cidade de Ourense, un historiador coñecido que deixou un bo legado e que se viu afectado nos últimos anos por esa enfermidade. E os que tivemos a sorte de coñecelo e de tratalo, seguimos case a diario a evolución da súa enfermidade, polo que, podemos dar fe da súa lucidez mental e psicolóxica ata o último momento e das aportacións, que seguiu facendo, neste caso concreto, ata o final.

Non podemos máis que apoiar esta clase de iniciativas e de apoiar a xente. Xa non entro en detalles técnicos, como que se o control, por parte dos facultativos, ten que ser cada tres meses ou cada dous. Eu imaxino que como esta enfermidade —digamos— ten unha aceleración, é dicir, vai evolucionando de xeito máis rápido a medida que se achega o desenlace indesexado, os controis terán que ser cada vez máis reducidos no tempo, pero iso xa é unha decisión que é dos facultativos —como dicía a portavoz do Partido Popular—.

En todo caso, non creo que iso sexa óbice para deixar de apoiar a moción. É unha cuestión que, chegado o momento, os propios facultativos resolverían.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Moi bo día.

Grazas, presidente.



Quero comezar esta intervención agradecendo, recoñecendo e poñendo en valor, en nome de todo o Bloque Nacionalista Galego, todo o traballo desenvolvido polos pacientes, polas asociacións de pacientes, polos familiares e polos diferentes colectivos que se mobilizaron para blindar na lei os seus dereitos, que enfrontaron o trámite dun texto lexislativo para que os seus dereitos non ficasen no baleiro e que non desistiron ata que hai só unhas semanas se aprobou no Congreso español a xa coñecida como a lei ELA. Unha mostra de que organizadas podemos conseguir cousas e podemos facer que o mundo avance; unha mostra de que a loita incansable é o único camiño para podermos avanzar. *(Aplausos.)*

A lei ELA é unha lei valiosa, pero é unha lei que amosa tamén nos seus poucos artigos as propias eivas que ten o sistema. Dícían as propias impulsoras da lei que agora viña o reto de efectivizar o que nela se recolle. E permítanme coller tan só un pequeno exemplo: o artigo 4.2, que é o que establece un prazo máximo de tres meses para a resolución da revisión do grao de discapacidade, é algo que pode parecer unha utopía se miramos para o noso sistema actual. Poño enriba da mesa, unha vez máis, por exemplo, os tempos para a valoración do grao de dependencia que sufrimos no noso país. Hai persoas que agardan ata dous anos por unha valoración; hai moitas non poden agardar e as familias teñen que buscar algún tipo de solución; e hai moitas persoas que, tristemente, falecen nesa espera, sen que a administración fose capaz de darlles unha resposta. Tempos que son denunciados de xeito reiterado por persoas dependentes, por familias, por formacións políticas ou incluso polo propio Colexio Oficial de Traballo Social, tendo sempre moi pouca resposta da Consellería.

Decía que a lei ELA era valiosa, pero que mostraba as eivas do sistema e esta é precisamente unha delas, é dicir, dous anos de espera nunha patoloxía que ten unha esperanza de vida que, de media, se sitúa nos catro ou cinco anos desde o diagnóstico, serían unha barbaridade. Por iso no BNG agardamos que a lei se cumpra e, sobre todo, que sirva como estímulo para mellorar a atención a todas as persoas dependentes, porque é certo que patoloxías tan devastadoras como esta nos poñen os pelos de punta, pero non podemos permitir que outras de curso máis lento nos deixen impasibles mentres hai persoas agardando e sufrindo. Por iso, tamén é importante o que se recolle nesta iniciativa para axilizar a tramitación do Plan de atención individualizada. Casualmente non aparece recollido na emenda do Partido Popular —non sei se por erro—. *(Pausa.) (A señora Carreira Pazos olla para a bancada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.)* Eu creo que non está recollido, pero, de todas as formas, as persoas dependentes non poden estar agardando sine día pola aprobación dese PAI.

É certo tamén que o Goberno da Xunta de Galiza creou unhas axudas económicas para as persoas con ELA: 12.000 euros ao ano para facer fronte a diferentes gastos que supón este diagnóstico. Mais isto non é suficiente. A Xunta de Galiza non pode eludir a súa responsabilidade como Administración pública.

No BNG temos denunciado en numerosas ocasións a insuficiente, para non dicir paupérrima, rede de coidados pública: a falta de residencias públicas, de centros de día ou a situación do servizo de axuda no fogar, infrafinanciado e sostido na precariedade das traballadoras.

No BNG entendemos que, máis alá de axudas económicas —que son importantes porque hai moitos gastos que enfrontar derivados despois do diagnóstico desta enfermidade, e que estes



12.000 euros poden supor un verdadeiro respiro para moitas familias —, tamén é necesario contar cunha rede pública de coidados que poida brindar a atención que estas persoas precisan. Falamos de persoas que van precisar, por exemplo, como se recolle na propia lei, fisioterapia domiciliaria, pero tamén doutra serie de coidados, porque o que non precisa, sen lugar a dúbidas, ningunha persoa con ELA ou con calquera dependencia é ter que poñerse a buscar os centros e os servizos privados que lle presten a asistencia que debería prestarlle o sistema público, e, máis aínda, aquelas persoas que viven no rural.

Falaba hoxe a señora conselleira, á primeira hora da mañá, do Bono de coidados no fogar, que non deixa de ser outro exemplo tamén da política do Partido Popular, é dicir, un modelo de drenaxe de cartos públicos para a privada e de reforzar os coidados familiares non profesionais, antes que apostar por unha rede pública de servizos de atención ao benestar forte e ben dotada. Cómpre lembrar que a propia Lei de dependencia prioriza o acceso a servizos, ben sexa ao servizo de axuda no fogar, a residencias, a centros de día, a asistencia persoal, a teleasistencia etcétera, fronte a bonos e a axudas económicas, co obxectivo de profesionalizar o coidado e garantir maiores cotas de benestar no sistema público. E, ao final, en Galiza o que temos é unha escaseza enorme de prazas públicas sen servizos esenciais de atención a persoas dependentes e a persoas con discapacidade. No BNG defendemos que o primeiro é reforzar esta rede pública, claramente insuficiente no día de hoxe, para dar resposta ás demandas e ás necesidades da poboación e das persoas con algún grao de dependencia.

Nesta liña, xa temos formulado, en numerosas ocasións, a necesidade de apostar por outro modelo de coidados centrado na atención domiciliaria e en garantir a maior independencia e autonomía posible a todas as persoas, mediante unha rede de servizos próximos, comunitarios e públicos. Cobra especial importancia, por exemplo, unha maior especialización do servizo de axuda no fogar que sexa capaz de atender as necesidades específicas e particulares destas persoas dependentes, porque os coidados teñen que estar especializados, e non como fai aquí o Partido Popular, que mete pacientes con trastornos psiquiátricos en residencias de maiores, como se se tratasen dun rocho e non de persoas cunhas necesidades específicas —algo que, por certo, o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid acaba de condenar—.

E para rematar, falaba a señora Amigo de que estaba acreditada a aposta pola investigación sanitaria con eses 23,3 millóns de euros que aparecen reflectidos no orzamento para o ano 2025. A pregunta é, se está acreditada esa aposta pola investigación, ¿por que se reduce a investigación sanitaria en 3 millóns a respecto do orzado para o ano 2024? Se a aposta é real, ¿por que reducen o orzamento en investigación sanitaria e non o potencian e invisten máis para investigar en enfermidades, coma a ELA e coma tantas outras, que, no día de hoxe, seguen sendo un gran campo de estudo que está por descubrir? De nada valen os brindes ao sol. Fan falta cartos e fai falta orzamento e non recortes que se consolidan orzamento tras orzamento.

Do mesmo xeito que fixemos coa lei ELA, no BNG imos apoiar esta proposición non de lei, e apoiarémola co convencemento absoluto de que todas as persoas temos dereitos, e que as administracións teñen que garantilos, máis aínda en situacións de vulnerabilidade, como a que vén despois do diagnóstico dunha enfermidade, como é a ELA ou como poden ser trastornos neurodexenerativos.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Grazas ao BNG e a Democracia Ourensana polo apoio á moción.

Señora Amigo —desde o afecto, ¿eh?—, eu cando cheguei aquí o primeiro día —que foi hai xa oito meses—, recordo que tiven unha intervención, na cal estaba a conselleira de Asuntos Sociais, e recordeille o mesmo: vostedes gobernan, ¡noraboa! E gobernar é facer. Xa sabemos que sacaron os 12.000 euros para os enfermos de ELA, xa sabemos que estiveron con eles e que deron certo apoio, pero é o que teñen que facer, é dicir, gobernar. Gobernar é decidir; é axudar a xente. Vostedes poden facelo porque gobernan, nós non podemos. Nós gobernamos no Estado español e fixemos unha lei; vostedes gobernan aquí, déanlle contido; déanlle para adiante.

Ademais, mire, hai unha cuestión, teñen este hemiciclo como se fose un ring, ¡e non!, aquí a xente vén propoñer. (*A señora Longueira Castro diríxese á señora Amigo Díaz.*) —si, xa sei que lle farta—. Mire, teñen este hemiciclo como se fose un ring e a xente non vén aquí pelexar e lanzar bofetadas uns aos outros. Veñen tamén propoñer. E o único que queremos facer con esta proposición —é unha lástima que lle escribisen ese texto, que é totalmente inimigo e contrario ao seu apelido; é totalmente inimigo do que se debería facer aquí— ... É unha proposición desde o dereito á humildade, e desde o dereito a facer unha lei, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) e desde o dereito a facer mellor unha proposición. Non é unha proposición para facer inimidades nin para desbotar un tema tan importante como é a ELA. Pero, ¡claro!, se vimos aquí pensando que isto é para darnos bofetadas... ¡Claro!, por iso le vostede estes textos tan terribles...

Entón, nós recoñecemos o que fixo o Partido Popular e recoñéceno os enfermos de ELA cando viñeron aquí. Non temos nada que dicir ao respecto, pero hai que dar pulsión ás leis; hai que facelas grandes para que non queden durmidas. Vostedes rebaixaron o orzamento en investigación, porque non é soamente cuestión de paliar, senón que é cuestión de que non exista unha enfermidade. (*Aplausos.*) E vostedes pensan que cando fan algo... —que está moi ben o que fixeron: Galicia está recoñecida como unha comunidade...— Por certo, sabemos todos que foi grazas á teimosía dunha persoa que estaba dentro dos Servizos Sociais. Entón, benvida sexa a amabilidade dos estraños, que fan capaz que estas cousas acontezan.

Entón, vostedes están aí, pero nós queremos máis e os enfermos queren máis, e, simplemente vimos aquí propoñer. ¿Que a vostede lle parece que non debiamos dicir «trimestral»? ¡Moi ben!, cambiaríamos iso; non hai ningún problema. Pero é que queremos máis e queremos unha pulsión sobre a lei, e que esa lei se desenvolva para que non quede só no papel ou só nunha pequena iniciativa, porque teñen o tempo contado. ¡Teñen o tempo contado!, e non podemos estar pensando en que con cuestións como simplemente paliar a enfermidade



imos solventalas. Hai que facer investigación e hai que apoiarse nesa investigación, tanto a nivel nacional como internacional, porque, desgraciadamente, a enfermidade é así.

Entón, eu sinto ben que isto non puidese chegar a un acordo, vía consenso, porque, de verdade, non podía ser a cousa máis suave e máis agarimosa neste sentido. Sinto moito que teña vostede que ler o texto que lle escribiron, que é altamente ofensivo. (*Murmurios.*) (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora LONGUEIRA CASTRO: Eu estiven calada cando vostede falou; (*Aplausos.*) eu estiven calada cando vostede falou. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora LONGUEIRA CASTRO: Era un texto terrible, señora Amigo —terrible—, porque aquí non vimos pelexarnos, vimos facer grande o que vostedes deron para adiante, pero parece ser que iso nin sequera lle chega.

Eu sinto moito que non saia para adiante, pero, ¡bueno!, talvez noutro momento, porque seguiremos insistindo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Acepta a emenda?

¿Sobre a emenda? ¿Entendo que non acepta a emenda do PP? ¿Acéptaa? Non.

Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Entón, procedemos á votación.

Imos votar as proposicións non de lei. Ímolas votar segundo estaban rexistradas, e non coas alteracións da orde do día.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Carreira.

Non se presentaron emendas.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Iria Carreira Pazos e oito deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe ás unidades de reprodución asistida do Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Trenor.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que constitúa a Comisión Mixta de Transferencias e materialice o traspaso dos medios materiais e persoais necesarios para xestionar o litoral da comunidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Raquel Arias.*

Había unha proposta de transacción. ¿Haina? Hai unha proposta de transacción con todos os grupos, que é a 11.407, que xa coñecen todos.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e sete deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da política contra a violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade o texto transaccionado desta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Silvia Longueira.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(A señora Amigo Díaz solicita o uso da palabra.)

¿Si, señora Amigo?

(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)

Dean voz ao escano.

A señora AMIGO DÍAZ: Quero dicir que teño a capacidade e o coñecemento suficiente, e pido a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: Non sei se lla acepta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
¿Aceptalle a votación por puntos, señora Longueira? *(Negación.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Silvia Longueira Castro e D^a María Elena Espinosa Mangana, sobre as actuacións que o Goberno galego debe promover co obxectivo de mellorar a situación e a atención das persoas enfermas de esclerose lateral amiotrófica (ELA).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista.

(A señora Castro Rey pide o uso da palabra.)

¿Si, señora Castro?

(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)

Dean voz ao escano da señora Castro.

A señora CASTRO REY: Téñoa por escrito para trasladarlla á Mesa, pero aceptamos unha transacción co Partido Popular consistente en quitar o termo «obrigatoriedade», do



punto 3, e o termo «período de sesións», do punto 5; e despois tamén, co BNG, no termo de incluír a súa proposta no punto 8, é dicir, engadir a súa emenda ao punto 8.

O señor PRESIDENTE: ¿Esa é a proposta de transacción? ¿Están de acordo coa proposta de transacción?

(A señora PÉREZ LÓPEZ pide o uso da palabra.)

¿Si, señora Pérez?

Dean voz ao escano da señora Pérez.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Con esa proposta estamos de acordo, pero nós pedimos ao Partido Socialista a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Votación por puntos? ¿Acepta vostede a votación por puntos? *(Asentimiento.)* Correcto.

¿Que puntos quere separar?

A señora PÉREZ LÓPEZ: Queremos separar en dous bloques, presidente. Por un lado, os puntos 1, 2, 3, 5, 6, 10 e 11.

O señor PRESIDENTE: ¿Si?

A señora PÉREZ LÓPEZ: E, por outro lado, noutro bloque, os puntos 4, 7, 8 e 9.

O señor PRESIDENTE: Ou sexa, os restantes.

Bueno, comezamos votando logo os puntos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, ¿acéptalles a votación? *(Asentimiento.)* Si.

Entón, comezamos votando os puntos 1, 2, 3, 5, 6, 7 e 11. *(Murmurios.)*

(Algúns señores deputados: ¡Non!)

¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

1, 2, 3, 5, 6, 7... *(Algúns señores deputados: ¡Non!)*

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores): o punto sete non.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Entón eu entendín mal. Entón, 1, 2, 3, 5, 6...



(Algúns señores deputados: Dez e once.)

O señor PRESIDENTE: ...10 e 11.

Vale, pois votamos eses puntos.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2, 3, 5, 6, 10 e 11 do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as actuacións e medidas que o Goberno galego debe impulsar co obxecto de establecer un marco global de loita no ámbito da violencia contra as mulleres.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos do texto transaccionado desta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos os restantes puntos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Bueno!, pero o voto é libre. Faltan dous, pois, ao mellor, non quixeron votar.

Votamos os puntos que faltan.

Votamos.

Votación dos puntos 4, 7, 8 e 9 do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, sobre as actuacións e medidas que o Goberno galego debe impulsar co obxecto de establecer un marco global de loita no ámbito da violencia contra as mulleres.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Hai tamén unha proposta de transacción.



(A señora Pérez López pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Si, señora Pérez? ¿Non acepta esa transacción? (Negación.)

Bueno, pois entón votamos a proposta tal como estaba.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Presidente.

O señor PRESIDENTE: ¿Si?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: En todo caso, eu aceptei a incorporación da emenda do Grupo Socialista... (A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Si. Entón, vótase a súa proposta, sumando, como engádega, a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Olalla Presas Bergantiños e D^a Olalla Rodil Fernández, sobre a demanda ao Goberno galego das modificacións oportunas das bases reguladoras das prestacións que reciben as vítimas de violencia de xénero co fin de adaptalas en 2025 á suba media do IPC nos últimos dous anos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos, como consecuencia do Día Mundial da Infancia, e que di:

«Hoxe, Día Mundial da Infancia, queremos destacar a necesidade de defender todos os dereitos de todos os nenos e as nenas, recordando que aínda quedan grandes desafíos por abordar que nos interpelan tamén a nivel autonómico. Por esta razón, sumámonos a Unicef-Comité Galicia e á Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia, que subliñan algunhas cuestións urxentes para o benestar dos nenos e nenas e dos adolescentes para os cales é imperativo tomar medidas.

Debemos continuar traballando para que en Galicia se reduza a porcentaxe de nenos e nenas que se atopan en risco de pobreza ou de exclusión social. É preciso un maior e máis eficiente investimento na infancia, garantindo que se asignen os recursos necesarios e situando os dereitos da infancia no centro.



Cómpre continuarmos avanzando no coñecemento do impacto da tecnoloxía na vida dos nenos, das nenas e dos adolescentes. É fundamental recoñecer os principais riscos e establecer os mecanismos necesarios para poñer en marcha actuacións de prevención, de educación e de atención, asegurando os seus dereitos no contorno dixital.

É preciso avanzar nunha política autonómica de saúde mental da infancia e da adolescencia que garanta un investimento suficiente, un incremento dos recursos especializados que aseguren unha atención de calidade e o fortalecemento dun enfoque multidisciplinar. Esta estratexia debe incluír sistemas de información e de sensibilización, cun forte enfoque na infancia máis vulnerable.

No que respecta ao sistema de protección, é imprescindible unha avaliación para rexenerar o seu funcionamento. Débense incrementar os recursos de preservación familiar destinados a evitar que a infancia entre no sistema, sempre que sexa o máis aconsellable. Débese continuar incrementando tamén os recursos destinados ao acollemento residencial e promover campañas de difusión sobre o acollemento familiar para que crezan nun ambiente similar ao dunha familia.

No ámbito da prevención da violencia, débese continuar impulsando a LOPIVI, con maior vontade política e esforzo orzamentario. Cómpre promover campañas de sensibilización; facilitar programas formativos aos distintos profesionais para a mellora da prevención e da detección precoz; impulsar a participación da infancia; xerar contornos protectores e mellorar o sistema de recollida de datos para, en consecuencia, deseñar as políticas adecuadas para poñer fin a esta problemática. E tamén faise preciso un maior impulso das figuras do coordinador de benestar e de protección nos centros educativos, e do delegado de protección no ámbito do ocio e do deporte.

E todo isto, sen deixar de prestar atención ás problemáticas existentes noutros lugares do mundo, fortalecendo a cooperación internacional para o desenvolvemento. Asegurar a consecución dos dereitos dos nenos e das nenas e dos adolescentes é unha cuestión colectiva e de obrigado cumprimento. Os responsables políticos debemos coordinarnos para que o deseño, a implementación e avaliación das políticas dirixidas á infancia estean acompañadas da asignación adecuada de recursos e sempre da man da promoción da participación infantil e adolescente.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2024>>

Grazas. *(Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)*

Bueno, continuamos coa orde do día, é dicir, coas interpelacións.

Interpelación de D. José Ramón Gómez Besteiro e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o uso oficial da lingua galega alén do propio marco institucional da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Longueira.



A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

É un día movido. Non o digo pola marcha do coordinador de Cultura, de Diego Chapela, que antes sorprendía a todos, senón que hoxe hai movemento en todos os aspectos.

Digo isto, ademais, porque é verdade que hai sangue no partido, no PP; hai sangue na cuestión conservadora. Pero, se o miramos no conxunto, se o miramos para ese cometido, que é tender a ponte e facer que poidamos ter un consenso coa lingua, estamos todos de acordo en que o ruído e a fanfarra non é bo porque isto sempre esconde o importante.

Cando hai cousas dese tipo —acontece no seu partido, podería acontecer no meu, podería acontecer noutro—, cando acontecen este tipo de fanfarras, escóndese realmente o importante que está subxacente no tema. E o importante, con respecto á lingua, é o que acontecía o pasado domingo en Santiago; iso é o importante. Foi unha concentración —eu entendo que algún parlamentario dixese que era unha cuestión que estaba politizada— na que, evidentemente, había formacións políticas e formacións sindicais dos partidos políticos, pero estaba a sociedade civil, moitísima. Foi unha concentración convocada pola plataforma Queremos Galego —aproveitamos desde aquí para saudalos—, que traballou para que puidésemos visualizar todas e todos que a Galicia lle preocupa o esmorecemento da lingua. Igual, non é unha cuestión que se fale nos fogares ou que se fale nas reunións, pero, no fondo, a todos nos preocupa o esmorecemento da lingua; a todos se nos vai algo e a todos se nos está perdendo algo con esta política tan errática que se levou e que se está levando ata agora, con esa falta de sensibilidade que durante estes anos vimos cara á lingua.

Coa fin de ver como trazar o camiño da restitución dos quince anos de demolición da lingua galega, nós estamos a manter reunións con entidades, colexios profesionais, sindicatos e demais institucións para tratar de recompoñer —iso que se dá en chamar— o «consenso social», que nunca se debeu quebrar e que nos levou a índices case irrecuperables —como todos sabemos— de destrución do patrimonio lingüístico; un consenso que queremos acadar en paz, con traballo e cunha base sólida, como mantivemos na entrevista que tivemos con vostedes e co secretario xeral.

Nós queremos consenso; nós queremos restituír a situación; queremos facelo con paz, con tranquilidade e sen ruído porque o obxectivo final é que isto saia á luz e que teñamos unha situación, no mínimo, como a que tiñamos antes. E eu mencionábao incluso nesa reunión: gárantanos que non vaíamos ter, outra vez, dentro doutros anos, outra revolta deste tipo; e por iso pediamos co pouso suficiente para non converter o noso, a nosa lingua, nun campo de batalla cheo de ruído e de vantaxe política. Pasou hai quince anos, e o camiño para recompoñer —estamos vendo— non é fácil, é dicir, non pode tardar vinte anos en construír algo e dous días en botalo ao chan. E iso foi o que pasou. Entón, nós non temos nada claro como imos empezar a facer isto, de poñer as bases sólidas, para non ter que desandar o novo territorio.

Eu quero que quede meridianamente claro: o PSdeG quere frear a deterioración da lingua galega pola senda da concordia do pacto social. Vannos encontrar aí. *(Aplausos.)* E sábeno as



entidades coas que estamos a manter as reunións e sábeo a cidadanía xeral; por este motivo, parécenos proactivo que a Consellería de Cultura comece a dar eses pasos e poña de relevancia a lingua galega.

E como nós non dubidamos, non queremos, ademais, dubidar da súa intención. E dicía que esta persoa que estaba no Partido Popular fixo ruído, sementando dúbidas sobre a intención do Partido Popular. No PSdeG non queremos poñer iso en dúbida, senón que queremos pensar que ten toda a boa intención e que nos está chamando para dar un paso adiante, cada un desde o seu punto de vista, evidentemente, cada formación desde o seu punto de vista. Pero, se fomos capaces de entendernos hai anos, non sei por que non o imos ser agora.

Respondendo tanto a esta realidade lingüística plural española como á vontade política maioritaria, ao longo do 2024 o Goberno de España solicitou ao Consello de Europa que o galego, o catalán e o vasco foran recoñecidos como linguas oficiais da Unión Europea e ao Parlamento Europeo que se permita o uso da lingua galega, ademais do catalán e vasco, na Eurocámara.

O 1 de marzo pasado o ministro de Asuntos Exteriores dirixiuse á presidenta do Parlamento solicitando novamente este recoñecemento, que só requiriría un acordo da Mesa do Parlamento. Lamentablemente, impediuse politicamente o devandito acordo e, por tanto, o uso da oficialidade do galego no Parlamento Europeo.

Por outra banda, durante a última presidencia española da Unión Europea o Goberno incluíu a modificación regulamentaria para o recoñecemento como lingua oficial en cada un dos catro consellos xerais celebrados no semestre español. Novamente a oposición da dereita e a ultradereita política impediu que polo momento a nosa lingua teña esa consideración oficial.

Pero o PP non pode vivir alleo á posibilidade de darlle visibilidade a un xesto institucional que implique levar o galego máis alá das fronteiras de Galicia e apoiar o feito de que o galego, xunto ao catalán e o vasco, sexan linguas oficiais no Parlamento Europeo. Sería actuar en coherencia co artigo 3 do Tratado da UE, que establece que a Unión respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística.

A incorporación do galego á listaxe de linguas oficiais trasladaría ao espazo europeo a propia realidade lingüística de España, permitiría que a lingua galega fose falada e escoitada en institucións representativas de máis de 450 millóns de persoas e representaría un recoñecemento á súa plena vixencia no mundo globalizado, onde conviven identidades e culturas distintas.

Aínda que as intervencións en galego non son frecuentes, é verdade que cada un pode alí pedir que a súa lingua sirva como un acto simbólico de afirmación identitaria e reivindicación do plurilingüismo.

Todos sabemos a evidencia de que non apoiaron no seu momento o uso do galego no Congreso dos Deputados. Entendo, pola disposición que amosa agora a Consellería e o conselleiro



de Cultura, que estabamos noutro tempo político e mesmo poida que con ataduras inxustificadas que ao mellor hoxe xa están liberadas.

A inclusión do galego como lingua oficial na UE permitiría o seu uso pleno en todas as institucións comunitarias, algo que fortalecería a súa proxección internacional e incentivaría o seu uso en foros globais. Este debate tamén visibiliza a necesidade de artellar políticas que garantan a igualdade lingüística real na Unión Europea.

Sabemos que o Parlamento Europeo ten como idiomas oficiais as linguas dos estados membros recoñecidos pola UE, actualmente vinte e catro; non obstante, o regulamento permite o uso de linguas cooficiais dun Estado membro baixo certas condicións, como cando un eurodeputado español solicita falar en galego, catalán ou euskera.

E eu aquí apelo a que vostede ten experiencia de goberno á fronte dun concello e é coñecedor das vantaxes que supón a difusión e divulgación de feitos positivos. Eu creo que isto a vostede non se lle escapa. E terá que convir comigo en que apoderar o galego fronte a territorios fóra de Galicia é un plus para reconstruír o dano feito á lingua galega. Non me pode dicir que non, porque isto é unha obviedade. Que os nosos parlamentarios, do grupo que sexa, poidan expresarse na súa lingua fóra da nosa comunidade non pode ter máis que connotacións beneficiosas.

En primeiro lugar, para a lingua galega de xeito absoluto, promovendo curiosidade e mesmo empatía para os miles de galegos que, como era de esperar, emigraron ou viven fóra de Galicia polos motivos que sexan. Calquera sabe que a lingua, ao igual que a música, por exemplo, é un dos eixos que nos une, é un símbolo no que se sustenta en boa medida a pertenza ao territorio, converténdose nun elemento integrador e necesario.

Tivemos xa un primeiro intento en setembro de 2023. Naquel entón o Goberno español solicitou, como dicíamos, oficialmente á UE que incluíse o galego. Aquilo non foi posible, pero creo que estamos aínda en medida en tempo e forma para poder facelo.

E eu entendo que non é fácil. Quero dicir que, se vostedes realmente, a súa consellería, teñen esa intención, hai pasos a dar en moitas direccións. Vostede ten propostas, outros partidos farán as súas, nós faremos as nosas, chegaremos a unhas liñas que haxa que trazar e que haxa que asumir, pero pódense dar pasos. E eu creo que é un paso deste tipo, facer un xeito deste tipo e facer que esta cuestión poida ser real en Europa, lévanos a un escenario onde, ben, incluso poderíamos salvar os mobles, como di o refrán, e poderíamos estar nun camiño de reconciliación ou da reincorporación.

Ao mellor é verdade que hai que facer internacional aquilo que é particular, hai que converter en xeral aquilo que nos é propio. Moitas veces así resólvense os problemas e acláranse as situacións. Eu confío en que poida ser así. E confío en que vostede e este goberno da Xunta de Galicia teña o poder suficiente para poder facelo. Sería unha forma —insisto— de regularizar e de emprender un camiño que todos queremos facer conxuntamente e —como dicía antes— acadando un consenso social, máxime despois do que vivimos o pasado domingo, que eu creo que é pois un aviso a navegantes, onde a xente está polo galego e co galego.



Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moi bo día.

Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señora Longueira, moitas grazas pola súa interpelación e polo ton da súa interpelación. Agradézolle moito os consellos que me acaba de achegar, á parte vindo dunha persoa que sei que o fai dende a certeza e dende a seguridade, que coñece o tema do que estamos falando e o tema sobre o que nos interpela hoxe aquí.

Falaba vostede agora —tamén saúdo o presidente da Mesa, que sei que nos acompaña hoxe neste debate— desa concentración do domingo, na que, por suposto, eu creo que dende o Partido Popular, eu mesmo e tamén o noso presidente e o propio partido, respectou en todo momento dende o primeiro momento da súa concentración. Creo que houbo un respecto total e absoluto cara a esa convocatoria. En ningún caso creo que houbo ningún tipo de discrepancia en relación coa transcendencia e a oportunidade de que unha parte da poboación de Galicia exprese a súa realidade sobre a situación do galego. De feito, creo que podemos facelo con certa lexitimidade, porque foi este goberno o que espertou posiblemente ese sentimento, ¿non?

Eu creo que na miña primeira intervención, a comparecencia por petición propia neste Parlamento, foi este goberno, fun eu persoalmente o que abriu este debate, esta nova etapa na que temos que intentar buscar ese acordo necesario, ese pacto, máis preciso que nunca, en relación co galego.

Eu sigo defendendo o mesmo que defendía hai sete meses neste mesmo Parlamento, o mesmo que defendía hai sete anos dende outra responsabilidade de goberno ou mesmo o que defendía hai trinta anos cando estaba estudando nun colexio rural, e, dende logo, pois o meu idioma habitual segue sendo, era e será o galego. Polo tanto, creo que o meu compromiso e a miña defensa en relación co uso da lingua galega e a situación do galego non mudou en absoluto. Eu sigo defendendo o mesmo que defendín sempre. O Partido Popular segue defendendo o mesmo que defendeu sempre, está nos seus estatutos ese galeguismo moderado, está tamén no seu compromiso con todos os galegos a través dese programa electoral ao que nos sometemos á fiscalización por parte de toda a sociedade galega, e seguímolos defendendo todos os días neste Parlamento. (*Aplausos.*) Creo que iso é coherencia e, ben, pois ao mellor non é habitual.

Eu de verdade de que me alegro moito de que vostede tamén estea nesa mesma liña. E eu estou convencido de que unha parte importante —e foi o que eu tamén intentei transmitir nestas últimas semanas— do electorado do Partido Socialista, do posible electorado en Ga-



licia do Partido Socialista e do Partido Popular conflúen en moitas cuestións en común. E eu creo que unha das máis importantes, unha das fundamentais confluencias que teñen o noso lectorado posiblemente é na forma en que teñen ou en que ven a problemática do uso do idioma en Galicia. Creo que podemos ter un electorado moi similar, moi parecido, que ten unha forma de entender o galego con cordialidade, con normalidade, con equilibrio e, sobre todo, sen ningún tipo de imposición. Creo que aí, dende logo, estou convencido de que nos imos encontrar. E, polo tanto, encontrarán, como dicía vostede, esa concordia que vostedes buscan nese pacto social que necesitamos ao redor do galego.

Dicía antes que non dubida vostede da nosa vontade. Eu creo que as cousas hai que acreditar e hai que demostralas con feitos. Neste caso, xa digo que foi este goberno o primeiro que puxo encima da mesa ese pacto, sen estar obrigados, sen ningún tipo de urxencia, sen ningún tipo de necesidade, senón sabendo da realidade, da realidade preocupante que ten o uso social do galego, non así —e aí discrepamos— nas competencias lingüísticas, pero si no uso social do galego, e creo que debemos de dar un exemplo, dar unha mostra a toda Galicia, aos galegos, de que dende este Parlamento as forzas políticas con representación nel somos quen de poñernos de acordo para poder conseguir ese necesario, ese ansiado, eu creo que reclamado, acordo por parte dos galegos.

Falaba vostede da situación do galego alén das nosas fronteiras. Eu creo que é importante tamén, fundamental, falar da situación do galego aquí en Galicia, primeiro, para resolver a problemática, os retos que temos no uso do noso idioma en Galicia, para despois poder transmitir, poder proxectar esa imaxe cara ao exterior.

Sabe vostede, ben, evidentemente, que a Unión Europea reconece esas vinte e catro linguas oficiais dos seus estados membros e que nesa proposta que fai o Partido Socialista hai un factor clave, que evidentemente é o que a nós nos —digamos— xera certas dúbidas á hora de poder aprobar este tipo de iniciativas. E é que o custo aproximado estimado, valorado xa pola propia Unión Europea, para a implantación do uso dos tres idiomas cooficiais que ten o Estado español na Unión Europea, que son o catalán, o euskera e o galego, supoñería ao país ao redor de 120 millóns de euros. Ese é o custo estimado que fan os propios técnicos da Unión Europea á hora de valorar a implantación desas linguas cooficiais, que, ben, en todo caso, o que permitiría é que se fixese uso delas de forma excepcional ou esporádica nalgún dos debates que se producen no seo dos distintos organismos da Unión Europea.

E, claro, cando falamos dun investimento, dun gasto por parte do Goberno central de máis de 120 millóns de euros para implementar esas leis, claro, nós plantexámonos pois un pouco cal é a situación da lingua en Galicia. E, polo tanto, eu recordo que temos un proxecto fundamental dentro dun dos ámbitos necesarios para promocionar o uso da lingua galega, que é no ámbito das novas tecnoloxías. Temos un proxecto, como é o Proxecto Nós, que estaba presentado ás iniciativas dos fondos Next Generation e que contaba cunha suposta concesión de arredor de 15 millóns de euros por parte do Goberno do Estado. Este Proxecto Nós permitiríanos poñer en marcha, no ámbito tecnolóxico, sintetizadores de voz, recoñecementos de fala, xeradores de lingua natural; ademais, permitiría mobilizar máis de 45 millóns de euros no ámbito da lingua e a creación de máis de 450 novos empregos directos e indirectos.



Para este Proxecto Nós —e aquí é onde se demostra un pouco cal é a vontade política dos distintos gobernos— o Goberno central comprometeuse —como dicía antes— a aportar eses 15 millóns de euros nun PERTE que tiña unha consignación orzamentaria de 1.100 millóns de euros; deses 15 millóns, Galicia recibiu unicamente 2 millóns de euros, que vén sendo o 0,18 por cento do PERTE da lingua aprobado polo Goberno central. E máis nos deixa preocupados cando na reunión que tivemos en Alacante no Consello das Linguas Oficiais da Administración Xeral do Estado —eu persoalmente acudín acompañado do delegado do Goberno, como mostra institucional de respecto e de preocupación pola nosa lingua— eu fíxenlle expresamente a pregunta ao ministro qué había dese acordo do PERTE da lingua para Galicia. E o que nos trasladan alí é que, ben, os recursos dese PERTE foran derivados cara a un proxecto de descarbonización e que a previsión era que o Goberno central non destinase nin un só euro máis á aplicación do PERTE da nova economía da lingua. E isto vén ser o mesmo que dicir que sobre todos os proxectos de implantación da nosa lingua no ámbito tecnolóxico, no ámbito dixital, tan importante, porque hoxe en día se as linguas non están nese espectro dixital evidentemente temos un problema enorme de transmisión, pois que non vai haber nin un só euro máis para desenvolver ese proxecto como o Proxecto Nós, de implantación do galego nas novas tecnoloxías.

Creo que é razoable que, se vostedes teñen a vontade de poder apoiar o Goberno galego na consecución deses fondos, pois, evidentemente, unha vez que teñamos cubertas as necesidades básicas —porque isto é unha cuestión de prioridades—, poderíamos evidentemente sentarnos a falar da situación do galego alén das nosas fronteiras. Pero creo que o importante é arranxar en primeiro lugar a situación actual do idioma no noso territorio.

Iso sen fallarlles tamén da repartición do famoso *fondillo*, do fondo de apoio audiovisual; que de 11,8 millóns de euros o goberno galego leva escasamente o cinco por cento e Cataluña leva o noventa por cento. Creo que nese ámbito temos moita capacidade para poder chegar a acordos. Creo que, se vostedes —como ademais creo— son coherentes, axudarannos e apoiarannos para poder conseguir os recursos necesarios para poñer en marcha as políticas necesarias dese tan esperado pacto pola lingua, que necesita recursos a Administración autonómica. Estamos no debate de orzamentos na senda da aportación deses recursos adicionais, nunha senda de crecemento para os próximos anos. Espero e desexo que o Partido Socialista nos acompañe tamén nese percorrido e que impulse o Goberno central a que nos acompañe tamén. Nese caso estou convencido de que, unha vez que resolvamos os problemas de xestión do galego no noso territorio, poidamos falar do que pasa co galego na Unión Europea. Aí estou convencido de que nos imos encontrar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Estamos saldando as contas, pero, antes de falar do que nos trae hoxe aquí, que é o galego na UE: os 15 millóns de euros do proxecto Nós... É un proxecto noso, evidentemente, feito en Galicia e que, de pronto, quen comandan o proxecto Nós querren que o PERTE da lingua os financie, cando o PERTE da lingua eran dous millóns para cada lingua cooficial do país. É dicir, é un proxecto que sae da universidade, está aí, pero non foi



un proxecto que estivese deseñado exclusivamente para esta cuestión do PERTE. Queren ser parte dese PERTE, cando ese PERTE tiña unha dotación de inicio de dous millóns —insisto— para cada unha das linguas cooficiais. Hai, si, outro proxecto, Ilenia, onde se fala dunha intelixencia artificial que sexa unha plataforma para todo o Estado, para que poidan as linguas cooficiais coexistir e vivir aí con ese desenvolvemento da intelixencia artificial. Pero ese é outro tema.

Ninguén dixo que a democracia fose barata. Ninguén dixo que facer grande unha lingua fose barato. É máis, daquela cuestión estamos hoxe aquí e tiramos por terra todo o que tiñamos feito. Perdemos incluso forza de traballo ao respecto, perdemos un patrimonio importante. Seguimos a perdelo, porque non se fixo nada ata o de agora.

E a cuestión é que hai que dar pasos. Vostedes poderían dar un paso importante no Congreso dos Deputados e podían desfacer naquel momento —que entendo que tiñan unhas certas ataduras e uns compromisos e unha liña política diferente— e non deixarnos alí... Aprobouse e xa está aprobado, pero habería unha forma de rectificar e unirse a esa iniciativa. Teñen vostedes a proposta da UE. ¿Que custa cartos? Si ¿Que se poden arranxar? Tamén. É unha cuestión de Estado que se pode arranxar e se pode falar e pódese traballar para que isto sexa así ou para que se poida chegar a un acordo determinado; pero non votar en contra sistematicamente. Sobre todo porque, como dicía antes, moitas veces —e iso fano tamén ás veces a xente e os gobernos, e demais— esta cuestión particular se a saca fóra e a ve doutro punto de vista, ábrense pontes e ábrense camiños. Entón, nós tamén queríamos ver unha serie de accións e de actos con respecto a isto; que creo que a Consellería podería facelas e debería estar nese camiño de abordalas. E, insisto, ninguén dixo que isto fose gratis, evidentemente. Pero hai moitas formas de construír un orzamento e hai moitas formas de darlle para adiante a unha iniciativa como esta, se se cre nela; e, sobre todo, barallando o que supón para márketing lingüístico, por así dicilo, de darlle un pulo ao galego, o que supón de dar un esforzo máis ao entendemento e o que supón tamén dar unha man tendida para que estas cuestións poidan ser revertidas.

Nós seguiremos nesa cuestión de intentar que o galego estea alí de forma oficial, que sexa a lingua 25 —xunto co catalán e o vasco, a 26 e a 27— e poidamos conseguir este tema. A nós preocúpanos especialmente, porque creo que é verdade que se vostede chega á Consellería e fai esta proposta, supoño que non a fai desamparado e supoño que a fai co beneplácito do seu presidente, do seu xefe de filas e co beneplácito do seu partido. Entón, eu quero entender que isto é unha cuestión non só da Consellería, senón do Partido Popular. Entón, como tal pídolle que vaiamos ver que podemos facer neste senso e como tal pídolle que dea unha mostra máis. Porque o que temos ata o de agora é dicir «queremos reverter a situación». Pois benvido sexa, sobre todo os da plataforma Queremos galego, aínda máis. Benvido sexa que poidamos reverter esta situación. Pero creo que hai pasos institucionais que darían moi bos resultados, que nos porían na axenda de dar unha volta atrás a todo este camiño desandado e que nos farían máis grandes. Entón, a partir de aquí seguiremos traballando, a partir desta interpelación, e eu espero que poidamos acadar polo menos unha boa intención por parte do Partido Popular neste sentido, para que poidamos chegar a este acordo.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta, de novo.

Señora Longueira, sei das súas boas intencións, non me cabe ningunha dúbida. De feito, creo que despois da primeira reunión que tivemos no pacto hai unhas semanas eu saín coa sensación de que había partido, de que podíamos chegar a acordos. Porque vin un Partido Socialista comprometido e preocupado pola situación no ámbito lingüístico. Eu saín desa primeira reunión coa sensación de que podíamos ter un espazo para chegar ao acordo. Pero hai algunhas cuestións, evidentemente, como en toda negociación, nas que partimos de puntos de vista diferentes.

En primeiro lugar, porque eu creo que na política tamén hai que intentar ser coherente. Eu falaba antes da coherencia dun partido que vén defendendo exactamente o mesmo dende hai máis de corenta anos; ou eu persoalmente, que levo facendo a mesma defensa do idioma dende que era ben pequeno. E teño que dicirlle que a coherencia é importante, porque, claro, se estamos falando de que «cartos hai», como di vostede, para poñer en marcha as linguas cooficiais na Unión Europea —cun custo de máis de corenta millóns de euros por cada lingua, o que serían 120 millóns de euros—, supoño que tamén teremos cartos, cando menos, para cumprir, xa non digo os 1.100 millóns de euros que estaban no PERTE da Nova Economía. Xa non digo iso, que evidentemente son cantidades maiores. Falo de cumprir o compromiso que teñen acordado vostedes no punto 17 co Bloque Nacionalista Galego, cando o BNG votou a favor da investidura do actual presidente do Goberno, no que falan de que «se financiará a adaptación do galego á nova era dixital, dotado con 15 millóns de euros para o período do 24-27 os proxectos con implicación da Universidade de Santiago e a Xunta de Galicia e, así mesmo, tenderase a un maior peso do galego, vasco e catalán no conxunto do PERTE Novas economías da lingua». Iso é o que acordaron vostedes co partido, co Bloque Nacionalista Galego, para a investidura do señor Sánchez; non estamos inventando nada nin aportando ningún dato a maiores. Se hai e se poden conseguir corenta millóns de euros para aplicar as linguas cooficiais na Unión Europea, entendo que este documento, que é un pacto acordado cun dos seus socios de goberno no Goberno central, pois será moito máis sinxelo poder asumilo.

Por iso que creo que é unha cuestión de vontade por parte de todos. Evidentemente, o Goberno galego ten unha responsabilidade e está fiscalizado que hai un compromiso de incremento orzamentario. Por suposto, pola nosa parte temos que seguir esa senda de incremento orzamentario en materia de lingua para as políticas lingüísticas. Temos que poñer en marcha esas medidas, que adoptamos e que estamos poñendo en marcha de xeito transversal co resto das consellerías no ámbito da xustiza, no ámbito da sanidade, por suposto, no ámbito dos servizos públicos; do ámbito do ensino tamén, evidentemente, temos que falar, pero tamén no ámbito das novas tecnoloxías. É fundamental que o galego poida ter presenza no ámbito tecnolóxico e, para iso, necesitamos os recursos que veñen derivados dese PERTE da lingua e onde, xa digo, hai ese compromiso acordado polas dúas forzas políticas, polo Partido Socialista e o BNG, no seu pacto de investidura, onde recoñecen que hai unha débeda de 15 millóns de euros.



Poñámonos a traballar. Eu estou de acordo con vostede: deamos pasos cara adiante, marquem os compromisos. Fiscalicemos tamén cada un as funcións que temos e, neste caso, hai dentro do que son as linguas cooficiais unha parte de responsabilidade importante —que por suposto nós asumimos e defendemos— da Xunta de Galicia, da administración autonómica; e hai unha parte importante, moi importante tamén, do Goberno central, que temos que fiscalizar e que temos que exixir que se cumpra. Non é só mirar cara a un lado.

Por iso digo que imos intentar facer un exercicio de coherencia. Eu quero e, ademais, estou convencido de que, como lle dixen ao principio, son moitísimas máis as cousas que nos unen que as que nos separan. Tamén é certo que, a medida que avanza o debate, vemos como se van tensionando as posicións. É normal, este é un tema que nos preocupa a todos; se non, evidentemente, non ocuparía un espazo central no debate deste Parlamento de Galicia. Hoxe, de tres interpelacións, dúas están vinculadas co uso ou coa situación actual do galego no noso territorio. Creo que iso dá mostra das comparecencias que houbo neste Parlamento, as comparecencias por parte do propio presidente, eu como conselleiro, os debates que se produciron nas distintas comisións, as interpelacións que traen as distintas formacións políticas, Partido Socialista e BNG, e, por suposto, o Grupo Parlamentario do Partido Popular, acreditan da importancia deste debate e da necesidade deste debate. Sinceramente, estou convencido de que, tendo en conta a preocupación que existe tanto no ámbito político como no ámbito social e a importancia que lle damos ao galego, estamos abocados, felizmente, a que nos conduza esta situación a un acordo, a un proceso de negociación e a unha situación na que eu espero e desexo que ao final sexamos capaces de chegar a posturas en común. Non me cabe ningunha dúbida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación de D^a Iria Taibo Corsanego e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación do galego reflectida no sexto informe do Comité de Expertos do Consello de Europa sobre o cumprimento da Carta europea para as linguas rexionais ou minoritarias

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a interpelación, ten a palabra dona Iria Taibo Corsanego.

A señora TAIBO CORSANEGO: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde.

Efectivamente, como dicía agora o señor conselleiro, vimos aquí tamén falar do tema da lingua. Como comentaba antes a señora Longueira, supoñemos que o Grupo Popular e o señor conselleiro tamén lerían as noticias que apareceron nas últimas semanas e meses sobre a lingua e lerían hoxe tamén as declaracións do seu excoordinador —coordinador até onte de



Cultura—, que son bastante reveladoras. Vou tentar non facer demasiada leña con este asunto, mais recoñézolles que vai ser difícil.

En concreto, é certo que nós hoxe vimos aquí falar do sexto informe do Comité de expertos do Consello de Europa para a Carta Europea de Linguas Rexionais e minorizadas. Xa o sabemos, sábeno todos e todas vostedes; aínda que é certo que é unha mágoa que hai unha parte moi nutrida do Grupo Popular que non está agora presente neste debate. É unha mágoa. Non sei se ten a ver iso coa importancia que neste grupo se lle dá á cuestión da lingua, a pesar do que dicía agora o señor conselleiro.

Como saben, esta carta foi ratificada no ano 2001 polo Estado español, por un Goberno de José María Aznar. Eu creo que aquí ninguén neste hemiciclo pensa que José María Aznar é un perigoso defensor do monolingüismo; polo menos do monolingüismo en galego. A Carta Europea ten entre os seus obxectivos o de promover, fomentar, potenciar, protexer as linguas minorizadas. Isto que estou dicindo son obviedades, mais consideramos que é importante lembralo, porque hai algunhas persoas nesta Cámara e algúns deputados e deputadas desta Cámara que parece ser que consideran que, cando o Bloque Nacionalista Galego pide que o Goberno galego poña en marcha medidas para iso —para promover, potenciar e protexer a lingua galega—, o que estamos a facer é pedir que se imponha o galego ou que se elimine o castelán. Entón, parecíame importante deixar hoxe constancia disto e lembrar cales son os obxectivos da carta ratificada polo Estado español.

Xa saben que o que fai o comité de expertos é, cada certo tempo, facer un informe sobre o cumprimento da Carta e sobre a situación de cada unha desas linguas minorizadas. O comité de expertos estivo en Galiza, falou co Goberno galego e entrevistouse con entidades de todo tipo dos sectores afectados polos obxectivos da Carta. A raíz diso, a partir da súa propia observación e das conclusións ás que chegou a partir das súas entrevistas, elaborou un informe no que, entre outras cousas, tamén se fai un diagnóstico sobre a situación do idioma e sobre o cumprimento da propia Carta. Mais o que vimos traer aquí en concreto son tres recomendacións específicas de carácter urxente; porque hai outras que tamén son recomendacións de actuación que fai o Comité de Expertos do Consello de Europa. Mais hai tres urxentes que nos parecen especialmente relevantes, tanto para o futuro do idioma como para o cumprimento da Carta, que entendemos que é algo co que todos e todas concordamos. Nestas recomendacións o que se busca, insisto, é protexer, promover e facilitar o uso da lingua galega; que esta suficientemente garantida nos espazos nos que aínda non está presente.

A primeira destas recomendacións urxentes é eliminar as limitacións que impiden que o galego sexa lingua vehicular das materias de ciencias no ensino. Eu non sei se a vostedes lles lembra isto, se lles pode parecer que isto ten algo que ver co mal chamado «decreto do plurilingüismo». Parécenos que é importante deixar isto aquí como reflexión. E como lles dicía, vou ter que citar as palabras que aparecen hoxe na prensa do seu antigo coordinador, ate onte, de Cultura: «Dicir que non vas derrogar o decreto de plurilingüismo é voar as Pontes para un pacto da lingua».

A segunda das medidas que lles quero mencionar ten que ver cos servizos sanitarios: tomar medidas para garantir o uso do galego nas instalacións sociais e sanitarias. Isto



é unha recomendación do Comité de expertos do Consello de Europa; non é un invento do Bloque Nacionalista Galego. Nós vimos aquí —viñemos en moitas ocasións e seguiremos a facelo— para falar de cal é a situación da lingua galega no Sergas. Sempre que o BNG trae este tipo de recomendacións, este tipo de iniciativas, o Grupo do Partido Popular dinos que estamos a falar de cuestións illadas e de que o que hai que protexer é a elección individual de cada unha das persoas. Insisto, son recomendacións urxentes do Comité de expertos do Consello de Europa. Parece ser que non son inventos do BNG, unha vez máis.

A terceira das recomendacións de acción urxente do Comité de expertos é asegurarse de que a lexislación garanta que os tribunais leven os procedementos penais, civís e administrativos en galego por petición dunha das partes, e leven a cabo accións para garantir que se poña en práctica. Non me quero deter moito, mais si que quero lembrar unha cousa. A semana pasada levamos este tema á Comisión 1ª e lembramos tamén un dato que figura no propio informe do comité de expertos. Vouno dicir con calma, porque é un dato importante: só o un por cento dos procedementos xudiciais que teñen lugar en Galiza se fan en lingua galega. (*Aplausos.*) Só o un por cento; non é unha cifra que poidamos ignorar. A cuestión é que na Comisión 1ª houbo un debate e que cadaquén presentou as súas lexítimas exposicións. A min o que me preocupa é que despois disto nas redes sociais do Partido Popular cando divulgaron ese debate e cal foi a súa posición, dicíase literalmente: «A Xunta non pode impoñer o uso do galego nin promover iniciativas para eliminar o uso do castelán». Un por cento; «imposición», «eliminar o uso do castelán». Creo que non hai moito máis que dicir; imos resumilo en que estamos en planetas diferentes. A min o que me preocupa é que o futuro da lingua galega estea en mans de persoas que pensan isto. (*Aplausos.*) E novamente hoxe podemos ler as palabras de Daniel Chapela, literalmente: «A única lingua que se impón en Galicia é o castelán».

Insisto, estas son as recomendacións do comité de expertos en relación coas competencias propias do Goberno galego. Fálase moito do idioma estes días, estas semanas e estes meses na prensa. Fálase do estudo do Instituto Galego de Estatística, ao que tamén fixo referencia a señora Longueira. Sobre isto non vou insistir máis, porque xa se falou moito. O único que quero dicir é que as únicas voces que se escoitan en positivo, que interpretan en positivo os datos do IGE, veñen da bancada popular e do Goberno galego; e xa sabemos que non todo o Partido Popular opina que haxa que atopar datos positivos no estudo do IGE. Por exemplo, insisto novamente —desculpen a insistencia—: non cabe dicir que no País Vasco ou Cataluña están peor, porque partimos de dinámicas distintas. En Galiza partimos dun noventa por cento de galegofalantes e agora estamos nun 45 por cento.

Acordo de lingua. Falouse aquí tamén agora hai uns minutos do acordo de lingua. O Goberno galego afirma, por activa e por pasiva, que quere chegar a un acordo de lingua. O grupo do Bloque Nacionalista Galego está a agardar a segunda reunión. O grupo do BNG acudiu á primeira e díxosenos que en quince días estaríamos convocados de novo a unha segunda reunión. Aló van os quince días e aló van outros quince máis. Falar é de balde; nós o que queremos son compromisos concretos, queremos avances concretos. E o BNG, por suposto, sempre está do lado de calquera avance para a lingua galega. Aí estaremos para reunirnos cando nos convoquen.



En todo caso, queremos lembrar que xa hai acordos que existen; acordos moi importantes para a lingua galega e nos que o BNG estivo sempre presente da man deses avances. Estou a falar, como saben, do Plan xeral de normalización. O que se nos di é que hai que actualizalo. Por suposto que si, mais haberá que ver que foi o que se fixo nestes vinte anos para cumprilo, ou que avances se fixeron. Déannos unha pista do que fixeron, porque si que se fala de que o audiovisual evidentemente mudou moito nos últimos vinte anos, mais ¿podemos, por favor, saber que foi o que fixo o Goberno galego nestes últimos anos en relación cos avances da lingua galega no audiovisual? ¿Cales das medidas que se especifican no Plan xeral tentaron levar adiante? Tamén din vostedes que son moitas medidas, que son catrocentas... Mais é certo que en vinte anos dá tempo a facer algunha cousa, a poñer en marcha algunha desas medidas.

Hai unha cuestión que trae o Plan xeral tamén que nos parece fundamental como estratexia. Unha das estratexias básicas do Plan xeral é a da oferta positiva. Se vostedes fixesen algún esforzo —o máis mínimo esforzo— por trasladar, por informar sobre esa oferta positiva, xa estarían facendo un dous por un: estarían a cumprir co Plan xeral e estarían a cumprir tamén coas recomendacións do comité de expertos. ¿A que me refiro? ¿Fixo nestes vinte anos, nestes últimos anos, a Xunta de Galiza o máis mínimo esforzo por comunicarlles aos funcionarios e funcionarias da administración pública que a Administración galega concorda, está de acordo e asume un obxectivo do Plan xeral como é a oferta positiva? Consiste na adopción do galego como lingua de contacto inicial. Os funcionarios e funcionarias non saben iso. ¡Como cambiaría a cuestión se calquera cidadán ou cidadá que entra na Administración galega recibise a súa documentación en galego en primeiro lugar e fose atendido en galego en primeiro lugar! Isto non é un invento do BNG; é unha das estratexias básicas do Plan xeral de normalización da lingua galega.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Iria.

A señora TAIBO CORSANEGO: Vou rematando. Grazas, presidenta.

Tamén fixeron mención, tanto o señor conselleiro como a señora Longueira, á concentración de Queremos Galego. Tamén quero dar a benvida ao presidente da Mesa pola Normalización e coordinador da plataforma. Eu agradezo o ton conciliador que trae hoxe o conselleiro en relación con esa concentración. Nós puidemos ler unhas declaracións que fixo sobre esa concentración nas que lle afeaba ao PSdeG que participase nela. A min sorpréndeme o cambio de ton. Agradézollo e paréceme moi positivo. En todo caso, que o señor conselleiro lle teña que dicir a un grupo político que pode participar ou non nunha concentración, lémbraunos un pouco cando nos din a nós que somos as da imposición do galego. A ver aquí quen impón; quen lles di aos demais...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora TAIBO CORSANEGO: Si.

Sobre ese tema da concentración, pídolles respecto para as persoas que asistiron a esa concentración e pídolles respecto tamén polo seu traballo. O seu traballo é precisamente atender



as persoas que estaban nesa concentración que falan galego e as que non, que tamén as había. O señor Rueda, en relación coa concentración de Queremos Galego...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Señora Taibo, é que rematou o seu tempo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Remato, remato.

Tampouco está moito para falar de manifestacións, e en relación con iso... *(A señora Taibo Corsanego pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Taibo.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moi boa tarde de novo, señora presidenta, señoras e señores deputados.

Señora Taibo, grazas polo seu ton e a súa intervención. Creo que foi positiva en moitos aspectos, aínda que eu creo que é importante matizar algúns deles.

En primeiro lugar, eu non escoitei —e se o transmitín desa maneira, pois púidose malinterpretar— en ningún momento unha lectura positiva dos datos do IGE. Nunca. Non creo que ninguén do Goberno galego, nin o secretario xeral de Lingua, nin o conselleiro, nin o presidente, nin ningún membro do Goberno nin creo que ningún representante do Grupo Parlamentario do Partido Popular fixese unha lectura en positivo dos datos do IGE. Máis ben ao contrario. Eu creo que entendemos que é máis acáido que nunca iniciar este novo proceso de diálogo porque os datos do IGE véñenos aportar unha información que todos entendiamos que era a tendencia xeralizada do uso do galego na nosa sociedade. Unha tendencia que non é positiva, nun ámbito cada vez máis complexo. Porque a lingua non é allea á situación actual da nosa sociedade; unha sociedade cambiante, unha sociedade moi vinculada ao ámbito das novas tecnoloxías e onde as linguas cooficiais ou minorizadas teñen menos presenza e, polo tanto, máis complexidade á hora de ser transmitidas.

Pero o que si fixemos foi unha lectura distinta. Non unha lectura triunfalista; ao contrario, unha lectura distinta. Nós non queremos debuxar unha Galicia gris, unha Galicia en branco e negro. Queremos debuxar unha Galicia cun futuro no que a lingua ten que ocupar un espazo fundamental. É o noso maior patrimonio. Aí coincidimos todos, creo que non hai dúbida de que a lingua é o noso maior tesouro e a nosa obriga. A nosa maior responsabilidade é transmitir a ás seguintes xeracións nas mellores condicións posibles.

Nese caso, creo que este informe do IGE nos dá certos datos importantes. Un deles, un dato fundamental, é que nós interpretamos —e non só nós, senón que hai outros organismos, outras entidades que traballan a diario coa problemática da lingua no noso territorio, no noso país— que fundamentalmente non é un problema de competencias lingüísticas; é un problema de uso social do galego. E eu creo que aí podemos discrepar. Vostedes pretenden levar o debate cara ás competencias lingüísticas para introducir a cuestión da derogación



do decreto; cuestión que para vostedes é innegociable. Eu díxeno nas reunións, dígoo en público e dígoo en privado, e despois farei referencia a el grazas a esta interpelación que vostedes fan en relación coa Carta europea das linguas. Insisto: non sei se leron ese documento elaborado por parte do Goberno galego para o documento de inicio para a negociación dese pacto pola Lingua, na que un dos puntos máis relevantes é establecer a Carta europea das linguas como punto de inicio desa negociación. Polo tanto, entendemos e comprendemos que esas recomendacións da Carta europea das linguas son fundamentais para que o Goberno galego e as distintas formacións políticas poidamos empezar a traballar nun acordo razoable. E creo que ese dato é un dato máis que revelador. Nós estámolle conferindo a ese documento de expertos da Carta europea un valor de inicio para un proceso negociador en relación a este pacto. Creo que non cabe ningunha dúbida. De feito, non é que o estea dicindo eu nesta Cámara, nestes momentos e nesta interpelación; é que está recollido nese documento do que se lles fixo entrega ás distintas formacións políticas e que é un dos cinco compromisos básicos e fundamentais que o Goberno galego asume para o inicio dese pacto de negociación.

¿E que di a Carta europea das linguas? Facía vostede referencia a tres aspectos que para vostedes son claves: eliminar a limitación do uso do galego nas materias científicas; está nesa Carta europea das linguas e nós entendemos que ese pode ser un elemento de negociación. Tamén o digo: isto non é un trofeo de caza maior, aquí non estamos intentando en termos lingüísticos falar de derogación do decreto ou falar de modificación do decreto; eu díxeno, o presidente repetiuno e o Grupo do Partido Popular defende constantemente que evidentemente non hai ningunha liña vermella. Pero igual que o Partido Popular non pon ningunha liña vermella na negociación, tampouco imos aceptar que as formacións políticas da oposición poñan as liñas vermellas que lles interesen a eles, (*Aplausos.*) porque aquí entón o proceso de negociación non está equilibrado, ¡non está equilibrado, señora Taibo! Nós non poñemos liñas vermellas, e incluso, mire se non as poñemos que aceptamos ese documento da Carta europea das linguas, un documento de expertos, imparcial e que ten unha análise en profundidade da situación actual do galego no noso territorio, e poñémola como marco de referencia de negociación. Esa é a realidade do proceso negociador.

Fala vostede da eliminación da limitación do galego nas materias científicas; está na Carta Europea das Linguas, documento base de negociación.

Fala vostede do ámbito sanitario, do galego no ámbito sanitario. Efectivamente, temos percorrido, hai que mellorar o uso do galego no ámbito sanitario, e, de feito, neste proceso de negociación unha das primeiras cuestións que fixemos foi reunirnos co equipo da Consellería de Sanidade para intentar implementar medidas que permitan mellorar o uso social do galego no ámbito sanitario. E xa lle digo que nos próximos días presentaremos un paquete de medidas específicas de promoción do uso do galego nese ámbito sanitario; farémolo despois de manter a reunión, serán vostedes convocados estes días para a semana que vén a esa segunda reunión do pacto polo galego e darémolles a información correspondente. Pero estamos elaborando xa ese paquete de medidas inmediatas para fomentar o uso do galego na sanidade pública.



Falaba vostede do galego no ámbito da Xustiza. Efectivamente, aí temos outra eiva, aí hai outro problema, no ámbito xudicial. E necesitamos traballar non só desde as competencias da Comunidade Autónoma, senón que tamén aí, unha vez máis, necesitamos tamén a implicación do Goberno central, para poñer en marcha os mecanismos necesarios para que o galego se poida utilizar no ámbito xudicial. Pero ben, xa lle teño que dicir que non son poucas as decisións e as medidas que ten posto en marcha este goberno.

Falamos da creación de Lex.gal, que é o maior portal de lexislación e xurisprudencia en galego, que estamos traballando para inserilo dentro dese Proxecto Nós —do que antes falamos, na anterior interpelación—; comezáronse a impartir coa Fiscalía os cursos de linguaxe xurídica exclusivos para os fiscais; colaboramos coa Irmandade Xurídica Galega en multitude de accións de traballo, de implementación do galego, co Colexio de Avogados, e dentro do contorno Ómnibus xa se poden utilizar documentos en galego; coa primeira parte deste contorno, a nova edición do Lexnet permite tamén a tramitación dos propios documentos en galego. ¿É suficiente este tipo de medidas? Non. Pero ¿é importante e, desde logo, hai unha acción importante do Goberno para normalizar o uso do galego no ámbito da Xustiza? Si. E nesa liña temos que seguir traballando. E nesa liña tamén, por suposto, o que buscamos é un acordo de todas as forzas políticas para que sexamos quen de conseguir os nosos compromisos, os nosos obxectivos.

Dicíao antes, falaba vostede destes últimos días, desa reunión, desa xuntanza que se fixo a favor da lingua este pasado domingo. Eu creo que transmitín e transmito os meus máximos respectos polos convocantes e polas persoas que asistiron. Outra cousa é que, dentro do que é a estratexia política, me pareza un erro que algún partido político se sume a esa manifestación, e pódoo dicir publicamente, igual que vostedes poden criticar con total tranquilidade a acción do Goberno ou a acción do Partido Popular. Isto é unha cuestión de dobre vía; igual que vostedes poden facer unha crítica, por momentos bastante ácida, sobre a xestión de determinado partido político, ben, pois paréceme que teñen a pel moi fina cando se pon en cuestión algún tema vinculado coas decisións políticas das formacións que forman parte da oposición. (*Aplausos.*) Parece que a vostedes non se lles pode dicir absolutamente nada, vostedes son os únicos que poden falar do galego, son os únicos que poden poñer liñas vermellas nas negociacións e son os únicos que poden criticar e cuestionar as decisións que toma o Partido Popular. Pero a vostedes parece que non se lles pode dicir nunca absolutamente nada e cólleno, desde logo, con papel de fumar.

E si, pois eu creo que, efectivamente, é un erro de estratexia política, porque —díxeno na miña interpelación anterior e dígoo agora— posiblemente haxa moitísimas máis similitudes no votante do Partido Socialista co votante do Partido Popular de Galicia en materia de lingua que as que ten un votante do Partido Socialista coa filosofía ou co que defende o Bloque Nacionalista Galego en materia de lingua; posiblemente haxa moitas máis coincidencias. E iso, ben, preocúpanos, porque pode ser que ao final exista unha deriva do Partido Socialista cara a unha tendencia que creo que non é positiva para o uso do galego no noso territorio.

Pero imos seguir traballando. Eu creo que este é o noso obxectivo. Está claro que aquí temos que vir confrontar, pero, portas para dentro nese proceso de negociación, temos que seguir traballando, temos que seguir avanzando, temos que ter esa altura de miras. E diciámolo



neas reunións: hai moita xente que nos está observando, moita xente que nos está mirando, moita xente que ten distinta ideoloxía e pensa de distinta maneira, pero no fondo ten unha fonda preocupación porque sexamos quen de transmitir o noso maior patrimonio ás xeracións futuras, e iso está nas nosas mans. E eu estou convencido de que, igual que se chegaron a acordos no ano 1983 cun goberno do Partido Popular, igual que se chegaron a acordos no ano 2004 con outro goberno do Partido Popular, seremos capaces de chegar agora no ano 2025 a un novo acordo cun novo goberno do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica, señora Taibo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro, polas súas respostas.

Comezo polo pacto pola lingua. Eu non sei se viron vostedes ben o documento. Este é o documento que entregaron. (*A señora Taibo Corsanego mostra un documento.*) Na parte do contexto actual do galego, do diagnóstico, pon aquí bastante clariño: «a situación social do galego mellora». Esta é a conclusión á que chegan vostedes en relación precisamente co informe do comité de expertos do Consello de Europa. Non falamos das recomendacións, da situación de gravidade, do 1 por cento —insisto: do 1 por cento— do galego na Xustiza. En definitiva, eu agradézolle a vontade de mellorar, mais falta concreción, unha vez máis, falta concreción.

Hoxe aínda recibín eu mesma unha resposta a unha pregunta en relación co que lles dicía antes da pregunta que fixemos na Comisión 1ª sobre o cumprimento da Carta europea na Xustiza. Recibín unha resposta —teño que dicilo, con grande dor— que o único que contén son mentiras. Leo literalmente: «na Administración de xustiza o galego e o castelán empréganse indistintamente tanto pola cidadanía como polo persoal da Administración de xustiza». Eu non son xurista, pero informeime, falei con xuristas, falei con xuíces e xuízas, falei con avogados, e é practicamente imposíbel usar o galego de xeito normal, practicamente imposíbel. O outro día falaba precisamente nesa concentración cunha persoa que me dicía que, como xuíza, é un esforzo duplo ou triplo poder ditar unha sentenza en galego. O noso deber, o seu deber como Administración, é precisamente iso —diciámolo antes—: facilitar, promover, protexer, e non negar a realidade.

O señor conselleiro fala —si que falou; se quere, eu envíolle as notas de prensa—, falou da vitalidade do idioma, negaron que se tratase dunha emerxencia a situación lingüística. En fin, hai moitos documentos de prensa que si que indican que vostedes teñen unha visión bastante máis positiva, porque mesmo o que lle comentaba antes das declaracións de Daniel Chapela en relación coa comparación de que no País Vasco e en Cataluña están moito peor, realmente, se iso non é triunfalismo, pois non sei de que estamos a falar.



En todo caso, insisto no que lle dicía antes: o señor Rueda —que tampouco é ningún exemplo no que ten que ver con manifestacións e concentracións en defensa da lingua galega— dixo literalmente en relación con esta manifestación: «a oposición busca apropiarse da lingua». Apropriarse da lingua, por suposto que si, porque é a nosa lingua propia, todas as persoas que estaban alí consideran que o galego é a lingua propia de Galiza, e o que queren é que vostedes fagan o seu traballo, que vostedes se poñan a traballar a favor do idioma. Se cadra, xa que estamos hoxe en dar consellos, podo permitirme o luxo de aconsellarlles tamén que para a próxima tamén vaian vostedes alí. Se vostedes cren no futuro do idioma e cren que hai cousas que se poden facer para mellorar, se cadra o Partido Popular tamén debería estar nesa concentración. *(Aplausos.)*

Algo bastante preocupante tamén en relación coa análise, porque moitas veces estamos a ver un problema de diferenza de diagnóstico. O secretario xeral de Lingua dixo nos últimos días, tamén en relación coa enquisa do IGE e coa concentración do pasado domingo, que a principal responsabilidade do futuro do galego —e tamén vostede falou un pouco disto agora— está e depende, reside nas persoas, nas eleccións individuais que faga cada persoa. Parece incríbel, como se vostede, que é o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, non tivese ningunha responsabilidade niso. Evidentemente, cada cidadán ou cada cidadá pode escoller, pero non hai posibilidade de escoller se non están as opcións dispoñíbeis.

Eu insisto: no que lle dicía antes da oferta positiva, gustaríame que pensase niso e que pensase niso tamén en relación co cumprimento da Carta europea. Cando un cidadán, unha cidadá vai ao Sergas, ten que demandar —como me aconteceu a min no último mes— ata tres veces un consentimento médico informado en lingua galega, sen conseguilo, hai algo que está fallando. Aí a oferta positiva non existe, ninguén sabe o que é, no Sergas ninguén sabe o que é a oferta positiva, se cadra algo de responsabilidade teñen vostedes aí. Cando hai unha persoa que, reclamando o seu dereito lexítimo de recibir un documento notarial en lingua galega, ten que andar percorrendo Santiago buscando unha notaría na que llo fagan, aí está acontecendo algo. ¿Vostede de verdade pensa que a Xunta non ten nada que facer neste asunto? E insisto: se falamos da oferta positiva, se conseguimos que os funcionarios e funcionarias saiban que ese é un dos obxectivos do Goberno galego, estaríamos a dar un paso de xigante.

Gustaríame —como lle digo— un pouquiño máis de concreción. Vostede falou de que están incluíndo isto no pacto, mais queremos saber exactamente que é o que teñen previsto facer para cumprir con esas recomendacións da Carta.

E insisto: ¿falamos de apropiación do idioma? Eu creo que todas as persoas que queremos un futuro para o idioma sentimos que é a nosa lingua propia. Pedímoslles —insisto, como lle dicía antes— que se apropien tamén vostedes un pouquiño...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora TAIBO CORSANEGO: ...De acordo, moitas grazas.

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Pecha o debate desta interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Taibo, de novo, grazas por pola súa intervención. E, desde logo, eu sigo dicindo que temos unha parte de discurso moi semellante, moi parecido. Non coincidimos nesa interpretación triunfalista que fai o Goberno galego nin o Grupo do Partido Popular en relación co tema da lingua. Eu sigo dicindo que, evidentemente, son lecturas distintas. O que si que non lle podemos comprar é que ao final o Partido Popular tamén lle compre as súas expresións, ou, como cualifican vostedes, determinadas cuestións. Evidentemente, nós non lles imos comprar o discurso da emerxencia lingüística; esta é unha cuestión que vostedes utilizan perfectamente ben, saben cal é a forma léxica ou a palabra que teñen que utilizar para chamar máis a atención. Vostedes denominan «emerxencia lingüística» unha cuestión que nós sabemos que é un tema que preocupa a sociedade galega, desde logo, sen ningún tipo de dúbida. Nós non cuestionamos en ningún caso esa situación. O que si ten que entender vostede é que nós non lles imos entrar ao xogo nestas palabras de trazo gordo ou de trazo grosso para intentar, ben, ter máis impacto á hora de facer vostedes as súas convocatorias.

Di vostede que facemos un discurso triunfalista porque falamos da situación de que a Carta europea das linguas mellora a condición do uso do galego no noso territorio. E é certo. Se vostede fai unha análise da Carta europea das linguas no ano 2019 e fai unha análise da Carta europea do ano 2023, comproba que existen moitas menos recomendacións que existían hai cinco anos. Polo tanto, igual que os datos do IGE —dicímolo sen ningún tipo de complexos— empeoran a situación do uso do galego na sociedade. Nestes últimos catro anos tamén temos que dicir que, igual que nos vale unha cousa, nos ten que valer a outra; igual temos que dicir tamén que os datos da Carta europea das linguas minoritarias melloran as condicións do uso social do galego con respecto ao último informe do Consello Europeo. Esa é a realidade, ¿non?

E falaba da situación de ámbitos que están suficientemente mellorados, porque o balance final da Carta é máis positivo que o anterior e ademais reflicte unha melloría con respecto ao anterior estudo en ámbitos como as competencias adquiridas en materia de educación, no emprego da lingua no sector audiovisual ou no aumento do seu uso por parte dos medios de comunicación.

E dígollo: falaba vostede de que na primeira intervención que lle explicase por exemplo cal era o impacto das medidas aplicadas dentro do sector audiovisual. É un dato moi sinxelo, moi fácil. Sabe vostede que a través da Agadic, da Axencia Galega de Industrias Culturais, estamos sacando unha liña de financiamento para a atracción de rodaxes e producións audiovisuais en Galicia. Ben, pois dous terzos, o 68 por cento desas producións que se financian a través da Agadic son feitas por exemplo en galego. Este é un dato relevante, que hai uns anos non se producía, e hoxe máis de dous terzos das producións financiadas por parte da Agadic no ámbito audiovisual son exclusivamente en galego. (*Aplausos.*) E son de plataformas galegas, con persoal, con xente contratada nas empresas en Galicia, para producir desde Galicia para o resto do mundo. E creo que isto é unha cuestión que non debemos de olvidar.



Tampouco teño eu a sensación de que esteamos transmitindo a mensaxe —ao mellor estamos comunicando mal, non lle digo que non— de que a Xunta non ten nada que ver con este proceso de transición ou con este proceso de evolución lingüística. En ningún caso. De feito, tan convencidos estamos de que a Xunta é unha ferramenta fundamental, importante, e un recurso necesario para poñer en marcha as políticas vinculadas ao ámbito da dinamización do uso da lingua galega, que nós fomos os primeiros que propuxemos este gran pacto pola lingua, vinte anos despois. Claro que temos esa conciencia, claro que temos esa sensación de que desde as administracións aínda podemos seguir facendo máis para prestixiar para que o uso da lingua galega sexa un uso socialmente aceptado. Claro que si, no ámbito da Xustiza, por suposto que temos marxe de mellora. E aí temos que implementar novas medidas.

Para iso propuxemos tamén unha actualización do Plan xeral de normalización lingüística. Creo que é a ferramenta fundamental, é outra das propostas que teñen nese pacto pola lingua, e é unha ferramenta fundamental para poñer en marcha os recursos necesarios para implementar políticas lingüísticas no ámbito sanitario, que o imos facer —xa lle digo— con esa presentación dese plan específico para a saúde en Galicia, que o podemos facer tamén no ámbito da Xustiza, que o podemos facer tamén no ámbito educativo.

Claro que temos que falar de educación, claro que temos que falar do decreto, pero non é unha peza de caza maior o decreto, non vai ser unha peza de caza maior; vai ser un debate sosegado. E, sobre todo, e o que máis nos preocupa é que vostedes falan da derogación do decreto necesariamente como condición e liña vermella para poder negociar, pero non sabemos que é o que queren facer vostedes unha vez que teñamos derogado o decreto. Non hai un plan alternativo por parte do BNG para saber que é o que temos que facer no ámbito lingüístico. Falemos diso, debatamos diso nas seguintes reunións.

Xa lle digo: imos ter a oportunidade de facelo con tranquilidade, eu creo que con sosego, como se fixeron...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): ...as primeiras reunións. E estou convencido, máis convencido que nunca, de verdade, de que, se está na nosa idea poder chegar a un acordo, as condicións se dan para que poidamos darlles un acordo necesario a todos os galegos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Imos coa última interpelación na sesión da mañá.

Interpelación de D^a Monserrat Valcárcel Armesto e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as liñas estratéxicas da Xunta de Galicia relativas á planificación da presenza do eucalipto no monte galego ante o remate da vixente moratoria a novas plantacións

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para expoñela, e por tempo de dez minutos, ten a palabra a señora Valcárcel.



A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Grazas, presidenta.

Boa tarde xa, señorías.

Boa tarde e benvida, conselleira.

Imos ter hoxe, pois, o primeiro debate entre nós as dúas. Voulo comezar cunha pregunta que me gustaría moito que me respondera: ¿estamos baixo os efectos dun cambio climático?

Non me contesta. Entendo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Sabe que non lle pode contestar, señora Valcárcel. (*Murmurios.*) Farao no seu turno, pero sabe que agora non lle pode contestar. O tempo non está para dialogar, use os dez minutos, pero agora non lle pode contestar, ¡eh!

A señora VALCÁRCEL ARMESTO: Ben. Entendo, ¿non?, aínda que non faga contestación, que está na banda dos que si que consideran que hai un cambio climático.

O rexistro das temperaturas mundiais durante os últimos quince meses di que as temperaturas foron superiores a 1,5 graos da media e os modelos climáticos a nivel científico prognostican unha situación máis extrema nas seguintes décadas, de máis treboadas extraordinarias, co que temos agora recente das inundacións, pero tamén de máis períodos de secas desestacionalizadas, co risco para os incendios. E, ben, o negacionismo climático mata, e vémolos.

E na mudanza climática na que vivimos a perda de biodiversidade é un aspecto relevante, e hoxe pois vimos falar diso. Vimos falar de acoutar as plantacións de eucaliptos, xa que as investigacións demostran o grande impacto ambiental que ten o eucalipto e o fan dunha forma nítida e preocupante para a biodiversidade.

E a pregunta que nos podemos facer tamén, respondendo aquí á súa compañeira, á conselleira de Medio Ambiente, é se non son seica todas as árbores iguais. E non, sinxelamente non. Aínda que se planten unha chea de eucaliptos, iso non fai un bosque. Ao contrario, lonxe de ser bosques, en realidade son inimigos do bosque, dado o seu altísimo impacto ambiental e paisaxístico.

O monte debe conxugar as funcións ecolóxicas, económicas e sociais. No monte poden ter cabida todas as especies, pero dunha forma ordenada. No monte existe unha economía social que vai moito máis alá da produción da madeira.

E permítanme darlle algúns datos: a masa forestal representa máis do 60 por cento do territorio galego, sendo moi superior á media do Estado español e á media dos países da Unión Europea, que están máis ou menos nun 38 por cento.

Levamos varias décadas cun abandono das zonas de cultivo. As terras anteriormente coidadas pois agora, en moitos casos, son unha biomasa sen control e un combustible natural



que favorece as condicións para a propagación dos lumes. A realidade é que a extensión ocupada tanto polo mato como polo eucalipto é moi superior á superficie agraria útil. E manter cultivos agrarios serviría para ter áreas de discontinuidade e, polo tanto, para o control dos lumes forestais, como xa se comprobou en moitos dos grandes lumes.

O noso monte nos últimos cincuenta anos pasou de 131.000 hectáreas de eucalipto no 1973 a máis de 413.000 no 2023, segundo o Inventario forestal continuo de Galicia. E cómpre lembrar aquí que o Plan forestal galego do 1992 xa nos falaba de que se permitiría un máximo para o 2032 de 240.000 hectáreas, cifra que está claramente superada.

A superficie ocupada polo eucalipto na Galiza supera en extensión tamén a doutros estados considerados como grandes produtores desta especie. E aquí permítanme soamente o exemplo de Nova Zelandia, de onde é orixinario o eucalipto, que ten soamente —comparativamente con nós— 150.000 hectáreas.

Nas últimas décadas, como dicíamos, pois Galicia foi testemuño do aumento do monocultivo do eucalipto, impulsado principalmente polo *Eucalyptus globulus*. Pero o *globulus*, dunha maneira resumida, ten uns límites biolóxicos, non medra por encima de 300 metros de altitude e non soporta o clima máis frío. Entón, foi cando apareceu o *nitens*, o *Eucalyptus nitens*, que o fai nesas condicións e que ademais ten un ritmo de crecemento moito máis alto, aínda que, de momento, a súa madeira ten peor calidade.

Hoxe entón en Galiza o principal foco de conflito está nas plantacións do *nitens*. E recordar que, se aumentaran as plantacións de eucalipto, iso iría en contra das propostas da primeira revisión do Plan forestal de Galicia, que vostedes mesmos fixeron desde a Xunta no 2021, na que se argumentaba que sería desexable reducir ou, polo menos, manter estable a superficie total ocupada por plantacións de eucalipto na Galiza. Nese momento era polo Inventario forestal nacional e dicíase que para o 2025 non podería superar 339.000 hectáreas —recorden antes que falamos de 413.000— e no 2040 non superar as 350.000.

Por sorte, temos leis que regulan. Temos a Lei de prevención e defensa fronte aos incendios forestais, que define as faixas de xestión de biomasa e diversas redes (primarias, secundarias e terciarias), e é unha lei que especifica aos propietarios forestais que son responsables da xestión da biomasa nesas faixas e da retirada delas de especies como o piñeiro e o eucalipto. Así mesmo, a Lei de montes de Galiza pois indica as distancias mínimas a respectar polas novas repoboacións forestais.

Pero desde o BNG pensamos que unha das vías máis áxiles precisamente para conseguir que se cumpran as leis é colaborar coas comunidades de montes veciñais, porque é por onde pasan este tipo de redes, e estas comunidades saben xestionar moito terreo e ao mesmo tempo soen ser un bo exemplo para o resto de propietarios.

Pero non imos negar que moitos propietarios o que entenden é o monte para rendibilidade. E para isto pois non cabe dúbida de que o eucalipto é a especie máis rendible, entendendo, iso si, rendibilidade como ganancia e investimento. E no habitual modelo de xestión nunha



plantación de eucaliptos o investimento xa o exerceron, porque nin sequera hai novos cadros de persoal, non se quitan os tocos e é máis rendible que rebroten.

Se nos centramos nun modelo de xestión normal cunha plantación de eucaliptos, é dicir, comprando semente, atopamos que non resulta tan rendible. O eucalipto só se considera rendible para montes dunha calidade media-alta que permiten un alto nivel de mecanización, pero o problema que temos en Galicia é que temos pequenas propiedades forestais, que esas teñen unha escasa mecanización e aí ese mínimo xa non se consegue.

Por outra parte, aínda que fose rendible, non hai que confundir valor e prezo. As consecuencias do monocultivo do eucalipto son nocivas: degradan o solo, intensifican a perda de materia biolóxica na terra e axudan á rápida propagación do lume. Ademais, son alelopáticas e funcionan case como unha especie de herbicida sobre a superficie boscosa.

Entón, a pregunta sería: ¿que lles dicimos a aqueles propietarios de terras forestais que simplemente queren gañar canto máis diñeiro posible no prazo de tempo máis curto? ¿Que resposta se lles pode dar?

Primeiro poderíamos dicir que os bosques, por extensión a natureza, non é só dos donos da terra. Todos temos a obriga de coidar este país, de coidar esta natureza. E non todos os propietarios son iguais; unha cousa é os que saben tratar os cultivos forestais e outra moita moitos particulares que nin tan sequera viven no rural e que en moitos casos non saben nin que son propietarios. E o que lles teño que dicir é que non existe ningunha alternativa ao eucalipto que non teña custo, pero, se non pensamos nunha alternativa, pois imos a un desastre ecolóxico. E hai que valorar o tempo libre, o espaxamento, o coñecemento, a cultura, os espazos naturais, que xeran un valor que non se pode pagar.

Como conclusión, unha nova política forestal. Evidentemente pode ser unha empresa moi titánica e deberíase —cremos nós— converter a moratoria do eucalipto nunha gran panca de cambio, nunha grande oportunidade, que só poderá nacer e crecer coa decidida e clara actuación da Xunta, pero co convencemento tamén das asociacións produtoras e transformadoras e, sobre todo, da gran maioría da sociedade galega, para dicirlle que xa abondou ese monopolio, esa degradación e destrución dos nosos bosques e montes, e facer un verdadeiro uso multifuncional dos montes, cunha industria forestal industrial potente, diversificada, sostible e respectuosa coa nosa idiosincrasia, coa nosa natureza, co noso propio país, que debemos coidar.

Hai alternativa ao eucalipto e incluso o piñeiro, e poden ser alternativas rendibles e moi interesantes para os propietarios forestais e, polo tanto, tamén para a industria. O que fagamos agora determinará o futuro, e se non facemos nada, dentro dunhas décadas, mirarán cara a atrás e preguntáronnos: ¿que foi o que fixestes? Desde o BNG queremos que nunca ninguén poida dicir que polo menos non o tentamos.

Polo momento é todo. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Valcárcel.



Para dar resposta ten a palabra a señora conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Moitas grazas, presidenta.

Deputados e deputadas, boas tardes a todos e a todas.

Coma sempre, os deputados e as deputadas do BNG xogan coas cifras e utilizan as que máis lles conveñen e esquecen oportunamente aquelas que non lles interesan.

Empezarei dicindo que o Goberno da Xunta de Galicia e nomeadamente esta Consellería do Medio Rural apostan por un monte sustentable dende o punto de vista ambiental, económico e social, por suposto, señorías. *(Aplausos.)* Un monte multifuncional, con aproveitamentos madeiros, para pasteiros, para castañas, para cogomelos, para froito e tamén para o lecer; un monte ordenado que xere riqueza e postos de traballo; un monte eficiente de cara á neutralidade carbónica para alcanzar no ano 2040.

Por estes obxectivos que acabo de citar levamos traballando arreo nos últimos anos, aprobando plans e leis e poñendo en marcha todo tipo de iniciativas que nos axuden a conseguilos. Así, no ano 2020, a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia asinaba un convenio coas universidades de Vigo e de Santiago para a creación do Inventario forestal continuo de Galicia. E fixémoslo, señorías, para contar cun sistema de información estatística que recollese con certeza a realidade do monte galego. Ata ese momento só se contaba co Inventario forestal nacional, que computaba en décadas e, polo tanto, non era capaz de dar unha visión actualizada da situación desas masas forestais. A creación deste inventario foi fundamental para tomar decisións en materia de política forestal.

Doutra banda, traballabamos ao mesmo tempo no Plan forestal de Galicia 2021-2040, un instrumento de planificación a longo prazo para o monte, que naceu do consenso de escoitar todos os sectores implicados, e no que quedou moi claro cales eran as intencións deste goberno: ter unha superficie de eucalipto equilibrada, expandir a superficie de coníferas e mellorar as áreas de bosques de frondosas autóctonas.

Neste contexto aprobouse unha lei fundamental para a xestión da terra agroforestal de Galicia, que ten como finalidade a recuperación das terras para uso agrícola, gandeiro e forestal, o apoio á actividade agrícola das explotacións agrarias, o fomento da aplicación de prácticas agrícolas que contribúan ao mantemento dos ecosistemas e incrementen a capacidade de adaptación ao cambio climático, impulsar a xestión forestal sustentable e activa, e a loita contra a degradación e o abandono dos solos agrarios, entre outros moitos beneficios. Estoulles a falar da Lei de recuperación de terras agrarias, aprobada en maio de 2021. E foi precisamente nela na que se aprobou a cuestión pola que hoxe vostedes están tan preocupados: a moratoria do eucalipto.

Como lles dicía antes, queremos unha Galicia cunha masa forestal equilibrada. E parece que non imos por tan mal camiño, señora Valcárcel, porque, segundo os resultados preliminares dese Inventario forestal continuo de Galicia, a situación é a seguinte: temos unha superficie dun millón e medio de hectáreas arboradas, das que 413.000 h son de eucalipto, 429.000 h



de coníferas e 635.000 h de frondosas; cómpre dicir tamén que hai unhas seiscentas mil hectáreas de matogueira. Estas cifras non son máis que o resultado das políticas forestais desenvolvidas ata o momento.

Respecto dos eucaliptos, non só acordamos unha moratoria ata o 31 de decembro de 2025, senón que traballamos para incrementar a xestión das masas xa existentes para que sexan máis produtivas. Neste exercicio de memoria que estamos a facer, voulles lembrar que estamos diante dunha fonte de ingresos moi importante para o rural galego. A nosa obriga é conseguir o equilibrio entre economía e ecoloxía. (*Aplausos.*)

En canto ás coníferas, estase traballando en mellorar a calidade xenética das plantacións e tamén se incentiva o repoboamento con axudas económicas. Ademais, estase a piques de rematar o plan estratéxico das masas de coníferas de Galicia, un documento que marcará unha folla de ruta clara e ambiciosa para a xestión sostible dos nosos recursos forestais.

Por último, vou falarlles das frondosas. Estase preparando a estratexia para o fomento da xestión activa das masas de frondosas, e neste sentido temos cinco eixes de intervención principal: fomentar as actividades de formación e investigación para darlles un valor engadido a esas masas de frondosas; mellorar as técnicas de reprodución e dos materiais xenéticos empregados nestas especies; promover a xestión activa con axudas específicas á reforestación, mantemento e silvicultura; potenciar a modernización das empresas que traballan coas frondosas, e considerar como prioritarias as masas destas especies á hora de asinar os novos contratos para a xestión pública na Administración autonómica.

Vanme permitir que dedique uns minutos a falar do castiñeiro, xa que este Goberno da Xunta de Galicia temos un especial empeño en crear novas áreas para a produción de castaña e de madeira. Por iso, destinamos só para eles neste ano 2024 case 1,4 millóns de euros para fomentar a súa plantación. Porque verán vostedes: o castiñeiro e o souto representan perfectamente esa filosofía coa que levamos traballando nos últimos anos, a de conseguir un monte diverso, autóctono e que xere riqueza, porque non hai que esquecer que máis de oitenta mil familias viven en Galicia vinculadas ao sector da madeira. (*Aplausos.*) Temos un monte que xera unha riqueza estimada en corenta e tres mil millóns de euros. E neste sentido creamos o Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña e mais o Plan piloto de fomento da xestión conxunta de soutos, coa finalidade de consolidar a nosa comunidade como a principal rexión en produción e exportación de castañas de España.

En canto ao Plan dos soutos, a nosa intención é seguir traballando por recuperalos por medio da xestión conxunta e convertelos en modelos para a administración doutras masas de castiñeiros no territorio galego.

Todo isto que acaban de escoitar pon de manifesto cales son as preocupacións desta consellería: seguir apostando por un monte produtivo, diverso e coidado. Tal é así que nos orzamentos do próximo ano hai destinada unha partida de 15 millóns de euros para o fomento da silvicultura, tanto produtiva como adaptativa en coníferas e frondosas.



Polo tanto, o noso interese non está en poñernos a debater sobre cuestións para as que temos un ano por diante. A moratoria finaliza o 31 de decembro de 2025, polo que hai tempo suficiente para acordar sobre as medidas máis apropiadas. E non lles caiba dúbida de que o faremos, pero tendo en conta a opinión e, na medida do posible, o consenso con todos os sectores implicados. *(Aplausos.)*

Tamén quero dicirlles que a Xunta de Galicia está plenamente comprometida co cumprimento da normativa vixente. Tampouco nos poñemos de perfil á hora de controlar a presenza do eucalipto en zonas de especial protección, e traballamos de maneira conxunta con Medio Ambiente e con outros departamentos da Xunta de Galicia para asegurar unha transición ordenada que respecte o medio ambiente e os intereses dos xestores do monte galego.

En definitiva, no que se está a traballar nesta consellería é en fomentar as poboacións de frondosas e coníferas, apoiando a súa plantación con liñas de axudas específicas e outras accións como os polígonos agroforestais ou a mobilización de terras. Galicia posúe unha extensa superficie forestal que desempeña un papel moi importante na economía e na sociedade galega.

Para esta consellería é fundamental ordenar e xestionar activamente os nosos montes para poñelos en valor, e niso estamos a traballar.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCCEL ARMESTO: Moitas grazas, señora conselleira, polo ton, porque sempre é importante.

Pero co que xa de principio non estou de acordo é que vostede dixo que nós mentiamos nas cifras, e despois dixo exactamente a mesma cifra que dixen eu do Inventario forestal continuo: 413.000 hectáreas. Entón, non estamos mentindo nada, estamos dicindo o que hai. *(Aplausos.)*

Tamén lle vou comentar que o que hai, recoñecido polos propios autores do Inventario forestal continuo, é aínda máis minguado do que é realmente o eucalipto que temos en Galiza, porque sabe vostede que o satélite, o Leader, na zona interior non se pasou. Entón, iso é un motivo de que esas cifras son aínda maiores.

Outro motivo tamén é recoñecido polos propios autores —que son compañeiros meus; polo tanto, seino de primeira man— que as plantacións están moi recentes, e todas esas plantacións ilegais que se produciron precisamente ao abeiro de que saía a moratoria do eucalipto no 2021, que foron moi inxentes, non se dan localizado mentres teñen un tamaño pequeno. Chegarán a localizarse, loxicamente, pero de momento non. Co cal as cifras que temos de eucalipto superan aínda esa cifra que temos oficial.



E logo os números que fixo vostede: se temos millón e medio, se fai as contas, verá que non fixo ben eses números. Saían máis ou menos dous millóns, e o que temos é un millón e medio de terreo forestal, de árbores.

Eu creo que aquí o máis importante é por que temos que empezar agora o debate da moratoria de eucalipto cando falta un ano. Pois precisamente para evitar ese efecto que fixo no 2021. No 2021 aproveitaron moitos propietarios, pois nese momento foi un efecto chamada. Nós temos que facelo con tempo para cumprir, como ben lle dicía antes, a legalidade, para cumprir a lexislación que vostedes mesmos promulgan e a lexislación que agora nos rexe no terreo forestal.

E, claro, vostede fálame de frondosas, de autóctonas. Ben sabe aquí, aínda que o debate non vai nin de vostede nin de min, senón do Plan forestal, que creo que é máis importante, pois aquí falamos de persoa de pobo a persoa de pobo, como vostede sabe, e á parte de ser unha persoa de pobo neste caso pois son filla dun madeireiro, así que algo do monte si que sei.

As partidas que vostedes dan precisamente para fomentar o das autóctonas son bastante irrisorias. A repoboación con autóctonas, loxicamente nunha contorna de calquera aldea, está demostrado que o rendemento futuro en madeira ou froito é a mellor protección que poden ter esas aldeas —xa o vimos en todos os lumes cando saen—, e son as proteccións máis interesantes desde o punto de vista ambiental, xa que supoñen ese aumento da biodiversidade e supoñen esa fixación do carbono atmosférico —agora que estamos a piques de sacar un decreto do carbono, pois son as que mellor van fixar ese carbono atmosférico—, e tamén para usos sociais.

Se nos imos entre o eucalipto e o castiñeiro, a vantaxe errónea que hai, que apoia normalmente que a xente si que elixa o eucalipto, pois é nos prazos; para a corta dos eucaliptos son poucos anos, en dez ou quince anos, mentres que unha hectárea de castiñeiros, mínimo vinte anos.

Niso, como ben lle dicía antes, unha cousa é prezo e outra é valor. Desde un Goberno haberá que apostar polo valor, polo valor que ten realmente o monte, non por un prezo. E con iso tampouco estamos facendo que ninguén perda unha ganancia, porque realmente non só hai os eucaliptos, non só hai unha madeira de pouca calidade nos nosos montes, hai piñeiros que se viron tamén moi prexudicados estes últimos anos, precisamente pola proliferación do eucalipto. Hai o resto de especies, especies todas que poden ser tamén moi rendibles, e que non se aposte pola que eu creo que é urxente apostar, porque non se pode soportar máis a cantidade de eucaliptos que temos.

Entón, eu o que lle pido é esa reflexión, que pensemos nese Plan forestal, que pensemos dunha vez que é o que queremos deixar para os nosos fillos e fillas, e facer esa reflexión conxunta: que vostedes apoiem que a moratoria do eucalipto é necesaria, e é necesaria prorrogala polo menos até o 2030 e acompañando tamén con Portugal. E aí pódolle podo recordar os incendios que se produciron en Portugal, que nós, por sorte, neste verán non tivemos, pero que se temos unhas condicións climáticas extremas, semellantes ás que tiveron en Portugal, é coñecido como a regra dos trinta: temperatura de máis de 30 graos, humidade at-



mosférica do 30 por cento, velocidade do vento superior a 30 quilómetros/hora e máis de 30 días sen precipitacións, pois nós tamén podemos sufrir exactamente os mesmos incendios.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señora Valcárcel.

A señora VALCÁRCCEL ARMESTO: E creo que é moi importante ter claro que, primeiro, ten que estar salvar as persoas, diso que vai por diante, o de salvar calquera economía, porque o que necesitamos é, primeiro, pensar nas persoas, nos galegos e nas galegas que habitan e que queren desfrutar dun monte —como dicíamos— multifuncional.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

Empezaba a miña primeira intervención dicindo que son vostedes especialistas en ler e interpretar as cifras como lles convén, e mantéñome niso e explicareino.

Di un dito xornalístico que «a realidade non che estrague unha boa historia», a vostedes non sei se lles interesa máis a realidade ou o seu conto.

No escrito que rexistraron para esta interpelación fan referencia ás plantacións de eucalipto en Europa, e tamén noutros países. Ben, señora Valcárcel, o eucalipto orixinario de Nova Zelandia non é, máis ben é orixinario de Australia, e alí hai máis de cen millóns de hectáreas.

Din que a superficie ocupada polo eucalipto na Galicia supera en extensión á doutros estados produtores desta especie, e citan, por exemplo, as plantacións de Chile, onde falan de 232.000 hectáreas; do Uruguai, 217.000 hectáreas, ou na China, onde din que hai 48.000 hectáreas.

Certo, a verdade é que non saio do meu estupor, porque non sei se dan por boas esas cifras ou fixeron como os malos estudantes, que á última hora van ao ChatGPT e buscan para alí para presentar o traballo de turno. Verán, casualidades da vida: eses datos que vostedes presentan son os mesmos que forman parte dun estudo de Greenpeace que viu a luz no ano 2011, e recollen datos dun congreso mundial sobre o mapa do eucalipto no mundo do ano 2009. ¡Datos de rabiosa actualidade, señorías!

Dese informe collen o que máis lles convén e interprétanos á súa maneira. Isto lévaos a afirmar que en todo o territorio europeo, exceptuando Portugal, Italia, Francia e España, non hai plantacións de eucalipto. Pois penso que se esqueceron de Grecia e tamén de Irlanda, por exemplo.

Aínda lles vou dar outro dato: segundo datos da FAO, dun estudo da FAO do 2020, en Chile había 1.200.000 hectáreas de eucalipto, e no Uruguai, 600.000 hectáreas. Pero o que máis



me chama a atención son esas 48.000 hectáreas que din que hai na China. A FAO di que no ano 2020 tiñan 5 millóns de hectáreas. Moito traballaron, traballadores son, pero... (Aplausos.)

¿Sabe o que son 48.000 hectáreas na China, señorías? Unha leira. E que isto mo diga calquera dos seus compañeiros, señora Valcárcel, pode ser froito do descoñecemento, pero, ¡home!, de vostede, pois sorpréndeme moito. O que xa non me sorprende tanto é esa querenza que teñen por permanecer no minifundio e por vivir no pasado. Supoño que por iso fan referencia ao Plan forestal do 1992, cando temos aprobado o do 2021, ou que se remonten a hai cincuenta anos, ao tardofranquismo, para falar da situación do monte galego.

Miren: dende hai cincuenta anos o PIB galego multiplicouse por cinco, e non foi grazas ás políticas do BNG. Entendo que teñan que ir ata o 1973 para atopar esa «Galicia de lama e fume», que tanta rabia me dá que mencionen, que tanto lles gusta —parece ser—, pero que, afortunadamente, xa é historia.

O que tamén máis me ten sorprendida é esa capacidade que teñen para mudar de opinión. Miren: o 1 de decembro do 2020 facían unha interpelación para solicitar unha moratoria do eucalipto, e tres meses despois, en marzo do 2021, mostraban o seu rexeitamento ao Plan forestal que agora citaban. E iso non foi todo, porque no mes de maio quedaron sós votando en contra da Lei de recuperación de terra agraria, que recollía a actual moratoria do eucalipto. No 2020 querían a moratoria, no 2021 votaron en contra, no 2024 pídena outra vez ata o ano 2030. ¿E que van pedir o ano que vén? ¿Van volver cambiar de opinión? Porque non sabemos o que se lles pasará pola cabeza de aquí ao ano que vén. Señorías, é que non hai quen os entendan. Como comprenderán con esta falta de rigor e criterio é difícil facer un debate serio.

Pero como nós somos un Goberno que considero responsable e que sente un gran respecto polos galegos e as galegas, voules demostrar como é en cifras o noso traballo. Incrementamos en 10.400 hectáreas a superficie de frondosas e coníferas nos últimos catro anos, con máis de 32 millóns de euros en axudas. Polo tanto, o noso compromiso co monte galego considero que é visible e cuantificable. (Aplausos.)

A moratoria do eucalipto remata o 31 de decembro do 2025. ¿E saben que dicía a miña avoa? «De aquí a aló aínda cen ca(n)s comen cen pa(n)s». Toda a decisión que se tome ao respecto será abordada dende un punto de vista técnico, a través do diálogo e do traballo cos sectores implicados.

O que nos preocupa e ocupa neste momento é seguir fomentando a plantación de frondosas e coníferas, con liñas de axuda específicas para esta cuestión, así como para a consolidación e rexeneración das xa existentes.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Froito desta política, podemos dicir ben orgullosos que, no día de hoxe, do millón e medio de hectáreas arboradas máis dun millón son de frondosas e coníferas.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión, que se reiniciará ás dezaseis horas.

Bo proveito a todos e todas.

Suspéndese a sesión ás tres horas e once minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Pregunta de D^a Patricia Iglesias Rey e D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o cumprimento das obrigas contidas na Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día.

Non sei se dicir presidente ou conselleiro, ou presidente en funcións.

Hoxe comezamos a falar aquí. O outro día, o secretario xeral, José Ramón Gómez Besteiro, e mais eu fixemos unha visita ao cemiterio de Santa María do Val, en Narón, onde se estaban a reiniciar os traballos nunha fosa común, na cal se estima que hai máis de medio centenar de vítimas do franquismo. Uns traballos que se poden realizar, grazas ao labor do Goberno de España, dende o ano 2018 porque estiveron oito anos de parón ininterrompidos.

En Galicia, dende o ano 2010 —coincidindo coa chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia—, desapareceron todos estes proxectos destinados á recuperación da memoria; proxectos impulsados durante o goberno de Emilio Pérez Touriño que foron aniquilados. Existía daquela un orzamento de 1 millón de euros destinado para este fin; existía colaboración coas universidades, coas asociacións, que tanto traballo fan en prol da recuperación da nosa historia; existían recoñecementos públicos a persoas que tiveron un papel importante na historia da nosa autonomía e outras moitas máis accións. E despois chegaron vostedes á Xunta —o Partido Popular— no ano 2009, e desapareceu todo isto; e todo isto, dun plumazo, méterono nun caixón, desaparecendo tamén o orzamento.

Pero como di o dito: «nunca é tarde se a dita é boa», pídlle aquí que non sigan mirando cara a outro lado e que apliquen a Lei de memoria democrática, porque, agora mesmo, despois do ano da aprobación desta lei, no ano 2022, xa non só teñen vostedes un deber moral



de neutralizar o esquecemento e de evitar a repetición dos episodios máis trxicos da nosa historia, senón que agora tamén teñen un deber legal.

Por iso lles insistimos novamente —xa en comisión falamos varias veces neste tema— en que creen vostedes agora, no orzamento de 2025, unha partida dedicada á memoria que permita unha planificación de actividades complementarias a ese plan de localización e de exhumación de fosas que o Goberno de España está a levar a cabo. E nós pedimos que se dedique esta partida do orzamento de 2025 —que nós, ademais, presentamos como emenda— a actividades como o fomento da investigación; o impulso de programas de divulgación que inclúan o relato das vítimas, abordando especificamente o papel da muller —que si que somos nós as grandes olvidadas e esquecidas do relato histórico—; a declaración de lugares de memoria democrática, como é, por exemplo, a illa de San Simón; a retirada de símbolos e de elementos contrarios á memoria democrática, aínda moitos presentes no noso territorio; a conmemoración do día 31 de outubro —que, ademais, coincide co día que se aprobou a Constitución española do ano 78—, como o día de referencia ás loitas individuais e colectivas dos homes e mulleres galegos na conquista dos dereitos, das liberdades e da democracia, así mesmo, como tamén o día 8 de maio, como día do recordo e da homenaxe ás vítimas do exilio, en consecuencia da guerra e da ditadura que moitos sufrimos, ademais, no noso territorio.

Por iso, señor conselleiro, pídolle que vostedes poñan, dende Galicia, barreiras aos radicalismos e que aproben unha partida complementaria a esta. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

Señorías.

Dicía, na pregunta do Grupo Parlamentario do Partido Socialista, se o Goberno galego vai cumprir coas obrigas contidas na Lei 20/2022, do 19 de outubro, da memoria democrática. E como non podería ser doutro xeito, o Goberno galego cumpre coa normativa vixente; polo tanto, a resposta á pregunta que me formula é clara: si, cumprimos as obrigas contidas na Lei de memoria democrática. Facémolo coa normalidade que require o respecto e o cumprimento dunha norma que está vixente dende outubro do ano 2022. É así, porque —como imaxino que vostede sabe— participamos de forma activa en todas as reunións que convoca a Secretaría de Estado de Memoria Democrática, dependente do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática.

O pasado 6 de xuño celebrouse a última xuntanza da Conferencia Sectorial de Memoria Democrática, na cal se estableceu un plan de traballo para este ano e fíxose a repartición de fondos. O BOE do pasado 17 de outubro dá fe do acordo aprobado daquela polo Consello Territorial de Memoria Democrática, e, como é lóxico, executamos o plan de traballo que nos



asignou o Goberno central para localizar e identificar o restos de vítimas da ditadura e para dignificar os lugares de enterramento dos represaliados durante o franquismo.

Así, unha das actuacións en que se está a traballar, dentro da liña estratéxica de localización, de exhumación e de identificación de vítimas é a fosa común localizada en Narón, no campamento da parroquia do Val; unha fosa que foi identificada en 2023, dentro das tarefas previstas para este ano polo Plan de memoria democrática 2021-2024 que o Goberno central impulsa para buscar e identificar as persoas desaparecidas; unha fosa común que, polos datos que dispoñemos neste momento, pode ser a máis grande de Galicia, onde se atoparía ou se poderían atopar, como mínimo, 51 persoas inhumadas dende 1936 a 1938, a maioría delas tripulantes do vapor *Dómine* e do acoirazado *España*.

Como sabe, esta intervención corre a cargo dun equipo multidisciplinar de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, coa cal o Goberno galego mantén un convenio de colaboración precisamente para desenvolver este tipo de accións e para darlle despois publicidade e publicacións; accións para as cales, ademais, tamén o Goberno galego ten a colaboración ou pon a colaboración enriba da mesa do Imelga —como non podería ser doutro xeito— para levar a cabo as tarefas forenses. Coa información que acabo de trasladarlle, espero ter disipado todas as súas dúbidas. E, a partir de agora, teña claro que, como sempre fixemos e faremos, o Goberno cumpre e acata a lexislación vixente.

Pero temos outras actuacións —que me quedan dez segundos—. Hai varias liñas prioritarias: a liña 1, dedicada á localización, á exhumación e á identificación, na cal intervimos no cemiterio de San Miguel de Cabreira, en Salvaterra de Miño, na fase 1, e na fosa do cemiterio de San Vicente de Soutelo, en Salceda de Caselas, na fase 1. Na liña 2, de divulgación dos traballos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...como o *Estudo histórico sobre o impacto da violencia franquista en Celanova...*,

O señor PRESIDENTE: Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...na fosa de San Breixo, na fase 2.

Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

A verdade é que non me disipa moitas dúbidas, porque eu coñezo perfectamente o que están a facer e como iso forma parte dun plan do Goberno central para traballar 557 fosas en todas



as comunidades autónomas. É un plan ao cal Galicia se sumou nesas conferencias interterritoriais e nas cales asumiu os tres proxectos que vostede me nomeaba. Pero estamos a falar dun plan do Goberno de España con fondos do Goberno de España.

En Galicia aínda hai documentadas 461 fosas e só se interveu en unicamente 27, e non se remataron esas intervencións. Os orzamentos da Xunta dedicados a este fin —vostede sabe tamén— son cero euros —cero euros— dende o ano 2010. Polo tanto, non hai vontade de cumprimento da lei porque o cumprimento da lei non só implica a localización e a exhumación de fosas, senón que tamén implica moitas outras actividades, que nomeaba na miña primeira intervención, que van cara ao recoñecemento da nosa historia, sobre todo de todas aquelas persoas que loitaron pola liberdade e pola democracia no noso país, porque é a única forma de recordalos para que non se esquezan.

E, polo tanto, nós o que queremos é que o Partido Popular de Galicia dea un paso cara adiante no cumprimento desta lei — desta lei de recoñecemento, desta lei de recuperación e de reconciliación co noso pasado— e que se separe da actitude que están a manter os líderes do Partido Popular doutras comunidades autónomas ou incluso o líder do Partido Popular a nivel estatal, o señor Feijóo, é dicir, dese branqueamento do fascismo e dese pacto con VOX, que está a negar as leis de memoria, incluso recorrendo contra as mesmas ante os tribunais e substituíndoas, alí onde goberna, por outras leis mal chamadas «leis da concordia». Polo tanto, o signo máis evidente de que o PPdeG é distinto é que este dea un paso cara adiante e que en Galicia se fagan políticas distintas, se cumpra a lexislación estatal en materia de memoria, acepten a nosa emenda aos orzamentos, na cal pedimos un millón e medio de euros dedicado a unha partida para a recuperación da memoria, e así, poder seguir traballando con todas as actividades que se estaban a facer durante os anos de goberno...

O señor PRESIDENTE: Grazas

A señora CASTRO REY: ...de Emilio Pérez Touriño. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señoría, sinto moito que non se lle disipen as dúbidas, porque está bastante claro.

Eu coincido con vostede en que a conquista e a consolidación da democracia en España foi o logro histórico máis significativo de todo o conxunto da sociedade española. Non comparto as críticas que fai vostede ao Goberno galego, señoría, pola aplicación desta lei. Unha cousa é a opinión que cada un de nós poida ter acerca dunha lei e outra moi distinta é o obrigado cumprimento dunha norma estatal vixente por parte da Administración autonómica.



Que non nos guste esta lei non é ningún segredo; de feito, no seu día o Grupo Popular votou en contra dela cando foi tramitada no Congreso. Nós apostamos por unha lei que defenda a convivencia democrática dunha sociedade que aspira á xustiza e ao recoñecemento da verdade, e non compartimos a imposición dun relato oficial que nada ten que ver co relato histórico —pero iso xa o sabe—. Pero unha cousa distinta é que cumpramos coa lei.

Que opinemos distinto non acredita a acusación que vostede pretendeu verter aquí, nin acredita acusacións nin referencias a outros territorios e, moito menos, pactos con partidos que aquí non existen, nin inflúen nin teñen ningunha presenza. Por tanto, para defender a lei —¿que quere que lle diga?—, non creo que haxa que facer ese tipo de acusacións.

Debería saber vostede que o Goberno central é o que aproba e, en consecuencia, determina o Plan cuadrienal de memoria democrática. É nese plan no cal se fixan os obxectivos e as prioridades que deben rexer as actuacións en materia de memoria democrática durante os catro anos de vixencia e no cal se consigna o orzamento. ¿Parécelle que a lei non é suficientemente taxativa ao respecto? Pois o Goberno decide que se fai, cando se fai e distribúe os fondos para facelo. Por certo, a Galicia, de 3 millóns de euros, asignoulle 76.000 euros. Moita implicación con Galicia non debía ter, pero iso é outra cousa do Goberno central que a min non me importa. Polo tanto, deixa pouca marxe á interpretación.

E dicíalle eu na primeira resposta que na reunión de outubro foi cando se fixaron as necesidades do ano 2024. ¿A vostede parécelle que iso é dilixencia por parte do Goberno? No mes de outubro o que había que estar facendo era planificando as actividades do ano que vén. Fíxese, esta mesma semana o conselleiro de Facenda trouxo o orzamento do ano que vén. Sería unha tomadura de pelo que trouxese o orzamento do ano 2024 e falase do ano 2024. ¿Non cre vostede? Polo tanto, se tanto lles preocupa —creo—, poden mellorar bastante a xestión do Ministerio; e poderían facelo con tempo.

E, dende logo —como xa lle expliquei na primeira intervención—, a Xunta de Galicia colabora en todo o que está fixado nese plan. Non hai ningún atranco da Xunta de Galicia. E colaboramos economicamente con ese convenio coa Universidade de Santiago e tamén coa posta á disposición dos traballos do Imelga, que tamén levan unha cuantificación económica, aínda que non lla cobremos a ninguén, pero loxicamente é unha asignación de recursos públicos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...para unha finalidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o continxente de emerxencias mobilizado pola Xunta de Galicia para apoiar as persoas afectadas polas inundacións en Valencia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.



A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

«Estamos moi orgullosos de vós e de como se fixo o traballo. Demostrastes que temos uns servizos de emerxencia magníficos».

Boa tarde, conselleiro.

Comezo coas palabras que empregou o presidente Rueda o pasado venres no encontro que mantivo co persoal de emerxencias no seu regreso de Valencia. Despois dos graves sucesos acontecidos como consecuencia da DINA, Galicia volveu demostrar —como non podía ser doutro xeito— que é unha terra solidaria, tanto cos nosos profesionais como con moitísimos galegos e galegas que se están a volcar.

A de Valencia foi unha traxedia que sentimos preto, e, por iso, de xeito inmediato, xurdiron iniciativas dirixidas para desprezar esforzos. Días despois, a pesar da situación que estaban pasando, os veciños damnificados mostraban o seu agradecemento: «Sodes unha marabilla», dicíalles un veciño a Borja e a Leandro, que, ademais de axudar, se lembraron ata de levar un saco de castañas a Valencia. En Sedaví, din que bautizaron unha rúa como a Avenida dos Galegos pola colaboración que prestaron. Son pequenas anécdotas que nos enchen de orgullo pola pegada que deixou Galicia nunha situación tan grave. Temos un exemplo mesmo neste Parlamento, porque un compañeiro do meu grupo prestouse voluntario para viaxar a Valencia e ser un máis, como fixera noutras catástrofes nas que tamén foi como voluntario. (*Aplausos.*) Gustaríame recoñecer brevemente o labor de Ángel Rodríguez Conde, que traballou na Rambla de Poio, en Alfafar e en Massanassa. Estamos moi orgullosos del. Pero fago extensivo o noso recoñecemento para todos os que estiveron alí, de todas as institucións e de todas as cores políticas. Nunha situación así, el e outros representantes políticos deixaron claro que non son nin deputados nin alcaldes; son profesionais galegos que poñen os seus coñecementos en emerxencias por enriba de todo.

Penso que desta traxedia aprendemos moitas leccións, pero hoxe quero destacar a necesidade de colaboración entre españois sen importar as cores políticas. Creo que as comunidades autónomas entenderon, pero o Goberno central non tanto. Por todo isto, preguntolle: ¿que valoración fai o Goberno galego do continxente de emerxencias mobilizado en apoio das persoas afectadas pola dina en Valencia? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

A verdade é que a magnitude da traxedia acontecida hai dúas semanas en Valencia fai obrigado, en primeiro lugar, trasladar o pésame a todas as familias das vítimas. Eu creo que



despois de escoitar moitos dos efectivos que estiveron alí, dende o punto de vista vital ningún está preparado para enfrontarse a unha situación tan dura coma esta. É moi difícil esquecer todo o que alí se viu e o grao de devastación que se causou.

En segundo lugar, é obrigado agradecer e recoñecer o esforzo e o traballo que levaron a cabo as máis de trescentas persoas que conformaron o continxente que saíu dende Galicia, que se mobilizou dende Galicia para traballar en Valencia. Hai dúas palabras que resumen esa satisfacción, que son «agradecemento total» e sobre todo as verbas que eles mesmos escoitaron alí da poboación. Agradecemento polo excelente traballo feito durante estes días, que denota unha alta cualificación dos servizos de emerxencia.

Galicia, como non podería ser doutro xeito, puxo dende o primeiro momento todos os recursos á disposición das emerxencias de Valencia. Por iso, o 30 de outubro solicitaron a través do 112 de Valencia un helicóptero para continuar os labores de rescate e de busca de superviventes naqueles primeiros momentos. Galicia despregou un dos dous helicópteros que ten, o Pesca 1, con base en Vigo, que fixo varias tarefas que foron encomendadas polo 112 en Valencia e regresou.

O día 2 de novembro pídenos, a través do 112 Valencia, profesionais das emerxencias. E isto é importante denotalo: que nos pedían naqueles primeiros momentos profesionais das emerxencias. Por iso fixemos unha reunión telemática urxente coa delegación do Goberno en Galicia, coa cal houbo unha cooperación total, coa FEGAMP, coas deputacións provinciais, coas que tamén houbo cooperación total, e con todos os servizos de emerxencia. E empezamos a construír un dispositivo que foi trasladado e que foi coordinado na súa totalidade polo 112.

O día seguinte, o 3 de novembro, partiu o primeiro gran continxente, que tivo continuidade o día seguinte. E é de xustiza facer unha mención individual a todos e cada un dos 316 efectivos que puxeron o seu coñecemento, a súa experiencia e a súa fortaleza física, tamén, á disposición dos damnificados. Fíxoo o presidente Rueda o pasado venres, cando fixo un agradecemento e unha dación de grazas a todo este continxente, a todo o operativo despregado: aos 82 membros de protección civil procedentes de máis dunha vintena de concellos; aos 116 bombeiros municipais dos consorcios provinciais e tamén de Navantia; aos oitenta efectivos da Consellería do Medio Rural —temos a sorte de ter entre todos eses un deputado deste Parlamento—; aos vinte integrantes dos GES; aos seis efectivos da Unidade de Policía Autonómica; aos cinco membros do Grupo de Apoio Loxístico da Intervención, da Axega; aos catro efectivos das unidades caninas; e aos tres técnicos de emerxencias e Interior. E especial mención...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente. Continúo na réplica. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Prado.



A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Efectivamente, conselleiro, Galicia e a Xunta de Galicia puxeron todo da súa parte para botar unha man. Pero hai outros, os de sempre, que incluso en situacións de absoluta emerxencia coma esta non saben medir o seu afán de protagonismo e a súa política retorcida. A CIG, que algúns din que é un satélite do BNG —eu máis ben digo que hai un sindicato que ten un partido; e é verdade que a CIG ten un partido, que é o BNG— non tardou nin un só día desde a saída do continxente en facer exixencias á Xunta de Galicia. Non esperou nin un día para criticar e dicir «non temos ningunha información ao respecto». Cando o prioritario nese momento era axudar de forma urxente. Pois non. En vez de poñerse a carón de Galicia, en vez de poñerse a carón da emerxencia que requiría, pois investiu o tempo en enviar un escrito a dúas secretarías xerais e a unha dirección xeral de tres consellerías da Xunta. A verdade é que non sorprende a súa actitude, porque sempre é a mesma, pero estou segura de que os galegos non queren un partido que pon paus nas rodas cando hai unha catástrofe.

E o PSOE tampouco ten que presumir, tal como se demostrou esta mañá na comparecencia da señora Ribera no Congreso e agora na tarde no Senado, pois escondeuse cando o seu país máis a necesitaba. E como demostra Sánchez, esperando un mes para dar conta da traxedia no Congreso.

Para rematar, señor conselleiro, señorías, eu reitero o orgullo deste grupo polo compromiso amosado estes días por miles de galegos e galegas anónimos, así como polos profesionais das emerxencias que citou o conselleiro e que voluntariamente se ofreceron a botar unha man. Galicia seguirá dispoñible para calquera nova colaboración que precise Valencia ou calquera outra comunidade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Galicia está para axudar e non para enviar comunicados partidistas nos momentos críticos dunha catástrofe.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidente.

Dicía na última intervención que especial mención merecía o subdirector xeral de Protección Civil, Antonio Grandas, que todos eses días estivo alí en Valencia á fronte, coordinando todo o operativo. E tamén aos operadores do 112, que no día da catástrofe e os días seguintes —como estou seguro de que foi noutras comunidades autónomas— tamén estiveron traballando, e sempre están aí, aínda que moitas veces non se vexan. Polo tanto, é un motivo de orgullo para Galicia.



O despregamento de medios materiais, que coído que é importante. Foron decenas de vehículos todoterreo, furgonetas, remolques para emerxencias, motobombas, bulldozer, tractores, balsas pneumáticas, bombas de achique, equipos de excarceración, drones, material de rescate acuático de alturas, xeradores e tendas de emerxencia. As accións realizadas foron a busca de vítimas desaparecidas pola costa e na desembocadura do río, o achique de auga en baixos e sotos, a retirada de vehículos, traballo manual, tamén, de cepillado das rúas e retirada de barro e escombros. E actuamos en Paiporta, Albal, Catarroja, Alfafar, Picanya, Massanassa e a zona de Albufera. Polo tanto, eu creo que se algo se viu é que, efectivamente, os servizos de emerxencias en Galicia están sempre preparados, están dispostos a saír e, loxicamente, a colaborar naquel territorio e naquela parte de España onde se nos necesite.

Pon de manifesto a necesaria coordinación. En calquera emerxencia a coordinación é fundamental. Por iso, neses primeiros días insistiamos en que non se trataba de enviar medios indiscriminadamente, senón aqueles medios que as emerxencias en Valencia necesitaba. E chegar alí de maneira coordinada, porque, se non, loxicamente non se atenden as necesidades que temos alí.

Estamos inmensamente orgullosos dese traballo, de todo o traballo que despregaron en Valencia eses días, e coído que ademais a xente en Valencia llo recoñeceu a todo o dispositivo de Galicia que estaba alí presente. Como saben vostedes, foi retirado a semana pasada, o cal non quere dicir que non existan algúns galegos que poidan estar traballando neste intre en Valencia prestando axuda.

E tamén son fundamentais esas prácticas que facemos, eses simulacros que se fan en moitas ocasións, e a implicación de toda a sociedade neses simulacros. Ou ese sistema que vimos que era necesario, que se empregou en Valencia, ES-Alert, que acababamos de empregar na provincia da Coruña cun simulacro na factoría de butano da Coruña, e que alerta os veciños. Polo tanto, levar a cabo eses plans e todos eses protocolos é fundamental.

E recordo que no mes de setembro neste Parlamento trouxemos a revisión do plan Inungal. Hai moitos concellos en Galicia que teñen a obriga de ter un plan aprobado. No día de hoxe aínda non os teñen. Eu supoño que isto servirá para que moitos concellos se dean conta desa necesidade. Hai moitísimos máis que teñen unha recomendación para que elaboren ese plan, esperemos que o fagan a tempo e que nunca os colla unha situación coma esta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o grao de transparencia que ofrece o Goberno galego para a fiscalización da súa xestión

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Iglesias Rey.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.



Boas tardes a todos e a todas.

O PP non quere que se investigue nada, señor conselleiro. Converteron a comisión de investigación constituída para investigar as irregularidades da contratación pública nun auténtico paripé. Deixárona baleira de contido. Así de simple. Podemos darlle voltas, pero é así de simple. É un auténtico despropósito que no día de hoxe saibamos a lista de comparecentes polos medios de comunicación e nin sequera foi entregada a documentación requirida polo PP no seu plan de traballo.

O PP é o responsable de que se prive de coñecer a verdade e de que se prive de que compareza o máximo responsable do Goberno galego durante trece anos, Alberto Núñez Feijóo, que está a destacar en Madrid pola súa incoherencia, pola súa pel camaleónica e por esas ansias de poder desmesuradas. Todo vale, absolutamente todo; caia quen caia. E no socialismo galego sábeno ben.

De verdade que o digo con convencemento, señor conselleiro. Non podemos normalizar nunha democracia avanzada que existan empresas de círculo persoal e familiar —irmá e cuñado do señor Feijóo— que puideran ter un trato de favor na contratación pública das distintas entidades do Goberno galego.

E vou falar de indicios certos. O primeiro, o incremento significativo exponencial do importe adjudicado en millóns de euros a estas empresas. O segundo, hai abuso de contratos menores, esas contratacións a dedo —sábeo ben, señor conselleiro—, que son ilegais se hai fraccionamento do obxecto do contrato. É dicir, que se trocean facturas para que o importe sexa inferior a 15.000 euros; evidentemente para evitar que se vaia a un concurso público e que outras empresas poidan concorrer. E saben ben que se hai abuso ou trato de favor nos seus fraccionamentos do obxecto do contrato, tamén hai sentenzas penais condenatorias e de responsabilidade contable por esta práctica irregular e ilegal, señor conselleiro. Terceiro, foi o mesmiño que pasou na contratación de emerxencia: concentración en mans dunhas poucas empresas coas que curiosamente hai vínculos familiares e persoais. E cuarto, o exceso de custo deses 470 millóns de euros na contratación do Hospital Álvaro Cunqueiro, baixo a fórmula de colaboración público-privada, que fixeron que ao mellor non se analizasen outras opcións; ou si se fixo, pero ese informe de Price agora acaba de denegarse e declararse confidencial. Construíron un hospital máis pequeno e máis caro, señor conselleiro. E, polo tanto, como non temos tampouco as socialistas de Galicia esperanza de que nesa comisión de investigación se poña luz e taquígrafos, preguntolle: ¿por que o Goberno galego limita as posibilidades de fiscalización do seu labor, reducindo a transparencia sobre a súa xestión?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.



O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):
Grazas, presidente.

Señoría, o que é pouco transparente para comezar é o texto da súa pregunta, porque había que facer un exercicio divinadorio para saber que estaba a preguntar, señoría. Literalmente, o teor da pregunta di: «a urxencia vén dada pola inmediatez de feitos sucedidos, que precisan dunha explicación rápida». ¿Que feitos? (*Risos.*) Sería de agradecer que na súa exposición citasen polo menos a que feitos se refiren para que trouxese aquí unha información... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, neste intre; iso é facer trampa, señoría, se quere ter un debate parlamentario rico e honesto.

Sorpréndeme que vostede suxira que o Goberno galego limita as posibilidades de fiscalización do seu labor, cando sempre estamos á disposición dos grupos parlamentarios para calquera tipo de xestión. Antes de escoitala hoxe... Ía preguntarme sobre diferentes cuestións, entre elas algunha cuestión orzamentaria, como vai facer con posterioridade o señor Ojea. Pero non, agora comprobo que vai falar sobre as normas de funcionamento da comisión de investigación sobre os contratos da Administración autonómica.

Ao respecto, quero reiterarlle que se cumpriron todos os preceptos do Regulamento desta Cámara sobre o asunto. E non é a opinión miña, do Goberno galego, que pode non darlle credibilidade, senón que así o concluíron hai dous días os servizos xurídicos do Parlamento nun informe asinado por todos os letrados, baseándose no artigo 84.1 do regulamento da Cámara, como ben sabe. Entre outras cousas, o que sinalaron literalmente —isto si que é literal— é que «unha vez creada a Comisión de investigación, tanto as normas de funcionamento como o plan de traballo e os outros acordos sométense ao principio democrático de adopción de acordos por maioría». E tamén apuntan que non se alterou o obxecto da comisión, xa que di literalmente tamén este informe: «Todos os grupos parlamentarios tiveron ocasión de defender o contido das súas achegas e propostas, de replicar as propostas dos demais e produciuse, ademais, a votación de todas elas con carácter previo á votación da proposta do plan de traballo elaborada pola mesa da comisión. Polo tanto, non sei a que vén a súa proposta e a súa valoración. En definitiva, os letrados desta Cámara concluíron que os acordos tomados pola mesa da comisión e pola propia comisión axustáronse, segundo quedou exposto, ao previsto no regulamento e as normas reguladoras dela. Por tanto, señoría, ata o momento todo se fixo como debía, ao meu entender.

Dito isto, quero reiterar que o Goberno galego está á disposición do Parlamento e dos grupos da Cámara para respostar tantas veces como sexa requirido. Señoría, eu mesmo comparecín noutras comisións parlamentarias e mesmo, unha vez que así o acorden os grupos tamén, por suposto comparecerei nesta comisión. Xa comparecemos alomenos nove veces para falar en temas de materia de transparencia dende o ano 2022 e, como dicía, eu mesmo, unha vez que se solicite a miña comparecencia, así o farei.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Señor conselleiro, está como representante do Goberno galego da comisión de investigación. Xa lle dixen que non tiña esperanza en que realmente... Porque é un auténtico paripé. Non estamos a falar do tema da comisión de investigación; está aquí como representante do Goberno galego. Ao mellor tamén se confunde nesa foto que fixo o sábado co tema do Grupo parlamentario do PP presentando ese autoemenda á lei de medidas. Dígolle que o Goberno galego ten como premisa, e debe ter, que as súas decisións políticas deban atender ao interese público, ao interese xeral. Iso significa non xestionar para intereses particulares ou de partidos políticos ou con vínculos familiares e persoais acreditados en indicios obxectivos.

Os socialistas —por certo, que falaba do cumprimento do regulamento— temos pendente que se conteste a seis solicitudes de requirimento de documentación contractual rexistradas o 21 de agosto de 2024, pendentes. Opacidade e falta de transparencia, *modus operandi* do PPdeG. Mesmo patrón.

Logo deste debate, no que non me pareceu construtivo a súa resposta, teño que comentarlle —tamén desde o cariño— unha serie de indicios: ¿pode haber abuso ou trato de favor en 1.311 facturas asinadas entre 2018 e 2023 polo Goberno galego por preto de cinco millóns de euros a favor de empresas con vínculos familiares co señor Feijóo? Máis de douscentos cincuenta contratos a dedo ao ano, que supón case un contrato por día que se adxudica a estas empresas do grupo. ¿Pode haber fraccionamento cando se repiten o contrato co mesmo órgano de contratación co mesmo obxecto mes a mes e se trocean as facturas en contratos de seguridade do Sergas, servizos de limpeza do Consorcio de Servizos Sociais, nos servizos de escolas infantís e da Compañía de Radio Televisión de Galicia? E, fóra xa, nos peores tempos da pandemia —e non estou falando de sumministración de máscaras ou subministración de respiradoras—, ¿pode haber trato de favor nun contrato de servizo de rastrexo adxudicado a unha empresa onde é directiva a irmá da parella do señor Feijóo, que, segundo o informe do Consello de Contas, carecía de solvencia técnica, non contratou antes co Sergas e á que se lle adxudicou máis de catorce millóns de euros durante a pandemia e continuaron os contratos agora?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Señorías, reitérolle que o Goberno galego está á disposición deste Parlamento para dar resposta a todo o que formulen os grupos parlamentarios. Non me faga trampa e non me saque todos eses temas agora, que non preguntou sobre eles. Xa falaremos ben polo miúdo de todos



eses temas que solicitou vostede agora mesmo na Comisión de investigación, porque estou ávido de verlle a axeitada resposta. Perda coidado. *(Aplausos.)*

Tamén quero dicirlle que os socialistas non están tampouco para dar clases de exemplaridade, transparencia e calidade democrática despois do que está a acontecer no Congreso dos Deputados nestes días e de ter un presidente do Goberno que afirma que se pode gobernar sen ter en conta o poder lexislativo, malia o que acaba achegarme a min; ou de ter un presidente do Goberno de España que elude esta mesma semana o control parlamentario por unha viaxe. Tome exemplo do señor Rueda: primeiro sesión de control e logo viaxe, e non ao revés. *(Aplausos.)*

Como dicía, o Goberno galego está comprometido coa transparencia e con render contas do seu labor. E non só o dicimos, senón que o aprobamos, e cada vez aprobamos máis instrumentos para facelo posible. Actuamos coa práctica. No ano 2015 aprobamos un programa de impulso democrático. No ano 2016 puxemos en funcionamento o Portal de Transparencia do Goberno aberto. No ano 2017 creamos un apartado específico no portal de transparencia para publicar as consultas previas á elaboración da normativa autonómica, co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento. No ano 2021, fomos a primeira comunidade autónoma en aprobar un plan xeral de prevención de riscos e xestión de medidas antifraude, señoría. No ano 2021 tamén demos un novo pulo á participación cidadá, creando un portal específico de participación e un visualizador de procesos participativos abertos destacados. Como consecuencia destes esforzos, no ano 2023 realizáronse 121 procesos participativos, na súa maior parte no proceso de elaboración de normas xurídicas e instrumentos de planificación, e recibíronse 1.217 suxestións. E xa para este ano 2024 creamos un novo apartado para a publicación doutros procesos participativos cos que poder testar a opinión da cidadanía de xeito máis flexible sobre cuestións de interese para toda a cidadanía.

En definitiva, señoría, un Goberno que non só aposta pola transparencia, senón que a practica e, como acabo de relatar, mellora ano a ano todos os instrumentos de participación cidadá.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, sobre o tratamento orzamentario da Xunta de Galicia á provincia de Ourense.

O señor PRESIDENTE: Señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Benvido e grazas por comparecer, señor conselleiro.

Como seguramente sabe, ao longo das sucesivas sesións da comisión 3ª, o meu grupo analizou os orzamentos do ano 2025 dende a perspectiva territorial, tratando de avaliar



en que medida en cada unha das partidas repercutían os seus investimentos previstos na provincia de Ourense. (*O señor Ojea Bouzo mostra un gráfico.*) Fixen aquí uns diagramas de sectores moi bonitos; a provincia de Ourense é a que corresponde coa cor amarela. E, mire, voulle dicir rapidamente: Consellería de Vivenda, Planificación e Infraestruturas: Ourense, 17,9 por cento; A Coruña, 43; Lugo, 17; Pontevedra, 21. Obvio os decimais, porque non son relevantes agora mesmo. Mire, consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional: Ourense 9,99 por cento; o resto: Pontevedra 28, Lugo 10, A Coruña 50. Mire, sempre a cor amarela en moita menor proporción que o resto das cores. E a Consellería de Sanidade: Ourense 10,42 por cento; Pontevedra 27,84; A Coruña 49,65; Lugo 12,08. Consellería do Medio Rural: Ourense, 8,27 por cento; Lugo 7,7 — neste caso aínda menos Lugo—; Pontevedra, 13,15; A Coruña, 70,80 por cento. No caso da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración: Ourense, 7,03 por cento do investimento previsto; a Coruña leva o 71,33 por cento. Xa se ve aquí a cor azul que corresponde en todos os diagramas á provincia da Coruña, sempre moito máis relevante. Aquí está igualado practicamente co de Lugo, na Consellería de Economía e Industria, pero Ourense segue quedándose co 7,39 por cento.

Entón, con estes precedentes, que seguramente xa coñece, a pregunta voulla ler tal e como foi rexistrada textualmente, para que non me riña como lle reñiu a Patricia. Entón, léoa tal e como foi rexistrada: «Neste contexto, gustaríanos saber que accións correctoras ten previsto empregar o Goberno galego da Xunta ao longo do exercicio 2025 para paliar os efectos desta discriminación —refírese, lóxicamente, á discriminación da provincia de Ourense—. Así mesmo, gustaríanos coñecer que mecanismos específicos e que previsións ten para evitar que esta situación se repita, tanto neste exercicio como nos futuros orzamentos que se vaian elaborar». Sobroume tempo, señor presidente, non se queixe.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor Ojea.

Moi bonitos os cadros. Fáltalle incluír a poboación diana de cada servizo. Porque os servizo préstanse ás persoas. Entón, se temos en conta iso, que temos que o once por cento da poboación de Galicia está na provincia de Ourense, un dezasete por cento do orzamento da vivenda non me parece tan cativo. Ou, se temos en conta que un nove por cento da poboación escolar reside en Ourense e se temos en conta ademais que hai dúas universidades na provincia da Coruña, un dez por cento do gasto da Consellería de Educación tampouco me parece tan cativo. E, se temos en conta ese once por cento da poboación, que se realice un trece por cento do gasto total en sanidade na provincia de Ourense igual tampouco parece tan cativo. Pero bueno, era un apunte que lle quería facer.



Agradezo a oportunidade que me ofrece para volver falar dous días despois dos orzamentos, logo dun intenso debate que xa tivemos, no que vostede puido tamén ter intervido. O primeiro que lle quero indicar é que cando este Goberno planifica cada exercicio e os seus investimentos faino atendendo as necesidades de todos os galegos e de todas as galegas, con independencia de onde residan. Porque, como dicía antes, os servizos préstanse ás persoas. Pode haber algunha política de gasto máis vencellada ao territorio, pero nestes casos os servizos públicos fundamentais van intimamente ligados ás persoas.

Polo tanto, por suposto que atendemos as necesidades de Ourense. Pero tamén, como é lóxico, atendemos as do resto das provincias. Somos un goberno que traballa para o benestar de todos os galegos, —insisto— vivan onde vivan.

En relación a Ourense, como xa tiven ocasión de indicarlle en comisión no trámite dos orzamentos, se existe unha discriminación esta é positiva. Porque temos claro que unha Galicia con futuro é unha Galicia cun territorio máis cohesionado e con máis oportunidades. Obviamente, como tamén lle comentei, os investimentos nun ano concreto dependen do grao de maduración de certos proxectos e da fase na que están. Pero, reitero, como norma, este Goberno aposta polo reequilibrio territorial. Así, cada ano, non só para o vindeiro exercicio, senón cada orzamento, orzamento a orzamento Ourense recibe un investimento per cápita sensiblemente superior á media. Polo miúdo, para o 2025 a Xunta dedicará a Ourense 5.742 euros por habitante, moi por riba das provincias da Coruña —4.449— e de Pontevedra —4.318 euros por habitante—.

Os do vindeiro ano son uns orzamentos que buscan reforzar o investimento en toda Galicia; pero, reitero, dentro deste reforzo investidor, un exercicio máis, temos un obxectivo que é marca do noso Goberno: axudar a reducir as fendas territoriais. Ademais, esta é unha aposta continuada no tempo, pois dende o ano 2021 Ourense é a provincia na que máis medrou o investimento total da Xunta de Galicia, un 27,8 por cento, seguida da de Lugo, cun 25,6 por cento. Os orzamentos do ano 2025 inclúen un conxunto amplo de actuacións e investimentos na provincia de Ourense, algo que xa viñamos facendo coa regularidade incluso antes de que vostede chegase a esta Cámara. Procederei a citarlle algúns: seis millóns de euros para o Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Ourense; catorce millóns para rematar a obra BIC de Monterrei; dous millóns de euros para o novo edificio da Delegación da Xunta en Ourense; tres millóns para a mellora da accesibilidade e mobilidade sostible en paradas de autobús, aparcadoiros e sendas; 1,6 millóns para mellorar a eficiencia enerxética nos centros de interpretación do parque natural da Baixa Limia e do Invernadoiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Son só algunhas das actuacións que imos realizar na provincia de Ourense. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Hai outro turno despois.

Réplica, señor Ojea.



O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Os contraargumentos sóanme coñecidos, porque son practicamente os mesmos que se dicían nas comisións.

Voulles recordar que a loita contra o despoboamento faise investindo. Se vostedes non invisten na provincia de Ourense precisamente porque non ten poboación, ou argumentando que ten moita menor densidade de poboación, loxicamente a xente marchará de alí a lugares onde haxa máis oportunidades de traballo e de calidade de vida e no seguinte exercicio haberá aínda menos xente e aínda terán unha desculpa para investir menos. Loxicamente, esa espiral negativa terana que tratar de reverter. Porque se é o argumento é que se inviste en función do número de poboación, loxicamente, cando se perde a poboación vaise investir menos, ese menor investimento vai repercutir aínda en que se despoe máis etcétera etcétera.

E logo, claro, ten o argumento do investimento per cápita. Loxicamente, se a poboación é moi pequena a pouco que se orce nesa provincia, a cifra per cápita vai ser maior. E, loxicamente, se quedan catro persoas en toda a provincia a pouco que se invista nela o investimento por cabeza, por persoa, —que é o que significa per cápita— vai ser moito maior. Entón, non sei exactamente que clase de argumentos son eses. Precisamente dalgunha maneira están dando a razón aos nosos argumentos. Se invisten menos, precisamente porque hai menos poboación, o que terán que facer será tomar medidas para que se incremente a poboación; e iso conseguírase investindo máis.

E, segundo, o investimento per cápita volvo dicir que me parece un pouco surrealista. Loxicamente se a poboación diminúe, se hai despoboamento, tocan a moito máis por cabeza, a pouco que se invista, cada unha das persoas. Entón, bueno, volvo insistir no que se lle pide implicitamente na pregunta. A pregunta leva implícito un pequeno imperativo, que é o que no futuro traten de reverter...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, señor conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Bueno, quero insistir en que os servizos públicos fundamentais se planifican para as persoas, neste caso para os galegos e galegas. Por tanto, o lóxico é que onde hai máis habitantes haxa un maior investimento. Acabo de acreditar en que nas políticas que vostede mesmo citou non se está investindo o mesmo per cápita; estase investindo moi por enriba da cápita. Polo tanto, si que se está investindo con factores reequilibrantes.



Pero, dito isto, quero lembrarlle que non é vostede o único que defende eses investimentos en Ourense; todos os grupos que están aquí representados teñen deputados e deputadas que defenden os investimentos en toda Galicia e, en particular, na provincia de Ourense; en particular, o Grupo Popular ten oito deputados que están habitualmente defendendo os intereses da provincia ourensá.

Polo tanto, antes de que remate o meu tempo querería engadirlle outros investimentos previstos nestes orzamentos para a provincia de Ourense, a ver se así calmo o seu acervo investidor: 10,23 millóns de euros para o Parque Tecnolóxico de Galicia; un millóns de euros para o vial de acceso ao CHUO dende a nacional 525; un millón de euros para a obra de circunvalación leste de Ourense; 27 millóns de euros —a contía máis alta— para o Plan director do CHUO, a renovación das oficinas de emprego do Carballiño e do barrio ourensán da Ponte; 1,7 millóns de euros para reforzar as bases aéreas contra incendios de Muíños, Antela, Támega e o Barco de Valdeorras; 15,6 millóns para obras en centros educativos, como o novo IES de Pereiro de Aguiar, o CIF da Farixa en Ourense ou a ampliación do IES de Chamoso de Lamas no Carballiño; 27 millóns de euros para actuacións do IGVS na provincia, co foco posto na rehabilitación e no impulso da construción de vivendas para alugueiro social; 8 millóns para construír vivendas de alugueiro social na praza de Cambedo da Raia na cidade de Ourense; 4,2 millóns de euros de mellora en vías de comunicación no rural da provincia; ou o Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, con 2,5 millóns de euros para o CIS de Ourense, 1,6 millóns de euros para o centro de saúde da Rúa e obras para os centros de Muíños e Borborás, con 0,5 e 0,7 millóns de euros respectivamente.

Toda unha batería de investimentos para que o ano que vén se cubran e atendan as necesidades dos ourensáns e as ourensás en todos os eidos. E, ademais do previsto para o ano 2025, na pasada lexislatura —na que vostede non estaba aquí, pero tamén se investía xa en Ourense— a Xunta tamén fixo grandes investimentos na provincia de Ourense. Por citarlle algún, Ourense foi a primeira cidade galega en contar cunha estación intermodal, antes que en ningunha outra, cun investimento de 12,2 millóns de euros. Verín contou cun polo de emprendemento tras un investimento de 4,2 millóns de euros; e Monterrei dispón xa dun parque acuático cun investimento de 5,2 millóns de euros. Porque, señoría, nunca se investiu tanto en Ourense como nos últimos anos. É o compromiso deste Goberno, do Goberno galego, seguir a facelo, en Ourense e tamén no resto das provincias galegas, por suposto.

Remato xa señor Ojea, insistindo en que o compromiso do Goberno galego con Ourense non depende da chegada ao Parlamento de ningún grupo concreto que nos veña fiscalizar, senón que o levamos facendo desde hai moito tempo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a repercusión que terá para a cidadanía a aplicación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Trenor.



O señor TRENOR LÓPEZ: Grazas, presidente.

Moi boas tardes, conselleira.

A lei 7/2022, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que promoveu o Goberno central tivo efectos negativos xa coñecidos por esta Cámara e por todos os galegos, poñendo en perigo a sostibilidade económica das empresas de xestión e tratamento de recursos, pero tamén afectando os petos dos concellos e cidadáns. E só pola aplicación do imposto á vertedura e á incineración. «Imposto aos ricos», que diría o Partido Socialista, que pagamos todos os galegos e as galegas.

Pero esta lei ten efectos aínda peores sobre as economías familiares, xa que estableceu a obriga de que os concellos creen un novo imposto, o Sanchazo, que terán que pagar todos os galegos a partir do 10 de abril de 2025, pola xestión e tratamento dos residuos. Este imposto vai ter que reflectir todos os custos dos servizos, incluíndo as campañas de sensibilización e de concienciación social.

O PSOE penaliza por igual todos os galegos, ricos e pobres, cun novo imposto que vai supoñer para todo o país case catro mil millóns de euros. Pero é que, ademais, o Sanchazo prexudica especialmente aqueles concellos que fan máis esforzo pola separación en orixe e que dedican máis recursos a actividades e campañas de educación e concienciación.

Este grupo, o Grupo Popular, mostrámonos por suposto moi críticos coa pretensión do Goberno de Pedro Sánchez de obrigar todos os concellos a establecer novos impostos como é o Sanchazo, que se vai ter que aplicar si ou si o 10 de abril de 2025. Vai supoñer un desembolso económico sen precedentes para os cidadáns, que son os auténticos sufridores da ansia recadatoria dun Executivo central que castiga os de sempre. Ademais, faino pola súa incapacidade de impulsar medidas xustas que velen polos economías familiares e o benestar da poboación.

Se ben o PSOE di que a lei estatal se enmarca na transposición da Directiva de residuos, o certo é que esta directiva non impón directamente aos estados membros a obriga de establecer taxas do lixo específicas, senón que alude á necesidade de acadar determinados obxectos para a redución, a reutilización e a reciclaxe de residuos municipais, ao tempo que dá conta de distintos tipos de instrumentos económicos e medidas para promover a xestión xerarquizada dos mesmos. Sirva como exemplo os impostos á vertedura e á incineración que distintos estrados membros non están a aplicar, ben porque consideran que non responde aos obxectivos previstos ou ben porque solicitaron moratorias.

Chama a atención, señorías, que o Goberno central pretenda sancionar economicamente os cidadáns e os responsabilice da súa incapacidade para cumprir cos obxectivos europeos en materia de residuos; cando a axuda que presta aos axentes locais na dotación de medios e infraestruturas é mínima, por non dicir inexistente, polo que teñen que ser as comunidades autónomas, e entre elas a Xunta de Galicia, as que auxilién os entes locais.

Por todo isto, conselleira: ¿que valoración fai o Goberno galego do Sanchazo? *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Trenor, a verdade é que lle agradezo que me pregunte nesta Cámara sobre unha cuestión que me preocupa de xeito moi especial. Porque a partir do 10 de abril do 2025, é dicir, apenas en catro ou cinco meses, efectivamente ten que entrar en vigor o que vostede di que é un Sanchazo. A nivel nacional tíldano como «taxazo» e eu diría que é un gran hachazo ás entidades locais, que vai repercutir, por suposto, en todos os cidadáns.

¿E que vai pasar a partir do 10 de abril, cando hai unha nova obrigatoriedade? Pois que se van asfixiar aínda máis as contas das administracións locais e, unha vez máis, vai repercutir na economía dos cidadáns, pero tamén vai repercutir na economía das empresas xestoras de residuos.

A cidadanía veremos unha vez máis como nos afectan unhas decisións totalmente impositivas do señor Sánchez. Pero non só do señor Sánchez, tamén dos seus aliados. Neste caso neste Parlamento temos uns aliados que son os señores do BNG, que despois, cando chegan os distintos impostos, fan o indicible para dicir que a culpa é da Xunta de Galicia. Non, señorías, non é da Xunta de Galicia; é dunha lei de obrigado cumprimento, da cal a Xunta de Galicia dixo dende o primeiro día que, lonxe de beneficiar o obxectivo último, que é o cumprimento das directivas, o único que ía facer é imposto tras imposto.

Pero quedámonos sós, a verdade, porque tanto os señores socialistas como os señores do BNG non dixeron absolutamente nada. Querían ir na liña que marcaba Sánchez. Pero sempre hai un porqué e despois explicarei cal é ese porqué.

Houbo desculpas, e dentro desas desculpas o que se dicía era que había que cumprir cunha directiva europea. Non, non, hai que cumprir coa directiva europea, pero Europa endexamais dixo que había que poñer impostos aos residuos e impostos aos concellos. E aquí xa entre a Asociación Nacional de Inspectores de Facenda Pública Local, que está advertindo desta regulación, que é mínima, unha normativa inconsistente que non é nada clara e cuxa aplicación vai ser caótica. Non o digo eu; iso estao dicindo a Asociación Nacional de Inspectores de Facenda Pública.

Cada concello, hoxe por hoxe, non sabe como actuar; vai facer un pouco o que queira. O que si está claro é que é unha nova taxa, que ten que ir totalmente diferenciada e que se teñen que buscar a vida. A pregunta é como van facer, que van facer os concellos, de que maneira se vai a implantar, como se vai sufragar economicamente. Por suposto, a Xunta está a carón dos concellos. Fíxoo cos impostos, sufragando un sesenta por cento, pero agora vén un novo impulso a partir do mes de abril. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Réplica, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, señora conselleira.

Non vou discutir con vostede se se chama Sanchazo, hachazo, taxazo, calote fiscal... Podemos chamarlle como queira, porque calquera desas definicións o define á perfección.

Conselleira, vostede e toda a Xunta, este grupo e eu mesmo, os concellos e tamén nos profesionais da facenda pública local xa amosaron unha preocupación fundada polo Sanchazo polas consecuencias económicas: 4.000 millóns de euros para as familias españolas. Pero tamén pola inseguridade que vai provocar aos concellos, como vostede estaba dicindo; pola mala definición da taxa, pola aplicación caótica que vai derivar en litixios dos tribunais. Caos, inseguridade e litixios; o paraíso do socialismo.

Dicía vostede, señora conselleira, que agardaba que non se falte á verdade e se responsabilice da suba das taxas municipais os concellos ou o canon de Sogama. Porque só hai un claro responsable, señorías: o Goberno central, coas súas medidas impositivas a golpe de normativa pouco clara e pouco rigorosa.

Pero, conselleira, perda toda esperanza. Está vostede a pedirle ao Goberno dos bulos, do fango e da deslealade institucional que non minta. Lembre se non, conselleira, o que ocorreu hai poucos meses co canon de Sogama: o Goberno central creou un novo imposto sobre a vertedura e valorización, eliminou a retribución que recibía Cerceda pola planta termoeléctrica e impuxo o imposto estatal de produción de enerxía. Todo isto supuxo un sobrecusto de 39 euros por tonelada na xestión dos residuos. ¿E que fixeron os deputados e alcaldes do PSOE e do Bloque Nacionalista? Botarlle a culpa á Xunta de Galicia. Polo tanto, conselleira, prepárase, porque volverán facelo; non teña a máis mínima dúbida.

E falou tamén do Bloque, porque son cómplices do Partido Socialista. Todo o sablazo do goberno central ás familias, autónomos e empresas ten como cómplices felices o Bloque Nacionalista. Non só é que sexa o nacionalismo menos útil para o seu territorio, senón que ademais é o nacionalismo máis palmero para o Goberno de Pedro Sánchez. Imposto ao lixo, o de Sogama, ao diésel, á electricidade, aos refrescos, envases, ás taxas de matriculación, do valor catastral...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Todo isto fíxose coa complicidade... *(O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Terminou o seu tempo.

Peche da pregunta, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):
Grazas, presidente.

Manifestaba na miña primeira intervención que hai un afán, e ese afán é única e exclusivamente recadatorio, por máis que intenten disimulalo. Ese afán recadatorio non para aí. É dicir, xa puxeron o imposto á tonelada de residuo, dá igual o tratamento que se lle dea. En ningunha comunidade autónoma están de acordo, pero eles tiran para adiante. Total, que máis dá, se despois dunha cousa vén a outra e agora estamos coa terceira.

Pero, cando se fai, faise por algo, señor Trenor. Porque, fíxense, tardaron moito en darnos cales eran as explicacións de porqué, de novo, no mes de abril, os concellos teñen que impoñer unha nova taxa. E aquí está a resposta que deu o señor Sánchez á Unión Europea. (*A señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Vázquez Mejuto, amosa un documento.*) Tivo que dar unha resposta porque vimos de coñecer a apertura por parte da Unión Europea dun expediente sancionador ao Reino de España en materia de residuos, por incumprimento dos obxectivos de preparación para a reutilización e tamén para a reciclaxe en todas as comunidades autónomas. E este señor tivo que responder, porque vai haber sancións. E a resposta non foi outra máis que dicir que o ía solucionar cun novo imposto —imposto, taxazo, sachazo, sablazo e o que queirades dicir— que, ao final ¿quen o vai ter que pagar? Todos os cidadáns. E aí, unha vez máis, cómplices o señor Sánchez cos seus colegas que o manteñen no Goberno.

Polo tanto, había que cumprir, como mínimo, un cincuenta por cento no ano 2020 para os residuos que se dediquen da preparación para a reutilización ou para a reciclaxe, como o caso do papel, metais, plásticos ou residuos domésticos. Hai un incumprimento e, como hai ese incumprimento, o señor Sánchez non vai axudar os concellos, que é a súa competencia única e exclusivamente; si a Xunta de Galicia, nun sesenta por cento no primeiro taxazo. E agora vén o segundo taxazo. Pero agora é que xa vai directamente a eles e obrígaos a que a tarifa vaia por separado, que fagan un estudo económico, que se repercuta integramente todos os custos, incluídas as campañas de concienciación. Pero o señor Sánchez non vai dar nin un só céntimo aos concellos.

Polo tanto, preparémonos unha vez máis, porque el xa cumpriu. Non cumpriu cos cidadáns, non cumpriu cos concellos. Despois é certo que terá os seus secuaces nos distintos parlamentos que lle terán que facer un lavado. A min aquí xa me está tardando que non o faga o PSOE ou o BNG ou os dous xuntos. Pero a realidade é que os nosos concellos, os 313 concellos galegos, a partir do mes de abril...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):
... terán unha nova tarifa, cun novo imposto...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):
...e a pagar máis os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D^a María Deza Martínez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas postas en marcha para o fomento do alugueiro accesible incluídas no Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona María Deza, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señora conselleira.

Partindo do Plan Rehabita, que foi o primeiro plan de vivenda que tivo Galicia, e das actuacións realizadas ao seu amparo, xurdiu o Pacto pola vivenda 2021-2025, que contemplaba as liñas estratéxicas para o referido período temporal en materia de vivenda, tendo en conta a situación existente naquel momento; de tal xeito que se adaptase ao contexto cambiante do sector, á situación económica en xeral e á aprobación dos plans estatais e programas europeos para servir de base á implantación de programas específicos na materia. Considérase, pois, necesario que as liñas de actuación para ese período se analizasen e consensuasen no seo do Consello do Observatorio de Galicia, onde están representados todos os sectores da vivenda.

Desa análise conxunta e da contribución de todos os representados no Consello do Observatorio da Vivenda de Galicia xurdiu ese Pacto da vivenda, que se constituía como instrumento de planificación das políticas públicas neste eido. Deste xeito, prestouse especial atención a facilitar o acceso á vivenda ás persoas con máis dificultades, con prioridade para as políticas dirixidas a fomentar o acceso en réxime de alugueiro e a incrementar o parque habitacional con este destino. Neste senso, a Xunta conta dende hai anos con programas de axudas directas ao alugueiro, tanto á poboación en xeral como aos mozos e aos colectivos máis desfavorecidos, o que supuxo entre os anos 2021 e 2023 a concesión dun total de 10.556 axudas.

Conta tamén dende hai anos cun programa de mobilización de vivendas baleiras que incentiva os propietarios para que saquen en alugueiro os seus inmobles, garantíndolles asistencia xurídica gratuíta, un seguro por impago de rendas e multirrisco no fogar; así como un programa específico de axudas para rehabilitar pisos baleiros incluídos no Programa de mobilización de vivendas baleiras para o alugueiro. E conta tamén co novo programa de axudas destinadas á construción de vivendas en alugueiro para promotores. Medidas contempladas no Pacto da vivenda das que, como recordabamos o pasado 13 de novembro na comparecencia do director do IGVS na Comisión 2^a, o Executivo galego xa ten executadas ou en execución máis do noventa e tres por cento.

Polo exposto, ¿podería indicarnos cales son as medidas que se puxeron en marcha para o fomento do alugueiro accesible incluídas no Pacto de vivenda 2021-2025?



Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señora deputada.

Efectivamente, unha vivenda accesible e unha vivenda de calidade é un dos obxectivos do Executivo galego; non de agora, senón dende hai anos. De feito, é un compromiso prioritario para o noso presidente, Alfonso Rueda, para esta lexislatura. Como ben indica, as políticas de vivenda actuais están fixadas nese Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, adoptados no seo dese Observatorio de Vivenda. E xa temos cumprimentadas o 93 por cento desas medidas comprometidas.

Como ben saben, tamén temos como obxectivo para esta lexislatura duplicar o noso parque público de vivenda. Un compromiso que xa se materializou aínda máis esta mesma semana coa constitución desa Sociedade Pública de Vivenda de Galicia, que terá entre as súas encomendas a construción e a promoción de novas vivendas de promoción pública para destinalas a eses inscritos en rexistro de demandantes. Un compromiso que nestes sete meses de lexislatura xa ten a súa materialización real: levamos máis de mil seiscentas novas vivendas de promoción pública en distintos procesos de licitación e máis da metade delas, 779, están xa en fase de construción.

Pero tamén complementados con outras medidas adicionais, como ese acordo polo que estamos a materializar a compra de 143 novas vivendas de promoción pública que destinaremos, de novo, a ese alugueiro a través do rexistro de demandantes. Ou esa rehabilitación que imos facer a través dese programa Rexurbe, polo cal temos adquirido inmobles abandonados ou deteriorados nos fermosísimos cascos históricos que temos nesta comunidade autónoma galega e ao que destinamos no ano 2025 máis de sete millóns de euros para a súa rehabilitación, posterior cualificación como vivenda de promoción pública e posterior adjudicación, a través do noso rexistro de demandantes, dun alugueiro accesible.

E, por suposto —como comentaba a señora deputada—, esas axudas finalistas, como as axudas ao alugamento desta anualidade, que xa levamos adjudicadas case o cen por cento e que suman máis de vinte millóns de euros. E, como ben dicía, na anualidade 2021 e 2023 beneficiáronse máis de dez mil cincocentos solicitantes, cun importe superior aos trinta e nove millóns de euros.

Pero temos que axudar tamén no sector da promoción e das cooperativas, para a construción e a promoción destas vivendas protexidas destinadas ao alugueiro social. E tamén levamos medidas nese sentido. E, por suposto, tamén as administracións locais e os concellos, que



teñen un papel importante e primordial nesta aposta no incremento da vivenda pública. Por iso, axudamos para a rehabilitación dos inmobles de titularidade municipal que posteriormente se destinen a ese alugueiro social ou a través dese Fondo de Cooperación no que axudamos os concellos, por exemplo, a adquirir vivendas para destinalas a esa vivenda pública.

Medidas específicas e moitas máis, coas que seguiremos sempre a traballar para, entre todos, conseguir ese obxectivo común que temos, que é facilitar esa vivenda accesible, esa vivenda de calidade e digna para todos os galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Deza.

A señora DEZA MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Grazas, conselleira.

Como acaba de debullar, o Executivo galego despregou, ao amparo do Pacto da vivenda, un amplo abano de medidas dirixidas a incrementar o parque habitacional e para garantir o acceso á vivenda, xa sexa en réxime de propiedade ou en réxime de alugueiro. E nesa liña continuará a traballar no ano 2025, cuxo orzamento prevé 101 millóns de euros para a construción de nova vivenda para alugueiro social en edificios enerxeticamente sostibles. Un orzamento no que cabe recordar que o setenta por cento procede dos fondos da Xunta de Galicia. Así como a aplicación dunha nova batería de medidas fiscais que procuran favorecer a posta no mercado de inmobles en réxime de alugueiro, como a dedución que se anunciaba o outro día por gastos derivados da adecuación dun inmovble baleiro con destino ao arrendamento como vivenda das cantidades satisfeitas polas obras de reparación en conservación. Ou a dedución de cincocentos euros por vivenda no tramo autonómico do IRPF da que se poderán beneficiar os propietarios e usufrutuarios de vivendas baleiras en Galicia que destinen ao alugueiro esas vivendas, sempre e cando a renda —como se dixo— non supere os setecentos euros ao mes. Ou a bonificación do 75 por cento no imposto de actos xurídicos documentados para a compra, construción e rehabilitación de edificios de vivendas destinadas ao alugueiro.

Sendo, pois, desde o Executivo Galego conscientes da crise habitacional que na actualidade afecta toda España e da que Galicia non é allea, a Xunta pon a vivenda no centro das súas políticas: incrementando os orzamentos, aumentando o parque público de vivenda e creando novas liñas de axudas. Namentres, dende o Estado estase a facer xusto o contrario: aplicando cada vez políticas máis intervencionistas, que o único que provocan é o detrimento da oferta.

O que é claro, señora conselleira —e que recordamos sempre nesta Cámara—, é que en España hai en torno a catro millóns de vivendas e, destas, menos do cinco por cento están en alugueiro. ¿Por que?, preguntámonos sempre. Porque a lei estatal demoniza o propietario, desprestixia a propiedade privada e é permisiva coa ocupación ilegal. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue): Grazas, presidente.

Señora deputada, efectivamente somos moi conscientes de que a vivenda é un pilar fundamental para o estado de benestar. Por iso, dende o Executivo galego estamos a traballar coa maior seriedade e o maior rigor posible. Cousa que, lamentablemente, non podemos dicir do Goberno central, que semella que está a pór o pau sobre as rodas cando fai anuncios *fakes* como o que fixo sobre o bono Alugueiro mocidade. Quero recordar que hai máis dun mes que está anunciada na páxina da Moncloa ou na páxina do Ministerio que xa se pode solicitar o bono Alugueiro mocidade, cando aínda nin sequera foron transferidos os fondos ás comunidades autónomas, que son necesarios para que as comunidades autónomas poidamos convocar ese bono Alugueiro mocidade.

Pero dende o Executivo galego non traballamos así. Dende o Executivo galego somos comprometidos. E iso demostran os orzamentos do ano 2025, que —como ben sinalaba— triplica o orzamento destinado á construción de vivenda pública, ao desenvolvemento de solo residencial e tamén á rehabilitación da nosa vivenda. E paralelamente a ese incremento orzamentario que estamos a realizar no orzamento do 2025, vén acompañado dunha serie de medidas que flexibilizan e desburocratizan os trámites necesarios para, por unha banda, facilitar a posta en servizo de solo xa urbanizable, ese solos urbanizables que temos ao longo da nosa xeografía e que levan anos sen desenvolverse. E estamos artellando medidas que permitan, a través deses proxectos de interese autonómico, esa desburocratización e converter ese solo urbano para a construción de ata 25.000 vivendas, 20.000 das cales serán protexidas. Por suposto, tamén mediante a modificación que fixemos para garantir esa cualificación permanente e indefinida das nosas vivendas de promoción pública e tamén das vivendas de protección autonómica que sexan construídas nun solo desenvolvido por promotores públicos.

Ademais, por suposto, estas medidas excepcionais, a aplicar ata o ano 2028, veñen acompañadas tamén con esas modificacións fiscais que comentaba, tanto a bonificación do 75 por cento en actos xurídicos documentados para eses inmobles residenciais que se destinen integramente ao alugueiro ou esa equiparación en canto a beneficios fiscais neses locais terciarios que muden o seu uso a residencia; ou tamén, por suposto, esa dedución de ata cincocentos euros naqueles inmobles baleiros que se destinen a alugueiro, que pode vir acompañada con esas axudas para rehabilitación de inmovible baleiro que se destine ao alugueiro con deducións ata o quince por cento de cota autonómica.

Trátase, en definitiva, de sumar accións conxuntas para que, en colaboración —repito— coas administracións locais e cos sectores implicados, deamos resposta á demanda de vivenda que ten a nosa sociedade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Remata aquí o pleno. Boa tarde.


Remata a sesión ás cinco e catorce minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	43. Pérez López, José Daniel	BNG
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	44. Pérez López, Noelia	P
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	48. Prado del Río, Paula	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
8. Campero Dorado, Cristina	P	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
9. Candia López, María Elena	P	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
13. Castro Rey, Paloma	S	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
14. Deza Martínez, María	P	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	57. Rodríguez González, Román	P
16. Fernández Alfonso, Ramón Tomás	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	62. Santamaría González, Raúl	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	63. Santos Costa, Manuel	P
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	64. Sanz Arias, Cristina	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
24. García Comesaña, Julio	P	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
25. García González, Patricia	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	68. Trenor López, Gonzalo	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
29. Grueira Fernández, Nicole	P	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	73. Vereá Fraiz, Borja	P
32. Insua Lema, Óscar	BNG	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
33. Longueira Castro, Silvia	S	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
34. López Font, Carlos	S		
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P		
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P		
37. Mato Díaz, José Manuel	P		
38. Méndez López, Lara	S		
39. Mouzo Mas, Paula	P		
40. Ojea Bouzo, Armando	M		
41. Pazos Couñago, José Alberto	P		
42. Pérez Fernández, Rosana	BNG		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

